

LITERATURA GALEGA

Mariña Arbor Aldea

I. A LITERATURA GALEGA. CUESTIÓNS PREVIAS

Antes de abordar a exposición dos distintos períodos que abrangue unha historia da literatura galega, deben abordarse dúas cuestiós. Así, deberemos reflexionar, en primeiro lugar, sobre o concepto mesmo de “literatura”, abordando despois o significado da etiqueta *Literatura Galega* e as súas características específicas, derivadas en boa medida da propia situación da lingua galega e da relación que existe entre esta e a sociedade que a sustenta¹.

1.1. Concepto e función de “literatura”

Concepto de definición complexa, tal como sinalaron a maioría dos autores que se achegaron desde un punto de vista teórico ó concepto “literatura”, tamén a demarcación dos seus límites é complexa e non está exenta de dificultades. Esta complexidade pone de manifesto nas reflexiós e nas diferentes solucións que os estudiosos ofreceron para a definición do termo.

Dende un punto de vista histórico e filolóxico, o vocáculo *literatura* –e os seus equivalentes románicos (*literatura* en castelán, catalán e portugués, *littérature* en francés, *letteratura* en italiano), e tamén algúns non románicos, como o inglés *literature*– deriva por vía culta da voz latina LITTERA. Segundo Quintiliano, *literatura* constitúe un calco do grego *grammatiké* (formado sobre *gramma*, ‘letra’). Nun principio, o cultismo latino facía referencia á arte de ler e de escribir, e relacionábase con dúas disciplinas básicas da cultura grecolatina: a Gramática e a Retórica. Aproximadamente ata o século XVIII, o contido semántico do lexema *literatura* foi substancialmente idéntico ó do seu étimo, aludindo á ciencia en xeral e, máis propiamente, á do home de letras. Na segunda metade desta centuria prodúcese unha profunda evolución semántica do termo, en consonancia coas transformacións que sofre a cultura europea nese período, que pasa a designar unha actividade específica do home de letras e, en consecuencia, a produción resultante de tal actividade, caracterizada esteticamente pola beleza. Cara a finais do terceiro cuarto dese século, literatura indica o conxunto de obras literarias dun país, asociándosele ó substantivo un cualificativo

¹ Unha boa panorámica das relacións establecidas entre lingua e sociedade ó longo da historia en Galicia pode verse en H. Monteagudo, *Historia social da lingua galega*, Galaxia, Vigo, 1999; véxase tamén A. Figueroa-X. González-Millán, *Communication littéraire et culture en Galice*, L’Harmattan, Paris-Montréal, 1997.

determinativo: sintagmas como *literatura española*, *literatura francesa* ou *literatura italiana* fóreronse volvendo frecuentes a partir das tres últimas décadas do século XVIII. Nos anos finais da década dos oitenta do século ilustrado, a voz *literatura* adquire un novo e importante matiz semántico, comezando a designar o fenómeno literario en xeral, xa non circunscrito a unha literatura nacional en particular: empeza, pois, a denotar a noción de creación estética, que desenvolve unha específica categoría intelectual e unha forma concreta de coñecemento –neses momentos o termo *ciencia* especialízase fortemente e *literatura* deixa de incluír os escritos de carácter científico–. Ó longo dos séculos XIX e XX a evolución proseguiu e ampliáronse as acepcións do vocábulo, designando un conxunto de obras relacionadas entre si pola pertenza a un determinado xénero ou pola súa temática ou obxectivos comúns, entre outros².

Se problemática é a definición de “literatura”, tampouco é pacífica a delimitación do que é específicamente literario, dado que non existen uns criterios sólidos para definir con precisión os trazos caracterizadores da *literariedade*. Considerando a literatura como un acto de comunicación, os criterios deberán nacer dunha reflexión de conxunto que teña en conta os tres piares básicos desta comunicación: o emisor (autor), a mensaxe (o texto) e o receptor (público)³. Segundo a recapitulación que realiza Estébanez Calderón⁴ sobre as reflexións que nos últimos anos tentaron dar resposta a estas cuestións, pódese afirmar que: 1) é o feito da súa aceptación pola comunidade o que lle confire o estatuto social de feito literario; 2) esta aceptación responde a uns valores ou “calidades” de orde artística, presentes no texto, cun significado que depende da “intención do autor”; 3) trátase dun acto de comunicación particular, diferido, pois – salvo na enunciación secundaria da representación teatral– emisor e receptor non comparten tempo nin espacio; 4) considerada a obra como un acto de comunicación verbal, o valor estético maniféstase na “forma” en que se expresa a mensaxe; 5) a relevancia da forma vén provocada pola maior presencia de certos recursos fónicos e morfosintácticos que contribúen a “desautomatizar” a mensaxe e converten a lingua literaria nunha forma artística, diferenciada da lingua cotiá; 6) os trazos peculiares

² Cfr. V. M. de Aguiar e Silva, *Teoria da Literatura*, Livraria Almedina, Coimbra, 1993 [8^a ed.; 1^a ed., 1967], pp. 1-13; véxanse tamén pp. 14-42. A bibliografía sobre a teoría da literatura é amplísima; a título ilustrativo, consúltense máis abaixo o epígrafe *Bibliografía sobre teoría e análise da literatura*.

³ Cfr. C. Segre, *Avviamento all'analise del testo literario*, Einaudi, Torino, 1985, p. 1. Véxase tamén R. Escarpit, “La definition du terme littérature”, en *Actes du III Congrès de Littérature Comparée*, Mouton, The Hague, 1962, pp. 77-89, recollido en R. Escarpit (dir.), *La littérature et le social. Éléments pour una sociologie de la littérature*, Flammarion, Paris, 1970, pp. 259-272.

⁴ D. Estébanez Calderón, *Diccionario de términos literarios*, Alianza, Madrid, 1996, s.v. *Literatura*.

desa linguaxe artística son a plurisignificación e a connotación, e 7) un elemento clave do texto literario é a ficcionalidade.

Parece, polo tanto, evidente que o concepto “literatura” non é un concepto inmutable, senón que evolucionou nas súas definicións ó longo da historia. E así debe quedar patente para os alumnos. A literatura é un concepto en gran medida convencional: é literatura o que unha época intúe que é literatura⁵. E non en todas as épocas existe a mesma concepción do que debe entrar ou non a formar parte do canon literario⁶.

As funcións que ó longo da historia lle foron atribuídas á “literatura” non son menos complexas. Sen deternos nun exame exhaustivo de cada unha delas, e limitándonos a unha presentación xeral das mesmas, debemos considerar que a poética occidental, dende Horacio, lle atribuíu á literatura unha dobre función, a pedagóxico-moral e a pracenteira: é o *aut prodesse aut delectare*⁷, que informa os textos producidos, por exemplo, ó longo de toda a Idade Media. Só a partir do século XVIII se afirma, entre os románticos alemáns, a idea da autonomía da beleza, fronte ás esixencias de orde práctica, estendéndose a tese da “arte pola arte”. Entre as funcións más importantes que lle son atribuídas á literatura figuran a de ser fonte de coñecemento, a de servir, a través dos textos, de vehículo de transmisión de valores, normas e sistemas dunha comunidade ós seus membros, a de transmisión de cultura, a función liberadora e gratificadora, a función de evasión, a de compromiso, e, incluso, no campo do ensino da lingua, a función de aprendizaxe dunha lingua a través da lectura de obras dos grandes escritores. Aguiar e Silva sintetiza ben a cuestión nestas palabras:

¿Por qué no admitir una función plural de la literatura? La literatura es vehículo de evasión, pero puede ser también notable instrumento de crítica social; la literatura es instrumento de catarsis, de liberación y apaciguamiento íntimos, pero es también instrumento de comunicación, apto para dar a conocer a los demás la singularidad de nuestra situación, y capaz de permitir, por tanto, que nos comuniquemos a través de lo que nos separa⁸.

⁵ H. R. Jauss, “Littérature médiévale et théorie des genres”, *Poétique*, 1, 1970, pp. 79-101. Véxase tamén Aguiar e Silva, *Teoria da Literatura*, pp. 30-40.

⁶ Véxase Aguiar e Silva, *Teoria da Literatura*, p. 114.

⁷ Horacio, *Epistula ad Pisones*, vv. 333-334 (citamos por V. M. Aguiar e Silva, *Teoría de la literatura*, Gredos, Madrid, 1972, p. 44).

⁸ Aguiar e Silva, *Teoría de la literatura*, p. 101.

Visto o concepto xenérico de literatura, analizaremos de seguida a definición de “literatura galega”.

1.2. Concepto e delimitación de “literatura galega”

Se, como acabamos de sinalar nos parágrafos precedentes, a delimitación do concepto “literatura” presenta numerosos problemas, a súa aplicación ó dominio galego non fai máis ca complicar a cuestión. En efecto, non é dodata a definición dos feitos designados coa etiqueta “literatura galega”, pois os criterios aplicados na súa delimitación son varios e non está, ningún deles, exento de problemas. No presente manual servirémonos dun primeiro criterio delimitador, de natureza filolóxica, e dun segundo de orde sistémica, tal como a crítica especializada vén facendo nos máis recentes traballos publicados sobre este tema.

Se consideramos literatura dun país aquela que está escrita na lingua dese país, coa etiqueta “literatura galega” designaremos a formulada no código lingüístico propio de Galicia, a lingua galega. Emerxente durante a Idade Media, praticamente reducida á nada entre os séculos XVI e XVIII, en vivencia paralela á lingua na que se formula⁹, a literatura galega foise convertendo, a partir do século XIX, co paulatino habilitamento da lingua galega para a expresión estética, nunha realidade ou, en palabras do profesor A. Tarrío, nunha “verdade sólida e irreversible”¹⁰.

Do estudio desta realidade, e seguindo este criterio, quedarán excluídos, polo tanto, aqueles textos redactados noutras linguas, aínda que estean ou estivesen moi próximas, xeográfica ou lingüisticamente, ó idioma galego, e aínda que fosen elaborados por autores galegos ou aínda que foquen temas galegos. Este criterio de índole filolóxica, que está detrás desta primeira delimitación ou definición de literatura galega, foi assumido tanto por R. Carballo Calero¹¹ como por A. Tarrío¹² nos seus

⁹ Véxase R. Mariño Paz, *Historia da lingua galega*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1999 [2^a ed.; 1^a ed., 1998]; Monteagudo, *Historia social*.

¹⁰ A. Tarrío Varela, *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Xerais, Vigo, 1994, p. 10.

¹¹ “Concibo nista obra a historia da literatura galega como a exposición das realizacións e do desenrollo da fala galega no orde literario. Íste é o senso máis doado e natural que cabe atribuir á expresión ‘historia da literatura galega’. Técnicamente, é o idioma empregado o que caracteriza ás distintas literaturas. Cando falamos da literatura alemá, non coidamos nos poemas que escribiron en francés Goethe ou Rilke. As novelas de Pierre Loti pertencen á literatura francesa, inda que se desenrole a súa acción en países esóticos. Nen a nacencia do autor nen os ambientes descritos son criterios axeitados pra determinar a incrusión das obras dentro dos marcos dunha ou doutra literatura. Os *Seis poemas galegos*, de Federico García Lorca, son literatura galega. *La Colmena*, de Camilo José Cela, é literatura castelá, malia o novelista ter nado en Padrón. Por moi galego que poda ser o mundo de *Los pazos de Ulloa*, tampouco

traballos, xa clásicos, de historia da literatura galega, e é reivindicado máis recentemente pola profesora D. Vilavedra “como especialmente axeitado para definir un caso coma o galego”¹³,

En primeiro lugar, porque estamos a falar dunha literatura sen estado, de modo que o peso dos elementos institucionais e a utilidade das fronteiras políticas, resultan praticamente inútiles á hora de fixar os seus lindes, á inversa do que, por exemplo, pode acontecer ó falarmos de “literatura chilena”, na que a valencia lingüística é moito menos pertinente para definila fronte a outras como a uruguaias ou a guatemaltecas, mentres que si funcionan como determinantes os factores político-institucionais. Ademais, o devandito criterio permite integrar no sistema os autores alófonos, de prolífica tradición entre nós dende a literatura medieval. Por outra banda, trátase dun criterio coherente coa praxe imperante no noso contexto cultural á hora de abordar os estudos literarios, baseada na distinción de base lingüística entre literaturas nacionais e que fixo destas o seu obxecto de estudio dende que no século XIX eclosionaran os nacionalismos europeos [...]¹⁴.

Este primeiro criterio debe, aínda, ser complementado con outro, de orde sistémica, xa que, deste xeito, será posible dar conta de toda unha serie de factores que, doutro modo, quedarían excluídos do estudio do feito literario galego e que se revelan de enorme interese para a súa análise e comprensión global: pensemos na relación que existe entre o discurso literario e a historia da colectividade que o produce, no proceso de selección da lingua galega como vehículo de expresión artística, no comportamento do lector e das institucións, na configuración do campo literario ou na relación que se establecen con outros sistemas literarios. Non en van, con este criterio

supérase unha concepción territorialista da literatura, e pásase a entendela como un discurso emitido nun determinado espacio público, espacio que pode abranguer dende diversas unidades xeopolíticas ata realidades poboacionais suprateritoriais como a da emigración, sen a cal non se podería entender a literatura galega. Por

compre clasificar ista obra dentro da literatura galega. Entendo por literatura galega a literatura en galego. [...] Niste libro é o idioma o que nos serve pra escolmar o material do noso estudio. Seguimos un criterio, pois, filolóxico, que nos parece o máis científico, xa que o idioma é o estornento da literatura” (R. Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, Galaxia, Vigo, 1991 [3ª ed.], p. 11. Véxanse tamén, nese mesmo manual, as páxinas 12-13).

¹² Tarrío, *Literatura galega*, pp. 9-10.

¹³ D. Vilavedra, *Historia da literatura galega*, Galaxia, Vigo, 1999, p. 15.

¹⁴ Vilavedra, *Historia*, pp. 15-16.

outra banda, o devandito criterio dálle protagonismo ós fenómenos sociais e institucionais que interveñen na constitución do campo literario, garantindo o funcionamento do discurso literario como unha actividade cultural, e que tamén regulan os paradigmas (diacrónicos, xenéricos, estéticos...) nos que se crean os textos literarios que nunca aparecen *ex nihilo*. Polo tanto, a pertenza dun texto a un ou outro sistema literario determinábase *tamén* pola súa aceptación dos mecanismos de distribución, canonización e institucionalización autóctonos: editoriais, certames, crítica, así como pola asunción dun repertorio básico de normas estético-literarias consensuadas polas instancias que participan no propio sistema, tales coma valores xerarquizadores, modelos intertextuais cos que dialogar, modalidades xenéricas orixinais, etc. E isto pode facerse, ademais, nunha lingua específica coma no caso da literatura galega, o que sen dúbida engade un plus de autonomía ó sistema, que é tanto como dicir unha poderosa “*raison d'être*”¹⁵.

Establecida a substancia ou o contido que recobre a denominación “literatura galega”, cómpre, aínda, establecer ulteriores lindeiros. Así, a este respecto, só se considerarán obras susceptibles de estudio neste manual aquelas que aproveiten o código lingüístico galego de comunicación para conseguir con el unha instancia simbólica diferente á que ten a lingua no seu intercambio cotián, denotativo e referencial. Xa que logo, quedarán inicialmente excluídas ou fóra de consideración neste manual tódalas obras que non presenten unha intencionalidade ou unha posible interpretación estética. Máis en concreto, e xa referíndonos a autores e fenómenos puntuais, non se terán en consideración os autores que, tendo obra en galego, desenvolveran esta con finalidade informativa, científica ou non estética en xeral – pensemos en moitas obras históricas, matemáticas ou xornalísticas, por poñer un exemplo–. As figuras intelectuais que traballan en campos extraliterarios, así como as súas creacións, serán consideradas polo seu valor histórico-cultural e, nese sentido, só terán unha presencia, cando así o requiran, nese contexto histórico-cultural. En canto ó ensaio, un xénero de perfís moi difusos na literatura galega, farase un comentario puntual sobre a súa aparición e desenvolvemento, nomeadamente vinculado a determinados movementos como a Época Nós, en canto constitúe un indicio da normalización da literatura galega.

En canto á periodización, a historia da literatura, e a literatura galega non constitúe caso á parte, está subdividida en períodos identificados con distintos criterios e

¹⁵ D. Vilavedra, *Sobre narrativa galega contemporánea. Estudios e críticas*, Galaxia, Vigo, 2000, p. 14.

denominados con apelativos diferentes. O concepto de período é complexo e de difícil definición, polo que non nos imos deter na súa explicación, por outra parte allea ós nosos obxectivos¹⁶. Partindo destas consideracións, seguiremos no presente manual a división da literatura galega en catro grandes períodos, que se corresponden con etapas xa ben asentadas nos estudos literarios e consagradas polos máis cualificados analistas das letras galegas¹⁷: a Idade Media, os denominados Séculos Escuros, o Século XIX e o Século XX. Á súa vez, estas etapas serán desglosadas en temas, organizados segundo un criterio xenérico, criterio este que tampouco está exento de problemas, pois a reflexión sobre os xéneros literarios é unhas das cuestións más controvertidas da teoría e praxe literarias¹⁸. Neste manual adoptaremos os tradicionalmente aceptados pola historiografía literaria: poesía, novela, relato e teatro.

1.3. Fontes para o estudio da literatura galega

As fontes principais dunha materia de tipo literario son, obviamente, os textos. Neste capítulo, titulado precisamente *Fontes da materia*, non citamos especificamente as edicións das obras literarias –si as antoloxías– obxecto de análise nesta manual, edicións que se recollerán na bibliografía particular de cada tema. Aquí abordaremos os instrumentos bibliográficos de tipo global. Para os ámbitos más específicos, cada tema aporta a súa bibliografía pertinente (edicións e estudios).

Dividimos esta sección en dúas partes segundo o soporte “físico” no que se encontre o material de consulta: *fontes de tipo “tradicional”* e *fontes en soporte electrónico*. As primeiras recollen a bibliografía principal en soporte papel, accesible de modo directo en librerías e bibliotecas, e que, polo tanto, non require ningún coñecemento técnico previo para a súa consulta. As segundas agrupan os instrumentos de traballo electrónicos, xa sexan disquetes, material en formato CD-Rom ou, incluso, arquivos hipertextuais accesibles a través de Internet. Este último tipo encóntrase en

¹⁶ Cfr., entre outros, Aguiar e Silva, *Teoria da Literatura*; Ch. Bouzais, *Analyse de la periodisation littéraire*, Editions Universitaires, Paris, 1972; R. Wellek, *Historia literaria. Problemas y conceptos*, Laia, Barcelona, 1983; C. Guillén, *Teoría de la historia literaria*, Espasa-Calpe, Madrid, 1989.

¹⁷ Son as etapas que trazan, entre outros, A. Tarrio na súa *Literatura galega* e, con algunas matizacóns, D. Vilavedra na súa *Historia da literatura galega*.

¹⁸ Cfr. M. A. García Gallardo, “Géneros literarios”, en D. Villanueva (coord.), *Curso de teoría de la literatura*, Taurus, Madrid, 1994, pp. 165-189, e C. Mello, *O ensino da literatura e a problemática dos géneros literarios*, Livraria Almedina, Coimbra, 1998.

pleno período de expansión, nun proceso de desenvolvemento e ampliación continuos que lle afecta tamén á rede informática Internet, que medra sen pausa¹⁹.

1.3.1. Fontes de tipo “tradicional”

A modo de preliminar, é necesario sinalar que as particulares condicións nas que se desenvolveu a literatura galega determinaron de forma decisiva o panorama crítico e bibliográfico da mesma xa dende o seu renacemento, en pleno século XIX. A “ausencia moi notoria de crítica de interpretación seria, analítica e minimamente obxectiva (e non só de tipo inmanentista, senón tamén contextualizadora e comparatista) ata hai moi poucos anos”, o “amoreamento cuantitativo do patrimonio literario, sen reparar na súa dimensión estética e sen ponderar a efectiva dignificación que aportaban á causa que pretendían defender, enriquecer e enxalzar” e o feito de que “unha boa parte da crítica literaria galega” se desenvolvese “tradicionalmente en publicacións periódicas, diarias ou doutra cadencia, e non en monografías exentas, en libros”, características sinaladas polo profesor A. Tarrío²⁰, condicionarán en boa medida a selección bibliográfica aquí recollida.

A bibliografía que acompaña cada tema organizouse atendendo esencialmente, por un lado, ós grandes períodos históricos nos que se pode articular a literatura galega e, por outro, ás necesidades concretas dos temas. Segundo este criterio, atoparase unha bibliografía xeral para cada unha das épocas sinaladas, Idade Media, Séculos Escuros, Século XIX e Século XX, e unha bibliografía parcial, específica para cada tema en concreto.

Como sinalamos en páxinas anteriores, a literatura galega non se desenvolveu, salvando a súa etapa medieval, en situación de normalidade. Esta consideración pódese facer extensiva ós estudios que versan sobre ela, que non sempre se serviron das canles convencionais e tradicionais. Por iso, na bibliografía que acompaña o presente manual

¹⁹ No mercado están saíndo á luz diferentes manuais que dan conta da importancia da xestión, do acceso, de listas de foros, ... Destacamos E. Krol, *The Whole Internet. User's Guide and Catalog*, O'Reilly, Sebastopol, 1992; B. P. Kehoe, *Zen and the Art of the Internet. A beginner's Guide*, Prentice Hall, Englewood Cliffs, 1993; G. P. Landow-P. Delany (eds.), *The Digital Word. Text-Based Computing in the Humanities*, The MIT Press, Cambridge-London, 1993; F. Marcos Marín, *Informática y humanidades*, Gredos, Madrid, 1994; G. Adamo, *Bibliografia di informatica umanistica. Informatica e discipline umanistiche*, Bulzoni, Roma, 1994; C. Moreno Hernández, *Literatura e hipertexto: De la cultura manuscrita a la cultura electrónica*, Universidad Nacional de Educación a Distancia, Madrid, 1998; J. M. Lucía Megías, *Literatura románica en Internet: los textos*, Castalia, Madrid, 2002.

²⁰ Tarrío, *Literatura galega*, p. 15.

están presentes múltiples referencias a artigos de prensa nos que conxuga o saber científico e rigoroso coa necesidade de divulgación. Neste sentido, algunha da mellor crítica sobre a literatura galega haina que procurar neste medio –a prensa escrita–, e non só nos Suplementos de Cultura ou de Artes e Letras, onde se concentra máis seriamente, senón tamén nas páxinas diarias, nas que se localizan comentarios verbo da actualidade literaria de grande interese. Xornais como o vespertino, xa desaparecido, *La Noche*, de Santiago, ou *La Región*, de Ourense, onde tanto escribiu Vicente Risco, ou *Faro de Vigo*, nos tempos do mellor Cunqueiro, mantiveron acesa a chama do galeguismo, exclaustránda das (poucas) revistas e boletíns de iniciados para darlla a coñecer ó gran público. A mesma consideración pódese facer extensiva ós xornais que, con posterioridade ou aínda neste momento, publican, tanto nas súas páxinas como nos seus Suplementos especiais, unha gran cantidade de interesante información e crítica: *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *El Correo Gallego* ou *O Correo Galego*, entre outros.

Só resta salientar o dato de que a revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* confeccionou, dende 1944, unha exhaustiva “Bibliografía de Galicia”, que cómpre consultar para calquera estudo de literatura galega. Da mesma maneira, resulta tamén imprescindible para estudiar a literatura galega ter en conta os artigos publicados na revista *Grial* e noutras publicacións galegas de cultura, entre elles *A Trabe de Ouro*, o *Boletín Galego de Literatura* ou o *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, ou en revistas publicadas fóra de Galicia, entre as que podemos citar, a título de exemplo, *Ínsula*, *Colóquio / Letras* ou *Iberorromania*, sen esquecer, para a literatura medieval, *Medioevo Romanzo*, *Romanica Vulgaria Quaderni*, *Studi Mediolatini e Volgari*, *Revista de Literatura Medieval* ou *Cultura Neolatina*. Mais, entre as publicacións que apareceron nos últimos anos, cómpre destacar o *Boletín Galego de Literatura*, por estar, tal como o seu nome indica, dedicado exclusivamente á literatura, aínda que non só á galega, e o *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, centrado de xeito exclusivo na literatura galega.

Por outra parte, tamén é preciso ter en conta as seccións de reseñas incluídas nas distintas publicacións nas se se vén dando noticia crítica da literatura galega e que se montaron con persoas cualificadas para iso, dende *A Nosa Terra a Nós*, con escritos de R. Otero Pedrayo ou R. Carballo Calero, ata as más recentes *Grial* –que contou, na súa primeira etapa, entre os seus recensionistas máis habituais con personalidades da altura intelectual de F. Fernández del Riego, R. Carballo Calero, B. Losada ou C. Rodríguez Fer–, *Festa da Palabra Silenciada*, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* ou *Boletín*

Galego de Literatura –especializadas no ensaio e o estudio literarios–, pasando por *Galicia Internacional* e, na actualidade, *Tempos Novos*, estas más xerais.

1.3.1.1. Manuais xerais, enciclopedias e diccionarios para o estudio da literatura galega

Amador de los Ríos, J., *Historia crítica de la literatura española*, Imprenta Rodríguez, Fernández y Muñoz, Madrid, 1861, vol. III.

Anseude, A.-Sánchez Iglesias, C. (dirs.), *Historia da literatura galega*, AS-PG / A Nosa Terra, Vigo, 1996-1998.

Alborg, J. L., *Historia de la literatura española*, Gredos, Madrid, 1966, vol. I.

Alvar, C.-Asperti, S.-Bertolucci, V., *Storia delle letterature medievali romanze. L'area iberica*, Laterza, Bari, 1999.

Azevedo, N. de, *A arte literária na Idade Média*, Livraria Figueirinhas, Porto, 1947.

Barreiros, A. J., *História da Literatura Portuguesa. I. Séc. XII-XVII*, Pax, Lisboa, s.d. [7^a ed.; 1^a ed., 1974].

Blanco, C., *Literatura galega da muller*, Xerais, Vigo, 1991.

—, *Escrivoras galegas*, El Correo Gallego, Santiago de Compostela, 1992.

—, *O contradicurso das mulleres*, Nigra, Vigo, 1995.

Bell, A. F., *A Literatura Portuguesa (História e crítica)*, IN / CM, Lisboa, 1971.

Braga, T., *História da Literatura Portuguesa*, Publicações Europa-América, Lisboa, 1986, vol. I.

Buescu, M. L. Carbalhão, *História da Literatura*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1994 [2^a ed.].

—, *Literatura Portuguesa Medieval*, Universidade Aberta, Lisboa, 1990.

Carballo Calero, R., *Sobre lingua e literatura*, Galaxia, Vigo, 1971.

—, *Libros e autores galegos (dos trovadores a Valle-Inclán)*, Fundación Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, A Coruña, 1979.

—, *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, Galaxia, Vigo, 1981 [3^a ed.].

—, *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1989.

—, *Do galego e da Galiza*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1990.

Carballo Calero, R. *et alii*, “La literatura gallega”, *Galicia eterna*, Nauta, Barcelona, 1981, vol. VI.

Correia, J. D. Pinto (coord.), *História das Literaturas de Língua Portuguesa. I. Das Origens ao Cancioneiro Geral*, Edições Alfa, Lisboa, 1988.

Couceiro Freijomil, A., *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1951-1954, 3 vols.

Curtius, E. R., *Literatura europea y Edad Media latina*, Fondo de Cultura Económica, México, 1984, 2 vols. [1^a ed., 1948].

Chevalier, J.-Gheerbrant, A., *Diccionario de símbolos*, Herder, Barcelona, 1986.

Deyermond, A. D., *Historia de la literatura española. I. La Edad Media*, Ariel, Barcelona, 1992 [1^a ed., 1973].

—, *I. Edad Media*, en F. Rico (dir.), *Historia y crítica de la literatura española*, Crítica, Barcelona, 1979.

—, *I / I. Edad Media. Primer suplemento*, en F. Rico (dir.), *Historia y crítica de la literatura española*, Crítica, Barcelona, 1991.

Fernández del Riego, F., *Manual de historia da literatura*, Galaxia, Vigo, 1978 [4^a ed.; 1^a ed., 1951].

Fernández del Riego, F., *Diccionario de escritores en lingua galega*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1992 [2^a ed.].

Filgueira Valverde, J., “Lírica medieval gallega y portuguesa”, en G. Díaz Plaja, *Historia general de las literaturas hispánicas*, Barna, Barcelona, 1949, vol. I.

Gallegos. Quien es quien en la Galicia de los 90, El Correo Gallego-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1992.

Gil, M. J., *La literatura en lengua gallega*, Cincel, Madrid, 1881.

Gómez Sánchez, A.-Queizas Zas, M., *Historia xeral da literatura galega*, A Nosa Terra, Vigo, 2001.

Gran Enciclopedia Gallega, Silverio Cañada Editor, Santiago de Compostela-Gijón, 1974-1987, 32 vols; agora *Gran Enciclopedia Galega*, 2003.

Hernández, M., *La literatura gallega*, Publicaciones españolas, Madrid, 1974.

Lanciani, G.-Tavani, G. (dirs.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Caminho, Lisboa, 1993.

Lapa, M. Rodrigues, *Lições de Literatura Portuguesa. Época Medieval*, Coimbra Editora, Coimbra, 1981 [10^a edição revista pelo autor].

- Lourenzo, M.-Pillado Mayor, F., *O teatro galego*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1979.
- , *Diccionario do teatro galego (1671-1985)*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1987.
- Pena, X. R., *Literatura galega medieval. I. A história*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1990.
- , *Manual e antoloxía da literatura galega medieval*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 2000 [1^a ed., 1992].
- Pimpão, A. J. da Costa, *História da Literatura Portuguesa. Idade Média*, Atlântida Editora, Coimbra, 1959 [2^a ed.].
- Prado Coelho, J. do, *Dicionário de Literatura (Portuguesa-Brasiléira-Galega)*, Livraria Figueirinhas, Porto, 1981, 5 vols. [3^a ed.].
- Sampaio, A. Forjaz de, *História da Literatura Portuguesa*, Lisboa, 1930.
- Saraiva, A. J. Lopes, *História da Literatura Portuguesa*, Publicações Europa-América, Lisboa, 1970 [3^a ed.].
- Simões, J. G., *História da Literatura Portuguesa das origens aos acompanhada de uma antologia*, Lisboa, 1955, vol. I.
- Tarrío Varela, A., *Literatura gallega*, Taurus, Madrid, 1988.
- , *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Xerais, Vigo, 1994.
- Varela Jácome, B., *Historia de la literatura gallega*, Porto, Santiago de Compostela, 1951.
- Vázquez Cuesta, P., “Literatura gallega”, en J. M. Díez Borque, *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, Taurus, Madrid, 1980.
- Vilavedra, D., *Historia da literatura galega*, Galaxia, Vigo, 1999, 6 vols.
- (coord.), *Diccionario da literatura galega. Vol. I. Autores. Vol. II. Publicacións periódicas*, Galaxia, Vigo, 1995-1997.
- Villanueva, D. (coord.), *Proyecto Galicia. Literatura*, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, 6 vols.
- VV. AA., *Los Gallegos*, Istmo, Madrid, 1976.
- , *A nosa Literatura. Unha interpretación para hoxe*, AS-PG, A Coruña, 1983.
- , *A nosa Literatura. Unha interpretación para hoxe. II*, A. C. Alexandre Bóveda, A Coruña, 1985.
- , *A nosa Literatura. Unha interpretación para hoxe. I*, A. C. Alexandre Bóveda, A Coruña, 1988.

- , *Biblos. Enciclopedia VERBO das Literaturas de Língua Portuguesa*, Lisboa-São Paulo, 1995, vol. I.
- , *Literatura galega. Século XX*, A Nosa Terra, Vigo, 2001.

1.3.1.2. Repertorios bibliográficos

Álvarez García, I. (coord.), *O libro galego, onte e hoxe. Catálogo da Exposición Bibliográfica, Santiago. Maio. 1988*, Federación de Libreiros de Galicia, Santiago de Compostela, 1989.

—, *O libro galego, onte e hoxe. Catálogo da Exposición Bibliográfica, Santiago, Xaneiro, 1993*, Federación de Libreiros, Santiago de Compostela, 1994.

Anuario de Estudios Literarios Galegos, “Compendio bibliográfico anual”.

Beltrán, V., *Boletín bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, vols. I-XV (1987-2001), Asociación Hispánica de Literatura Medieval, Barcelona, 1987-2001.

Bulletin of Cantigueiros de Santa María (1987-).

Cárdenas, A., “In Search of a King: An Alfonsine Bibliography”, *Emperor of Culture: Alfonse X the Learned of Castile and His Thirteenth Century Renaissance*, University of Pennsylvania, Philadelphia, 1990, pp. 198-208.

Cárdenas, A.-Craddock, J. R.-Marco, B. de, “A Decade of Alfonsine Studies: Working Notes and Bibliography”, *Romance Philology*, 49, 2, 1995, pp. 192-244.

Cepeda, I. Vilares, *Bibliografia da Prosa Medieval em Língua Portuguesa*, Instituto da Biblioteca Nacional e do Livro, Lisboa, 1995.

Cintra, M. A. Valle, *Bibliografía de Textos Medievales Portugueses*, Centro de Estudos Filológicos, Lisboa, 1960.

Filgueira Valverde, X. (dir.), *Bibliografía de Galicia*, Apéndice ó vol. 33, 98, de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1982, Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, Santiago de Compostela, 1985.

Pellegrini, S.-Marroni, G., *Nuovo repertorio bibliografico della prima lírica Galego-Portoghese*, Japadre Editore, L’Aquila, 1981.

Roig Rechou, B.-A. (coord.), *Informe de literatura 1995*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.

—, *Informe de literatura 1996*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1997.

—, *Informe de literatura 1997*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998.

—, *Informe de literatura 1998*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1999.

—, *Informe de literatura 1999*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000²¹.

Saez, E.-Rosell, M., *Repertorio de Medievalismo Hispánico (1955-1975)*, El Albir, Barcelona, 1978, 2 vols.

Sharrer, H. L., *A critical Bibliography of Hispanic Arthurian material. I. Texts: The prose romance cycles*, Gran&Cluter Ltd., London, 1977.

Snow, J., *The poetry of Alfonso X, el Sabio. A critical bibliography*, Grant&Cutler Ltd., London, 1977.

Villarino Pintos, D.-Pardo Gómez, M. V., *O libro galego onte e hoxe. Catálogo da Exposición Bibliográfica, Santiago. Maio-Xuño. 1979*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1981.

1.3.1.3. Revistas e publicacións periódicas²²

A Monteira. Somanario de intereses rexionais e literatura, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1989 [edición facsimilar].

A Nosa Terra, EDMAN, A Coruña, 1988 [edición facsimilar].

A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico (1990-).

Agália. Revista Internacional da Associaçom Galega da Língua (1985-).

Alba. Hojas de Poesía / Follas de poesía (A Coruña 1948-Vigo, 1956), Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995 [edición facsimilar].

Andaina. Revista galega de pensamento feminista (1983-1991; 1991-).

Anuario de Estudios Literarios Galegos (1992-).

²¹ A partir deste ano, o informe editase únicamente en soporte CD-Rom. Véxase, nas páxinas inferiores, o apartado dedicado ós materiais en soporte dixital e informático.

²² Para completar este apartado, no que tamén incluímos aquelas publicacións especializadas no estudio das literaturas románicas medievais e que recollen traballos imprescindibles para o estudio dos textos galegos da Idade Media, véxanse os repertorios bibliográficos sinalados no epígrafe anterior.

- Anuario de Estudios Medievales* (1964-).
- Arquivos, Boreal*, A Coruña, 1989 [edición facsimilar].
- Atalaya* (1991-).
- Aturuxo. Revista de Poesía e Crítica* (Ferrol, 1952-1960), Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994 [edición facsimilar].
- Beitrage zur romanischen Philologie* (1962-1990).
- Boletín de la Real Academia Gallega* (1906-).
- Boletín Galego de Literatura* (1989-).
- Bulletin of Cantigueiros de Santa María* (1987-).
- Cadernos Castelao* (1994-).
- Cadernos da Escola Dramática Galega* (1985-).
- Cahiers de Civilisation Médiévale* (1958-).
- Cahiers d'Études Médiévales* (1974-).
- Classica et Medievalia* (1938-).
- Colóquio / Letras* (1971-).
- Cristal. Revista literaria* (Pontevedra, 1932-1933), Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998 [edición facsimilar].
- Critica del testo* (1998-).
- Cuadernos de Estudios Gallegos* (1944-).
- Cultura Gallega* (A Habana, 1936-1940), Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1999 [edición facsimilar; comprende os anos 1936-1937].
- Cultura Neolatina* (1941-).
- Dorna. Expresión poética galega* (1981-).
- Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián* (1977-).
- Estudios Románicos* (1978-).
- Estudis Romànics* (1947-).
- Festa da palabra silenciada. Publicación galega feminista* (1983-).
- Galicia emigrante*, Do Castro, Sada-A Coruña, 1995 [edición facsimilar].
- Galiza (Mondoñedo, 1930-1933)*, inclúe *Papel de Color e Frol de Diversos*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1999 [edición facsimilar].

Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela, 1945-1946), Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995 [edición facsimilar].

Grial. Revista Galega de Cultura (1963-).

Incipit (1981-).

La Corónica (1972-).

La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela, 1949-1950), Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996 [edición facsimilar].

La Tierra Gallega (A Habana, 1894-1896), Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2002, 2 vols. [edición facsimilar].

Le Moyen Age (1888-1963).

Luzes de Galiza (1985-).

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos (1998-)

Medieval Studies, Médiévaux Langue, Textes, Histoire (1973-).

Medievalismo (1991-).

Medioevo e Rinascimento (1986-).

Medioevo Romanzo (1947-).

Nordés. Revista de Poesía e Crítica (1975-1993).

Nós. Boletín mensual da Cultura Galega, Galaxia, Vigo, 1979 [edición facsimilar].

Nós. Páginas Gallegas do Diario da Cruña El Noroeste (1918-1919), Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2001 [edición facsimilar].

Nova Galiza, Do Castro, Sada, A Coruña, 1990 [edición facsimilar].

O Tío Marcos da Portela, Edivar, A Coruña, 1989 [edición facsimilar].

Perspectives Médiévales (1975-).

Posío (Ourense, 1945-1946), Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995 [edición facsimilar].

Posío. Arte y Letras (Ourense, 1951-1954), Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998 [edición facsimilar].

Plumas e letras en La Noche (1946-1949), Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996 [edición facsimilar].

Quaderni di Filologia e Lingue Romanze (1979-).

Resol. Galicia (1932-1936), *Bos Aires (1937-1938)*, *Galicia (1990)*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1997 [edición facsimilar].

Revista de Filología Románica (1983-).

Revista de Literatura Medieval (1989-).

Revista de Poética Medieval (1997-).

Revista Galega de Teatro (1985-).

Revista Galega do Ensino (1993-).

Revue des Langues Romanes (1870-).

Revue Romane (1966-).

Rivista di Filologia Romanza (1872-1875).

Romance Philology (1947-).

Romania (1972-).

Romanica Vulgaria. Quaderni (1979-).

Romanische Forschungen (1883-).

Romanistische Zeitschrift für Literaturgeschichte (1977-).

Ronsel, Sotelo Blanco, Barcelona, 1982 [edición facsimilar].

Speculum (1926-).

Studi Medievali (1904-1913, 1923-1942, 1960-).

Studi Mediolatini e Volgari (1953-).

Temas Medievales (1991-).

Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate (1997-).

Unión libre. Cadernos de vida e culturas (1996-).

Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega de México, A Nosa Terra, Vigo, 1989 [edición facsimilar].

Vox Romanica (1936-).

Zeitschrift für romanische Philologie (1885-).

Á parte das revistas, hai que advertir que dentro das publicacións existe un rico caudal de información bibliográfica nas misceláneas, constituídas fundamentalmente

por Actas de Congresos e Homenaxes. Non se recollen aquí pormenorizadamente, en atención ó seu número e á heteroxeneidade de materias tratadas. En cada capítulo do deste manual citaranse os artigos ou os volumes que resultan de interese para o tema obxecto de consideración.

1.3.1.4. Edicións de textos e antoloxías

Recollemos aquí unha selección de antoloxías, de entre as máis coñecidas e significativas da literatura galega. Reservamos as edicións específicas dos autores para os distintos capítulos que integran este manual.

Afonso X, o Sabio. Pequena antoloxía, Día das Letras Galegas, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1980.

Alonso Girgado, L., *Antoloxía do conto galego. Século XX*, Galaxia, Vigo, 1989.

—, *O relato breve. Escolma dunha década (1980-1990)*, Galaxia, Vigo, 1990.

—, *7 voces de la lírica gallega. Hojas de Zenobia*, 14, Diputación Provincial de Huelva, Huelva, 1997.

Alonso Montero, X., *Os cen mellores poemas da lingua galega*, Celta, Lugo, 1970.

Alvar, C., *Poesía de trovadores, trouvères y minnesinger*, Alianza, Madrid, 1981.

Alvar, C.-Beltrán, V., *Antología de la poesía gallego-portuguesa*, Alhambra, Madrid, 1985.

Álvarez Blázquez, X. M., *Escolma de poesía galega. I. Escola medieval galego-portuguesa*, Galaxia, Vigo, 1953.

—, *Escolma de poesía galega. II. A poesía dos séculos XIV a XIX (1354-1830)*, Galaxia, Vigo, 1959.

—, *Escolma da poesía medieval (1198-1354)*, Castrelos, Vigo, 1975.

Arias Freixedo, X. B., *Antoloxía de poesía obscena dos trobadouros galego-portugueses*, Edicións Positivas, Santiago de Compostela, 1993.

Axeitos, X. L., *Antoloxía de poesía galega erótica e amatoria*, Do Castro-Luzes de Galiza, Sada, A Coruña, 1988.

Bernárdez, C. L., *50 anos de poesía galega. Antoloxía. A xeración dos 50. A Xeración dos 80*, Penta, A Coruña, 1994.

Brea, M. (coord.), *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, realizado por F. Magán Abelleira, I. Rodiño Caramés, M. C. Rodríguez Castaño e X. X. Ron Fernández, coa colaboración de A. Fernández Guiadanes e M. C. Vázquez Pacho, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996, 2 vols.

Campos Souto, M. B.-Campos Souto, M., *Prosa histórica, relixiosa e xurídica medieval. Antoloxía*, AS / PG-A Nosa Terra, Vigo, 1996.

Carballo Calero, R., *Prosa galega. Vol. I. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós*, Galaxia, Vigo, 1976.

—, *Prosa galega. Vol. II. Dos novecentistas aos nosos días*, Galaxia, Vigo, 1978.

—, *Prosa galega. Vol. III. Do trovadorismo ó neoclasicismo*, Galaxia, Vigo, 1980.

Casas, A. de las, *Antología de la lírica gallega*, Madrid, 1928.

—, *Antología de poetas gallegos*, Buenos Aires, 1939.

Castro, P., *Antoloxía da poesía neotrobadoresca*, Galaxia, Vigo, 1993.

Correia, N., *Cantares dos Trovadores Galego-Portugueses*, Editorial Estampa, Lisboa, 1978 [2^a ed.].

Deluy, H., *Troubadours galégo-portugais. Une anthologie*, POL, Paris, 1987.

Dobarro Paz, X. M. et alii, *Literatura galego-portuguesa medieval*, Vía Láctea, A Coruña, 1987.

Fernández del Riego, F., *Escolma de poesía galega. III. O século XIX*, Galaxia, Vigo, 1957.

—, *Escolma de poesía galega. IV. Os Contemporâneos*, Galaxia, Vigo, 1972.

—, *Antoloxía da poesía galega. Do dezanove aos continuadores*, Galaxia, Vigo, 1976.

—, *Antoloxía da poesía galega. Do posmodernismo aos novos*, Galaxia, Vigo, 1980.

Ferreira, M. E. Tarracha, *Poesia e Prosa Medievais*, Biblioteca Ulisseia de Autores Portugueses, s/l, 1988 [2^a ed.].

—, *Antologia Literária Comentada. Idade Média. Poesia Trovadoresca. Fernão Lopes*, Editora Ulisseia, s/l, 1991 [5^a ed.].

Ferreiro, M.-Martínez Pereiro, C. P., *Lírica trovadoresca galego-portuguesa medieval. Cantigas de Amigo. Antoloxía*, AS-PG / A Nosa Terra, Vigo, 1996.

- , *Lírica trovadoresca galego-portuguesa medieval. Cantigas de Amor*. Antoloxía, AS-PG / A Nosa Terra, Vigo, 1996.
- , *Lírica trovadoresca galego-portuguesa medieval. Cantigas de Escarnho e de maldizer*. Antoloxía, AS-PG / A Nosa Terra, Vigo, 1996.
- Ferreiro, M.-Martínez Pereiro, C. P., *Cantigas de Santa María de Alfonso X*, AS-PG / A Nosa Terra, Vigo, 1996.
- Ferro Couselo, X., *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ó XVI*, Galaxia, Vigo, 1967, 2 vols.
- Filgueira Valverde, X., *Alfonso X e Galicia. Unha escolma de cantigas*, Real Academia Galega, A Coruña, 1980.
- Freixeiro Mato, X. R. *Antoloxía da prosa literaria medieval*, AS-PG / A Nosa Terra, Vigo, 1996.
- García, X. L., *Escolma da poesía galega (1976-1984)*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1984.
- García Solalinde, A., *Antología de Alfonso X el Sabio*, Espasa Calpe, Madrid, 1980.
- González Alegre, R., *Poesía gallega contemporánea*, Pontevedra, 1954.
- González Garcés, M., *Poesía gallega contemporánea*, Barcelona, 1974.
- , *Poesía gallega de posguerra (1939-1975)*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1976, 2 vols.
- Gonçalves, E.-Ramos, M. A., *A Lírica Galego-Portuguesa (Textos Escolhidos)*, Editorial Comunicação, Lisboa, 1983.
- Jensen, F., *Medieval Galician-Portuguese Poetry. An Anthology*, Garland Publishing, Inc., New York-London, 1992.
- Landeira Yrago, X., *Poesía galega. Dos devanceiros ao dezaoito*, Galaxia, Vigo, 1975.
- Lapa, M. Rodrigues, *Crestomatia arcaica*, Sá da Costa, Lisboa, 1976 [4^a ed.].
- Letras de Cal (consello editorial), *dEfecto 2000. Antoloxía de poetas dos 90*, Amaía, Santiago de Compostela, 1999.
- López-Barxas, F.-Molina, C. A., *Fin de un milenio. Antología de la poesía gallega última*, Libertarias, Madrid, 1991.
- Losada, B., *Poetas gallegos de posguerra*, Ocnos, Barcelona, 1971.
- , *Poetas gallegos contemporáneos*, Seix-Barral, Barcelona, 1972.

- , *Poesía gallega de hoy. Antología*, Ministerio de Cultura, Dirección General del Libro y Bibliotecas, Madrid, 1990.
- Lourenzo, M.-Pillado Mayor, F., *Antoloxía do teatro galego*, Do Castro, Sada, 1982.
- Martín Gaite, C.-Ruiz Tarazona, A., *Ocho siglos de poesía gallega. Antología bilingüe*, Alianza, Madrid, 1972.
- Molina, C. A., *Antología poética*, edición bilingüe, Akal, Madrid, 1983.
- , *Antología de la poesía gallega contemporánea*, Júcar, Madrid, 1984.
- Mongelli, L. M.-Tavares Maleval, M. A.-Frateschi Vieira, Y., *Vozes do trovadorismo galego-portugués*, Cotia, São Paulo, 1995.
- Moreno Márquez, M. V., *Os novísimos da poesía galega*, Akal, Madrid, 1973.
- Neves, O., *Trovas medievais obscenas. Cantigas de mal dizer*, Matéria Escrita, Lisboa, 1998.
- Nunes, J. J., *Crestomatia arcaica*, Livraria Clássica Editora, Lisboa, 1970 [7^a ed.; 1^a ed., 1906].
- Oliveira, Corrêa de-Saavedra Machado, L., *Textos portugueses medievais*, Livraria Popular de Francisco Franco, Lisboa, 1974.
- Pellegrini, S., *Auswahl altportugiesischer Lieder*, Max Niemeyer Verlag, Halle, 1928.
- Peña, X. R., *Literatura Galega Medieval. II. Antoloxía de textos comentados (lírica e prosa)*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1990.
- Peña, M., *Alfonso el Sabio. Antología*, Porrúa, México, 1990 [4^a ed.; 1^a ed., 1973].
- Piccolo, F., *Antologia della lirica d'amore gallego-portoghese*, Edizioni Scientifiche Italiane, Napoli, 1951.
- Riquer, M. de, *Los trovadores. Historia literaria y textos*, Planeta, Barcelona, 1975, 3 vols.
- Risco, A., *Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega*, Galaxia, Vigo, 1991.
- Rodríguez Gómez, L., *Desde a palabra, doce voces. Nova poesía galega*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1986.
- Rossi, R.-Gómez Oliver, V., *Antologia della poesia spagnola (castigliana, catalana, galega, basca)*, Nuove Amadeus, Citadella, 1996.
- Torres, A. Pinheiro, *Antologia da Poesia Trovadoresca Galego-Portuguesa (sécs. XII-XIV)*, Lello&Irmão Editores, Porto, 1977.

Vieira, Y. F. (org.), *Antología de poesía galega*, Unicamp, Campinas, 1996.

1.3.2. Fontes en soporte electrónico

1.3.2.1. Repertorios bibliográficos, teses de doutoramento e coleccións de textos en CD-Rom

PCI. Periodical contents Index (Chadwyck-Healey, ed.). Tres series de discos:

- 1994, referencias bibliográficas de publicacións ata 1960.
- 1995, bibliografía publicada entre 1961 e 1990 e outra serie que abarca de 1991 a 1995.

–1996, con referencias dende esta data. Actualízase trimestralmente.

Essay and General Literature Index-Wilson (máis de 250.000 artigos de diversas materias do campo das Humanidades).

CSIC, que conta con bases de datos diferentes:

- ISOC, artigos de revistas sociais e humanísticas dende 1976.
- CIRBIC-L, catálogo colectivo de libros do CSIC.
- CIRBIC-R, catálogo colectivo de revistas do CSIC.

REBIUN, Catálogo colectivo da Rede de Bibliotecas de Universidades Españolas.

Bibliografía española desde 1976 en CD-Rom. Depósito legal da Biblioteca Nacional de Madrid.

ISBN. Rexistros de libros españoles en venta. Actualizada cuatrimestralmente.

ADMYTE, *Archivo Digital de Manuscritos y Textos españoles*, repartido en 4 discos CD-Rom. Reseñamos: Disco 0, imaxes dixitalizadas de 64 textos españois medievais, banco de datos bio-bibliográficos de fontes primarias da literatura castelá, galego-portuguesa e catalana:

–BITAGAP, *Bibliografía de Textos Antiguos Portugueses*, compilada por A. Askins, H. L. Sharrer, M. Schaffer e A. Fernandes Dias.

Roig Rechou, B.-A. (coord.), *Informes de literatura 1995-2000*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2001.

—, *Informes de literatura 1995-2001*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2003.

Teses de doutoramento. As Teses de Doutoramento españolas están recollidas na base TESEO do MEC no endereço <http://www.mec.es/teseo>, que permite a localización

inmediata das teses defendidas en España dende 1976 e que ofrece, ademais, os datos académicos e un resumo.

1.3.2.2. Internet

Nos últimos anos asistimos á proliferación dos servicios de tipo electrónico, servicios que se incrementan a velocidade vertiginosa, pero que presentan tamén unha extraordinaria caducidade. Ofrecemos a seguir unha breve e rápida panorámica sobre estes. Dividimos en cinco apartados esta sección: información (buscadores e nodos de información); ferramentas (fontes); estudios sobre distintos temas, autores e obras; textos (textos de creación, bases de datos), e, finalmente, servidores e foros de discusión. Todos eles permiten o acceso á información que nos interese, xa sexa sobre temas, autores ou, mesmo, obras concretas. Dos varios que están á nosa disposición, referimos os máis empregados:

a. Información. Buscadores e nodos de información

1. Motores de busca xeneralistas (tamén inclúen un directorio)

- Google*: www.google.com (directorío: <http://www-google.com/dirhp?hl=es>)
- Vivísimo*: <http://vivisimo.com/>
- Kartoo*: <http://kartoo.com/es> index.htm (ofrece a información nun mapa).

2. Directorios xeneralistas (tamén incorporan un motor de busca)

- Yahoo!*: <http://es.yahoo.com/>
- Lycos*: <http://www.lycos.es/>
- Excite*: <http://www.excite.com/>

3. Metabuscadores

- C4 Total Search*: <http://www.c4.com/>
- Buscopio*: <http://www.buscopio.com/NASApp/buscopio/portada/jsp>

4. Motores de busca específicos

–*Humbul*: <http://humbul.ac.uk/>

5. Nodos de acceso á información

–*The Labyrinth: Resources for Medieval Studies*:

<http://www.georgetown.edu/labyrinth/labyrinth-home.html>

–*Ménestrel Ressources et outils documentaires sur Internet pour les médiévistes*:

<http://www.ccr.jussieu.fr/urfist/omedirht.htm>

–*Arthurian Resources of the Internet*: <http://jan.ucc.nau.edu/~jjd23/arthur/>

b. Ferramentas

1. Nodos de acceso ás bibliotecas

–*Gabriel*: <http://www.bl.uk/gabriel/>

–*Libdex*: <http://www.libdex.com/>

–*SunSITE (Berkeley Digital Library) Libweb*: <http://sunsite.berkeley.edu/Libweb/>

–*TRAVESÍA (Portal en Internet das bibliotecas públicas españolas)*:

<http://travesia.mcu.es/portulano.asp>

2. Catálogos colectivos

–Portugal: *Base Nacional de Dados Bibliográficos (PORBASE)*:

<http://www.porbase.org/>

–España: *Catálogo Colectivo del Patrimonio Bibliográfico Español*:

www.mcu.es/ccpb/index.html

–*Rede de Bibliotecas do CSIC*: Catálogos colectivos de Redes Universitarias

(CSIC): <http://www.csic.es/cbic/acceso.htm>

–*Rede de Bibliotecas Universitarias*: REBIUN: [http://www.crue.org/cgi-](http://www.crue.org/cgi-bin/rebiun)

[bin/rebiun](http://www.crue.org/cgi-bin/rebiun)

–Galicia: *Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Galego*:

<http://biblioteca.cesga.es/cas marco catalogos.htm>

3. Bases de datos

Destacamos unha galega, pioneira no campo da informática, elaborada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Santiago de Compostela). Céntrase no ámbito da lírica galego-portuguesa e permite consultar dende datos biográficos sobre os trovadores ata o texto das cantigas, edicións destas, recursos poéticos e outros elementos de tipo literario e mesmo lingüístico:

–*MedDB: Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*:
<http://airas.cirp.es/WXN/wxn/homes/meddb.html>

4. *Philobiblon*: <http://sunsite.berkeley.edu/PhiloBiblon/phbusc.html>

5. Revistas electrónicas

- Andar 21 (Literatura)*: <http://andar21.fiestras.com>
- Canal Estudios Galegos*: <http://www.vieiros.com>
- Galicia Viva. Revista galega de cultura e debate*: <http://www.galiciaviva.org>
- Revista Omnibus (II época)*: <http://www>

c. Información de apoio

Aparecen en rede multitude de páxinas e portais dedicados á literatura galega, nos que se ofrecen estudos de diverso tipo, que entrelazan unha complicada rede de direccións nas que se pode navegar en busca de información de diferente tipo. Este apartado é o más volátil de todos os de Internet e comprende un número elevadísimo de posibilidades. Referimos nas liñas seguintes algunas delas:

1. Estudios monográficos

–*Literatura de posguerra e exilio: Literatura e Galiza*:
<http://terravista.pt./lhadoMel/4424/literatura.htm>

2. Estudios sobre autores

- Rosalía de Castro: <http://www.fillos>
- Alfonso Daniel Rodríguez Castelao: <http://castelao>

3. Páxinas persoais

- Suso de Toro: <http://www.susodetoro.com>

d. Textos

1. Creación literaria

- I Certame Galego de Poemas SMS: <http://www.xaneladacultura.com>
- Franco, Camilo. Necesariamente X: <http://mais>. Vieiros.com/necesariamentex/
- Estévez, Eduardo. Lúa gris: <http://www.luagris.net>
- Mil primaveras máis: <http://www.iaga.com/vieiros/letrasgalegas/index.html>
- Villar, Rafa. Índice cronolóxico de artigos:
http://www.galizaeig.com/artigos/indice_artigos_rafa_villar.htm
- Villar, Rafa. Mares de Sinbad:
<http://www.terravista.pt/Enseada/2991/>

2. Bases de datos dinámicas (gratuitas)

- MedDB: Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa:
<http://airas.cirp.es/WXN/wxn/homes/meddb.html>

3. Bibliotecas telemáticas

- Proyecto Tomiño: <http://www.galego21.org/tominho>
- Biblioteca Virtual Galega: <http://www.bvg.udc.es/index.jsp>
- Biblioteca Dixital:
http://195.55.65.114/Educación/biblioteca_dixital/home_biblioteca
- LG3: <http://www.culturagalega>
- Lingua e literatura: <http://www.culturagalega>.

e. Servidores e foros de discusión.

Permítenles ós estudiosos de todo o mundo o áxil intercambio e comunicación de ideas, datos requiridos, novedades bibliográficas, ...

- AARHMS-L: listproc@ukanaix.cc.ukans (Academia de Historiadores da España Medieval).
- BMMR-L: majordomo@brynmawr.edu (libros e revistas medievais).
- EARLYM-L: listserv@aern.bitnet (música medieval).
- GALICIA: majordomo@usc.es (discusións sobre temas galegos).
- MEDART-L: listserv@utoronto.bitnet (arte medieval).
- MEDFEM-L: listproc@uwavm.bitnet (estudios medievais femininos).
- MEDIBER: liststar@humnet.ucla.edu (estudios medievais).
- MEDIEV-L: listserv@ukavm.bitnet (estudios históricos medievais).
- MEDIEVALE: listproc@uqam.ca (estudios medievais).
- MEDTEXTIL: listserv@postoffice.cso.uiuc.edu (cultura literaria medieval).
- MEDLITERACY-L: listserv@uclink.berkeley.ed (cultura escrita medieval).

II. A LITERATURA GALEGA. TEMARIO

PRESENTACIÓN

Constitúe o noso obxectivo dar unha visión clara e de conxunto da literatura galega, identificando as principais etapas do seu desenvolvemento, os seus movementos e correntes literarias e as súas figuras esenciais. Por outro lado, consideramos necesario establecer como punto de partida as coordenadas nas que se desenvolveu esa literatura, coordenadas nas que deben ser integradas as obras literarias e nas que deben ser estudiadas para esclarecer a súa significación, destacando o seu valor e a súa consideración específica. O contexto político, social e cultural no que se desenvolve a creación é determinante en calquera literatura; na galega é imprescindible coñecelo. Non se pode entender a literatura que nos ocupa se non se sabe, en cada momento histórico, cál é a situación da lingua galega dentro do marco dos acontecementos políticos, sociais e culturais desta área ou a nivel nacional.

No presente manual faise un percorrido pola literatura galega dende os seus primeiros textos ata a actualidade. Dentro dos temas tratados, e no que ós autores e obras se refire, operou un filtro selectivo. Como en toda selección, non existe unanimidade de opinións á hora de conformar un repertorio de autores e de textos, aínda que existen movementos, autores e obras de referencia, como debe ser a produción trobadoresca medieval, *Cantares Gallegos* e *Follas Novas* de Rosalía ou figuras como R. Otero Pedrayo, A. Cunqueiro, Manuel Antonio ou X. L. Méndez Ferrín, que deben estar inexcusablemente presentes. No establecemento dos temas, que aspiran a ofrecen un panorama colectivo da literatura galega, combinamos diferentes criterios. O criterio básico de organización vén determinado pola periodización cronolóxica, que nos permitirá, como xa sinalamos, establecer catro grandes bloques temáticos: Idade Media, Séculos Escuros, Século XIX e Século XX. Despois, un segundo criterio vén dado pola sistematización en xéneros, como se indicou no lugar oportuno. Finalmente, e dentro da pauta marcada polos xéneros, estudiaranse os autores e os textos considerados máis significativos.

O temario está constituído por 18 temas, que se inclúen, como indicamos nas liñas precedentes, nun conxunto temático superior. A periodización induciunos a diferenciar, no interior dos catro grandes períodos cronolóxicos, distintos bloques de contido, que se estructuran por xéneros: poesía, novela, relato e teatro. Despois, dentro de cada un, estudiaranse os autores representativos. O resultado desta ordenación é:

–I. A Idade Media. Temas 1-5.

- II. Os Séculos Escuros. Temas 6-7.
- III. O Século XIX. Temas 8-11.
- IV. O Século XX. Temas 12-18.

Tralo tema introductorio, os sucesivos apartados levan asociado o estudio detallado de varias obras concretas. Quedan fóra desta tendencia os capítulos dedicados á poesía e á prosa medievais, ós que se accederá mediante antoloxías, ó igual que os temas introductorios de cada período cronolóxico, concibidos como prólogo dun conxunto de temas.

A estructura básica do tema é sempre a mesma. Tralo epígrafe que o introduce, inclúese un sumario cos aspectos fundamentais. Segue, a continuación, unha explicación sucinta dos puntos esenciais. Cerra o apartado unha bibliografía selecta, pero ampla. Este capítulo bibliográfico está dividido en dúas partes:

1. En primeiro lugar incorpóranse as edicións dos textos analizados.
2. En segundo lugar, márcanse os estudios más importantes do tema, así como os más pertinentes para os autores e obras obxecto de análise.

TEMARIO

I. IDADE MEDIA

TEMA 1. INTRODUCCIÓN Ó ESTUDIO DA IDADE MEDIA

1. O reino de Galicia nos séculos XII a XV.
 - 1.1. Situación política e social.
 - 1.2. Situación lingüística.
 - 1.3. A vida cultural.
2. Os primeiros textos escritos en galego.

Despois do período de denominación goda e dunha pasaxeira invasión árabe, durante os séculos VIII a X fóreronse sentando as bases da futura sociedade señorial e feudal no occidente ibérico. Politicamente, o territorio da antiga *Gallaecia* integrouse na monarquía astur-leonesa, non sen tensións e revoltas dos condes galegos, circunstancia que provocou que se asociase un fillo do rei á administración do territorio galego, nomeándose mesmo reis galegos: Ordoño II (910-914), Sancho Ordóñez (926-929), García I (1065-1071). Así mesmo, a rebeldía da nobreza galega provocou que se tivese con Galicia un trato privilexiado, manifestado nunha xenerosa política de doazóns (pensemos na largueza coa que se dotou Compostela).

Entre os séculos XI-XIII Galicia, como en xeral todo o occidente cristián, coñeceu unha época de grande desenvolvemento que se materializou nun notable crecemento demográfico, nunha importante expansión agrícola, na formación dunha mínima rede urbana que tivo en Compostela o seu eixe principal e nun intenso protagonismo político e cultural no marco da vida propia dos reinos cristiáns do norte da Península, entre outros.

A formación do reino de Portugal na primeira metade do século XII cortou a expansión galega cara ó sur, o que significou que Galicia se vise privada dos ingresos económicos da empresa da Reconquista e que se convertese nun territorio periférico, de retagarda, dentro da monarquía leonesa-castelá, perdendo, sobre todo a partir do reinado de Fernando III (1230-1252), o protagonismo político de que gozara ata entón e, de modo particular, durante os reinados de Fernando II (1157-1188) e Afonso IX (1180-1230), que representan o período culminante da influencia política da nobreza galega.

Coa formación do reino de Portugal quedaba limitado, así mesmo, o territorio propio da Galicia actual, perdido xa o sur bracarense. O poboamento espallado, unha certa rede urbana (Compostela, Betanzos, A Coruña, Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui), os foros agrarios, o predominio social da Igrexa e o culto xacobeo serán elementos esenciais conformadores da Galicia medieval e moderna que xa neste momento comezan a facerse patentes.

Nos séculos XIV e XV asistese ó tránsito da sociedade medieval á moderna, que vai presentar unhas novas estructuras sociais e políticas no marco da monarquía absoluta que irán asentando os Reis Católicos. O escenario do cambio estivo marcado por unha grave recesión demográfica e económica (fame, pestes, guerras) que desencadeou continuos conflictos sociais entre nobres de distinto nivel e condición, burgueses e campesiños. En Galicia, estes enfrentamentos, que se coñecen co nome de Guerras Irmandiñas e que se libraron en dous momentos distintos do século XV, puxeron en cuestión todo o sistema feudal.

A acción política dos Reis Católicos intentou pór orde neste estado de grave discordia social en que Galicia se debatía na segunda metade do século XV. Paralelamente, a nacente monarquía absoluta tentou tamén limitar o poder dunha aristocracia galega (casas de Andrade, Lemos, Soutomaior, Sarmiento, Ulloa, Moscoso, Pardo de Cela) que gobernaba con plenos poderes nos seus señoríos, que ameazaba a seguridade e integridade dos grandes señoríos eclesiásticos e que xa provocara, coa súa refeudalización, os levantamentos irmandiñas. A isto hai que lle agregar o feito de que no conflito sucesorio que se suscitou trala morte de Enrique IV, a nobreza galega mantivo unha actitude de “estudiada abstención”, en palabras de Barreiro Fernández, que non se modificou ata que o desenlace final dos acontecementos provocou unha xeneralizada adhesión á causa vencedora da raíña Isabel. Ó cabo, case todos os magnates galegos foron obrigados a desaloxar os seus territorios, asentándose na corte, participando na guerra de Andalucía ou ben sufrindo desterro en Castela, aínda que mantiveron os dereitos sobre as súas terras, e pasaron a desempeñar cargos de grande importancia na maquinaria burocrática monárquica. O oco que deixaron estes nobres foi cuberto por diversas liñaxes case sempre foráneas que procuraron aquí a base territorial e as rendas que precisaban para afirmarse. A este relevo nobiliar sumáronselle as reformas administrativas propiciadas polos Reis Católicos, que supuxeron para Galicia a integración definitiva na monarquía hispánica.

Neste marco comeza o acceso á escrita dos vulgares falados no occidente peninsular. A ruptura política e o paso da corte portuguesa do norte para o sur foi provocando pouco a pouco a separación das normas lingüísticas galega e portuguesa, separación leve aínda no século XIII, más acusada no XIV e no XV. A carencia de unidade política e dun centro irradiador común foi agrandando as leves diferencias que nun principio existían entre a lingua do norte e do sur do Miño e tamén as más grosas que distanciaban o romance falado na antiga *Gallaecia* do falado ó sur dela. Galego e portugués van seguir vías distintas, tamén como linguas da escrita e da cultura. Apoiado pola corte, o portugués vai coñecer unha amplio cultivo e desenvolvemento literario, fixándose paulatinamente a súa norma. No territorio ó norte do Miño, o galego vai ser a lingua habitual no uso ata que a expansión do castelán pola Península Ibérica, debido ó dominio político exercido pola coroa de Castela dende finais da Idade Media, dea como resultado o mapa lingüístico co que se chega á segunda metade do século XIX e ós nosos días.

A vitalidade do emprego do galego na escrita esténdese dende comezos do século XIII ata o século XV. Os distintos ámbitos de emprego desta lingua, deixando á marxe o da literatura, que atinxía un público máis reducido, e que teñen que ver coa vida da administración, da economía ou xustiza, co ámbito das ciencias e coa vida eclesiástica e relixiosa, dan conta da puxanza do uso instrumental do galego. Ademais, a documentación de carácter privado é praticamente unánime no uso do galego nos séculos XIV e XV. Asemade, esta lingua foi utilizada polos organismos das cidades libres (concellos, gremios, confrarías) e pola igrexa, tanto na súa vida interna como na súa documentación; por outra parte, textos como os *Miragres de Santiago* e a *Crónica de Santa María de Iria*, que estudiaremos máis tarde, e que se datan entre finais do século XIV e comezos do XV, infórmannos da circulación do galego como lingua da cultura clerical.

Os primeiros textos romances non literarios escritos que se conservan en Portugal son a *Noticia de Torto* (ca. 1214) e o *Testamento de Afonso II* (1214), aínda que a práctica da escrita en romance non se xeneralizou ata mediado o século XIII, con Afonso III o Boloñés (1248-1279), tal vez por influencia francesa e castelá (nesta corte comenzarase a facer o propio dende o reinado de Fernando III, 1230-1252). En galego, os primeiros textos non literarios son de mediados do século XIII. En canto ós textos literarios, vénse considerando como o texto máis antigo a cantiga de Johan Soarez de Pavia *Ora faz ost'o senhor de Navarra* (ca. 1200), pero seguramente houbo produción

en romance dende o século XII (sermóns, outros textos literarios, cancioneiros). A escrita en galego está, seguramente, vinculada co alto grao de independencia política acadada polo Reino de Galicia no século XII e co protagonismo de que gozaba nos asuntos políticos hispánicos daquela época.

BIBLIOGRAFÍA²³

Barreiro Fernández J. R. *et alii, Historia de Galicia*, Frente Cultural de ANPG, Pontedeume, 1981.

Brittes Lemos, M. T. Toribio, “Notas sobre historia e literatura da Galiza medieval. Uma contribuição para o estudo da cultura galega”, *Actas do IV Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa*, Ourense, 1996, pp. 283-288.

López Pereira, J. E., *O primeiro espertar cultural de Galicia*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1989.

Mariño Paz, R., *Historia da lingua galega*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1999 [2^a ed.; 1^a ed., 1998].

Monteagudo, H., *Historia social da lingua galega*, Galaxia, Vigo, 1999.

Pensado, J. L., *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1985.

Villares, R., *A Historia*, Galaxia, Vigo, 1984.

Villares, R.-Armas, X.-Moreno, X.-Ulloa, E., *Textos e materiais para a historia de Galicia*, Crítica, Barcelona, 1990.

VV. AA., *Nova historia de Galicia*, Tambre, Oleiros, A Coruña, 1996.

²³ Véxanse, ademais, os manuais de historia da literatura citados no capítulo inicial.

I. IDADE MEDIA

TEMA 2. A LÍRICA TROBADORESCA

1. Introducción á lírica galego-portuguesa. Ámbito cronolóxico e cultural.
2. A tradición manuscrita.
3. Os xéneros poéticos.
 - 3.1. A *cantiga de amor*.
 - 3.2. A *cantiga de amigo*.
 - 3.3. A *cantiga de escarnio e maldizer*.
 - 3.4. Os xéneros “menores” e outras modalidades xenéricas: *tensó*, *partimen*, *cantiga de seguir*, *pranto*, *cantigas encomiásticas*, *lais*, *pastorela*, *alba*, *cantiga de tear*, *cantiga de malmaridada*, *cantiga de romaría*, *mariñas*.
4. A poética da cantiga.
 - 4.1. Temática.
 - 4.1.1. O concepto de amor.
 - 4.1.2. A muller.
 - 4.1.3. A crítica: política, social, persoal, literaria.
 - 4.1.4. Outros motivos.
 - 4.2. Técnica literaria.
 - 4.2.1. A cantiga: forma e estructura.
 - 4.2.2. A métrica.
 - 4.2.3. Os recursos retóricos.
 - 4.2.4. A simboloxía.
5. Trobadores e xograres.
 - 5.1.1. As primeiras experiencias.
 - 5.1.2. O período de implantación.
 - 5.1.3. A expansión.
 - 5.1.4. O “refluxo”.
6. A música.
7. O outono da lírica galego-portuguesa: a escola galego-castelá.
 - 7.1. O crepúsculo da tradición trobadoresca: o éxodo trobadoresco.
 - 7.2. Unha nova concepción da poesía: poesía para ler.

- 7.3. Novos temas, novas inspiracións.
- 7.4. Trobadores cortesáns, poetas de salón.
- 7.5. A tradición manuscrita.

A lírica trobadoresca galego-portuguesa foi composta durante o período que abrangue aproximadamente dende o ano 1200 ata 1350, configurándose, posiblemente, como a que presenta unhas características más orixinais e unhas solucións más ricas dentro do panorama trobadoresco²⁴. Notablemente influída, cando menos na súa xénese, polos trobadores occitanos²⁵, seguramente se nutriu tamén dunha produción poética anterior, de corte tradicional, non conservada, do tipo das *cantigas de amigo*. Actualmente, consérvase un *corpus* aproximado de 1600 cantigas de tema profano, de 153 poetas, más unhas vinte de autor anónimo. Faltan, sobre todo, composicións da primeira época, mesmo por mutilación dos códices que nos enviaron este legado poético.

O problema da “orixe” da lírica no noroeste peninsular segue sendo escuro hoxe en día. Sorprende o feito de que unha rexión periférica, aparentemente sen un forte núcleo político irrigador no período dos seus primeiros testemuños, sexa capaz de construír unha poética de tal magnitud en galego-portugués, fronte ó castelán, que se impón como a lingua da épica, da historiografía ou do teatro. Carecemos de documentación desa época ó respecto. Unicamente contamos coas hipótese achegadas pola crítica. Sublíñanse diversos factores. En primeiro lugar, as relacións entre Portugal e Castela e León con Occitania e Francia foron constantes –non sistemáticas– (de feito, o primeiro texto cronoloxicamente datado que conservaron os cancioneiros, de arredor de 1200, o sirventés *Ora faz ost'o senhor de Navarra*, de Johan Soarez de Pávia, é un *contrafactum* dunha canción de cruzada de Conon de Béthume). En segundo lugar, os galegos e portugueses participaron nas Cruzadas xunto a individuos da Europa do momento, á vez que Santiago de Compostela foi meta de peregrinación de primeira importancia na Idade Media. En terceiro lugar, téñense sinalado os contratos

²⁴ C. Alvar-S. Asperti-V. Bertolucci, *Storia delle letterature medievali romanze. L'area iberica*, Laterza, Bari, 1999.

²⁵ Basta pensar no *descort* plurilingüe de Raimbaut de Vaqueiras ou na utilización do occitano polo trobador portugués García Mendiz d'Eixo. Nos seus estudos, o historiador luso A. Resende de Oliveira ten posto a énfase na importancia que os contactos cos provenzais tiveron na xénese da lírica que logo se implantaría e desenvolvería no occidente peninsular. Véxase a recompilación de estudos que recolle no seu último volume publicado, *O Trovador galego-português e o seu mundo*, Editorial Notícias, Lisboa, 2001.

matrimoniais que uniron as casas nobiliarias francesas e occitanas coas da Península Ibérica. Ultimamente, sen embargo, a crítica ten posto a énfase sobre o primeiro dos aspectos sinalados.

Santiago de Compostela exerceu como un gran centro cultural do noroeste peninsular durante a Idade Media, pero foi un centro de cultura latina. Xunto a el, e como cenáculos de cultura en *rusticam romanam linguam*, ós que seguramente hai que adscribir a produción dos trobadores, deben destacarse as cortes señorais portuguesas (a da poderosa familia dos Sousa é un bo exemplo), galegas (a da familia Traba) ou castelás (os Haro) e, sen dúbida ningunha, as cortes de Alfonso X de Castela e León e a de don Denis de Portugal.

Sobre a lingua da *escripta*, tense afirmado, como ocorre noutras poéticas, como a occitana, que é unha *koiné*, con características bastante uniformes, na que non se percibe a división política entre o territorio situado ó norte e ó sur do río Miño, e na que, ademais, cantarán os poetas de case todo o territorio ibérico (casteláns, leoneses, aragoneses e mesmo algúns estranxeiros). Con todo, cómpre advertir que o estudio desta lingua está por facer: non hai unha descripción particularizada da lingua do máis antigo dos cancioneiros conservados, o *Cancioneiro da Ajuda*, e tampouco se fixeron estudos sobre a lingua dos apógrafos italianos (caracterizada por unha pátina portuguesizante, froito, con toda probabilidade, da elaboración do seu antecedente na corte de don Pedro, conde de Barcelos).

A tradición manuscrita é pobre, unitaria e estéril. Non en van, só se conservan tres grandes cancioneiros, o *Cancioneiro da Ajuda*, datado a finais do século XIII ou principios da seguinte centuria, e os denominados apógrafos italianos, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*, antigo Colocci-Branuti, e *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*, copiados en Italia no século XVI por mandato do humanista Angelo Colocci con toda probabilidade a partir dun único exemplar ibérico. Deixando á marxe o *descriptus* do códice da Vaticana descuberto hai pouco máis dunha década, o denominado *Cancioneiro da Bancroft Library*, contamos unicamente con outros fragmentos menores, testemuñas parciais que non achegan textos novos, áinda que si, nalgún caso, como os dous que citamos a seguir, música: o *Pergamiño Vindel*, que contén as *cantigas de amigo* de Martin Codax, e o denominado *Fragmento Sharrer*, que copia sete *cantigas de amor* de don Denis. Finalmente, citaremos as copias do século XVII *M* e *P*, que nos transmiten un texto da autoría dun trobador tardío, don Afonso

Sanchez, e que están conservadas en dúas misceláneas depositadas, respectivamente, na Biblioteca Nacional de Madrid e na Biblioteca Pública Municipal do Porto.

A lírica galego-portuguesa divídese habitualmente en tres xéneros, seguindo as disposicións do anónimo tratadista da *Arte de Trovar* copiada nos folios iniciais do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*: dous amorosos, *cantiga de amor e cantiga de amigo*, e un satírico, a *cantiga de escarnio e maldizer*, ós que se suman outros menos definidos, menos cultivados ou caracterizados por un alto grao de hibridismo, tipificados normalmente coa etiqueta de “menores”, e as denominadas “modalidades xenéricas”²⁶. Algúns son herdeiros da tradición occitana, como a *tensó*, o *descordo*, o *pranto* ou a *pastorela*; outras, pola contra, son propias da tradición poética do noroeste peninsular, como é o caso das *romarías* e das *mariñas*.

A lírica galego-portuguesa conxuga dúas tradicións diferentes, a occitana e a autóctona. A cantiga é o resultado de ambas, tanto na súa forma como no seu contido, filtradas polo trobador. Algúns temas son importados, aínda que sometidos a unha profunda revisión e adaptación ás características histórico-culturais do territorio receptor. Así, o epicentro do cancioneiro áulico será o amor, cos seus motivos característicos (a vasalaxe amorosa, as nefastas consecuencias que o sentimento provoca no trobador, ...), pero adaptado a unha poética nova: na tradición galego-portuguesa o amor é un amor non correspondido, motivo de *coita*, de *loucura* ou de morte para quen o padece. A muller, como acontecía na poesía occitana, segue sendo a protagonista das composicións amorosas, pero agora é unha muller abstracta, indeterminada, incorpórea. Na *cantiga de amigo*, a amiga inscríbese na tradición da canción de muller románica, e, polo tanto, será unha moza doncela, pretendidamente inxenua, que a miúdo fai o panexírico da súa beleza.

En canto á *cantiga de escarnio e maldizer*, emparentada co sirventés occitano, caracterízase pola gran variedade de temas que trata; os canons do xénero abren perspectivas moi amplas, dende a sátira persoal á política ou literaria, cunha grande pluralidade de tons e de rexistros. Dentro do xénero, un certo número de cantigas poden ser agrupadas en base ás súas concomitancias temáticas, e así o fixo a crítica, que estableceu distintos ciclos: o ciclo das amas, o ciclo das soldadeiras ou o da guerra de Granada, entre outros.

²⁶ Cfr. M. Brea-P. Lorenzo Gradín, *A cantiga de amigo*, Xerais, Vigo, 1998.

No que se refire ós aspectos estructurais da cantiga, a versificación segue o modelo occitano, pero simplificanse notablemente tanto a extensión das estrofas (*cobras*) e da composición mesma como os artifícios retóricos. Estes insisten habitualmente nos procedementos referidos á concatenación de estrofas e en recursos que subliñan os elementos tematicamente relevantes na estructuración conceptual dos textos: *cobras capcaudadas*, *cobras capfinidas*, *cobras capdenals*, paralelismo, *leixa-pren*, *dobre*, *mozdobre*, *palavra-perduda*, palabra-rima, rima derivada, entre outros.

As cantigas distribúense en dous tipos, segundo a presencia ou ausencia de refrán: son as cantigas de *mestria* e as cantigas de *refran*. As primeiras son más frecuentes no xénero da *cantiga de amor*, mentres que as segundas teñen unha elevada frecuencia na *cantiga de amigo*; ambos xéneros empregan, como o escarnio, con moita frecuencia o paralelismo nas súas diversas modalidades, e as técnicas da *repetitio*, recursos todos característicos da lírica galego-portuguesa, que busca a organización do discurso poético de xeito aparentemente simple.

En canto á *cantiga de amigo*, nela debemos prestarlle particular atención á simboloxía (os cabelos, o cervo, a auga, ...), que adquire gran relevo nestes textos e que lle confire un cuño característico, con frecuencia directamente relacionado co enorme atractivo do que, dende sempre, gozaron estas composicións.

Polo que respecta ós autores, pertencentes a distintas capas sociais, dende reis a humildes xograres, pasando por bastardos rexios, nobres de alta liñaxe, cabaleiros, clérigos ou burgueses, estudiaremos a súa adscrición ás distintas xeracións poéticas, así como os círculos nobiliarios ou áulicos que frecuentaron, aproveitando as últimas aportacións que a crítica fixo neste campo e que nos conducen, basicamente, ás investigacións do profesor e historiador portugués A. Resende de Oliveira (áinda coas limitacións que estes estudios teñen, e que deben ser, tamén, reseñadas). A grandes trazos, e tomado como base os últimos estudios de Oliveira, pódense distinguir catro períodos nos que, coas debidas cautelas, é posible encadrar os autores das cantigas: as primeiras experiencias (1170-1220), a implantación (1220-1240), a expansión (1240-1300) e o denominado período de “refluxo” (1300-1350). Non será ocioso, por outro lado, adscribir a determinados períodos xéneros, temas concretos e mesmo a posta en práctica de determinados artifícios retóricos, como a crítica vén facendo nos últimos anos, con bos resultados. Fixaremos así un pouco máis concretamente os datos adquiridos na exposición dos epígrafes precedentes do tema, toda vez que agora os

textos se van ir adscribindo a nomes, biografías e circunstancias de produción concretas.

A continuidade cronolóxica obríganos a ocuparnos aquí do período circunscrito á segunda metade do século XIV e primeira metade da seguinte centuria, cando, despois da morte de don Denis e dos seus bastardos –primeiro de don Afonso Sanchez e, despois, do último mecenás da escola galego-portuguesa, don Pedro de Portugal, conde de Barcelos–, e nunha situación histórico-política e social complexa en Portugal e de profunda prostración e decadencia en Galicia, a poesía se refuxia no ámbito da corte de Castela, que se afianza dentro da Península gracias ó seu prestixio político: son os anos da chamada poesía galego-castelá. É o momento de buscar novas vías de expresión, caracterizadas polo hibridismo lingüístico (basicamente emprégase unha lingua diversa, o castelán, áinda que tamén se recorre con frecuencia á *koiné* anterior, o galego-portugués), e de adecuarse a outros moldes: asistimos, así, ó abandono progresivo da poética trobadoresca e da súa técnica de execución e ó nacemento dun tipo de poesía destinada á lectura, con predominio do *dezar* alegórico sobre a cantiga amorosa que dominara a lírica cortés, e á marcada influencia da poesía lírica italiana, que se deixa sentir con forza no outono da Idade Media.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓN DE TEXTOS

Azevedo Filho, L. A. de, *As cantigas de Pero Meogo*, Laiovento, Santiago de Compostela, 1995 [1^a ed., 1974].

Alvar, C., *Las poesías de Pero Garcia d'Ambroa*, Pacini, Pisa, 1985.

Alvar, M., *Las once cantigas de Joan Zorro*, Universidad de Granada, Granada, 1969 [2^a ed.].

Annicchiarico, A., “Per una lettura del canzoniere di Johan Vaasquiz de Talaveira”, *Annali dell'Istituto Universitario Orientale*, 16, 1974, pp. 135-157.

Arbor Aldea, M., *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2001.

Arias Freixedo, X. B., *O cancionero de Roy Fernandiz*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1998 [tese de doutoramento inédita].

- , *As cantigas de Johán de Cangas*, Universidade de Vigo, Vigo, 1998.
- Astey, L., *Una edición del Pergamino Vindel*, Nova, Lisboa, 1976.
- Barbieri, M., “Le poesie di Roy Paez de Ribela”, *Studi Mediolatini e Volgari*, 27, 1980, pp. 5-103.
- , “Les cantigas d’amigo di Fernan Froyaz”, *E vos, Tágides minhas. Miscellanea in onore di Luciana Stegagno Picchio*, a cura di M. J. de Lancastre, S. Peloso, U. Serani, Mauro Baroni Editore, Viareggio-Lucca, 1999, pp. 81-99.
- Beltrami, P. G., “Pero Viviaeze e l’amore per udita”, *Studi Mediolatini e Volgari*, 22, 1974, pp. 43-65.
- , “Pero Viviaeze: poesie “d’amigo” e satiriche”, *Studi Mediolatini e Volgari*, 26, 1978-1979, pp. 107-124.
- Bell, A. F. G., “The eleven songs of Joan Zorro”, *Modern Language Review*, 15, 1920, pp. 58-64.
- , “The hill songs of Pero Meogo”, *Modern Langague Review*, 17, 1922, pp. 258-262.
- , “The seven songs of Martin Codax”, *Modern Language Review*, 18, 1923, pp. 162-167.
- Bertolucci Pizzorusso, V., *As poesías de Martin Soares*, Galaxia, Vigo, 1992 [1^a ed., 1963].
- Blasco, P., *Les chansons de Pero Garcia Burgalês, troubadour galicien-portugais du XIII^e siècle*, Fundação Calouste Gulbenkian-Centro Cultural Português, Paris, 1984.
- Braga, T., *Cancioneiro Portuguez da Vaticana*, Imprensa Nacional, Lisboa, 1878.
- Calderón Calderón, M., “Las cantigas de amigo de Pero Gonçalvez de Portocarreiro”, *La literatura en la época de Sancho IV (Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”*, Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994), edición al cuidado de C. Alvar y J. M. Lucía Megías, Universidad de Alcalá, Alcalá de Henares, 1996, pp. 323-342.
- , “Las cantigas d’escarnho de Johan Velho de Pedrogaez”, *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, edición de C. Parrilla et alii, Universidade da Coruña, A Coruña, 1998, vol. I, pp. 123-133.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991*, Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1982 [edición facsimilar].

Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803), Centro de Estudos Filológicos-Instituto de Alta Cultura, Lisboa, 1973 [edición facsimilar].

Carter, H. H., *Cancioneiro da Ajuda. A diplomatic edition*, Modern Language Association of America-Oxford University Press, New York-London, 1941 [Draus Reprint Co. New York, 1975].

Cohen, R., *500 Cantigas d'Amigo*, Campo das Letras, Porto, 2003.

Cotarelo Valledor, A., “Cancionero de Payo Gómez Chariño, almirante y poeta (siglo XIII)”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 16, 1929, pp. 467-491, 615-641; 17, 1930, pp. 523-538, 664-687; 18, 1931, pp. 348-371; posteriormente, Madrid, 1974 [edición facsimilar, con prólogo e apéndices de E. Monteagudo Romero, Servicio Central de Publicacións, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1984].

Cunha, C. Ferreira da, *O cancionero de Paay Gomez Charinho, trovador do século XIII*, Rio de Janeiro, 1945.

—, *O cancionero de Joan Zorro*, Tempo, Rio de Janeiro, 1949.

—, *O cancionero de Martin Codax*, Tempo, Rio de Janeiro, 1956.

D'Heur, J. M., “L'Art de trouver du chansonnier Colocci-Brancuti. Édition et analyse”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, 9, 1975, pp. 321-398.

Dionísio, J., *As Cantigas de Fernan Soarez de Quinhones*, Lisboa, 1992 [dissertação de mestrado].

Domingues, A., *Cantigas de João Garcia de Guilhade. Subsídios para o seu estudo linguístico e literário*, Edição da Câmara Municipal de Barcelos, Barcelos, 1992.

Donati, C., “Pero Goterres, cavaliere e trovatore”, *Romanica Vulgaria. Quaderni*, 79, 1979, pp. 67-92.

Fernández Graña, D. M., “Edición de cantigas de Martin Padrozelos”, *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, edición de C. Parrilla *et alii*, Universidade da Coruña, A Coruña, 1998, vol. I, pp. 253-260.

Fernández Guiadanes, A.-Magán Abelleira, F.-Rodríguez Caramés, I.-Rodríguez Castaño, M.-Ron Fernández, X. X.-Vázquez Pacho, M. C., *Cantigas do Mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 1998.

Ferreiro, M., *As cantigas de Rodrigu'Eanes de Vasconcelos*, Laiowento, Santiago de Compostela, 1992.

Finazzi-Agrò, E., “Le due *cantigas* di Roy Gomez de Bryteiros”, *Estudos italianos em Portugal*, 38-39, 1975-1976, pp. 183-206.

—, *Il canzoniere di Johan Mendiz de Briteyros*, Japadre Editore, L’Aquila, 1979.

Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, estudos de J. V. Pina Martins e M. A. Ramos, Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, Lisboa, 1994.

Gaspar, S., *Libro dos cantares de Afons'Eanes do Coton*, Concello de Negreira, Negreira, 1995.

Gonçalves, E., *Poesia de Rei: Três Notas Dionisinas*, Cosmos, Lisboa, 1991.

—, *Celso Ferreira da Cunha. Cancioneiros dos Trovadores do Mar*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1999.

González González, E. M., “Edición y retórica: *A dona que eu vi por meu*, de Ayras Veaz, según el manuscrito A”, *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, edición de C. Parrilla *et alii*, Universidade da Coruña, A Coruña, 1998, vol. I, pp. 275-284.

Horan, W. D., *The poems of Bonifacio Calvo*, Mouton, La Haya-Paris, 1966.

Indini, M. L., *Bernal de Bonaval. Poesie*, Adriatica Editrice, Bari, 1978.

Juárez Blanquer, A., *Cancionero de Pero da Ponte*, TAT, Granada, 1988.

Judici, N., *Cancioneiro. D. Denis*, Teorema, Lisboa, 1998.

Lanciani, G., “Ayras Veaz o il trovatore dimezzato”, *Cultura Neolatina*, 34, 1974, pp. 99-115.

—, *Il canzoniere di Fernan Velho*, Japadre Editore, L’Aquila, 1977.

Lang, H. R., *Das Liederbuch des Königs Denis von Portugal*, Niemeyer, Halle, 1894 [reimpresión Georg Olms Verlag, Hildesheim-New York, 1972].

Lapa, M. Rodrigues, *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Ir Indo Edicións-Edições João Sa da Costa, Vigo-Lisboa, 1995 [3^a ed.; 1^a ed., 1965].

—, *Cantigas de D. Lopo Lias*, Anadia, 1964.

Lopes, G. Videira, *Cantigas de Escárnio e Maldizer dos Trovadores e Jograis Galego-Portugueses*, Editorial Estampa, Lisboa, 2002.

Macchi, G., “Le poesie di Roy Martinz do Casal”, *Cultura Neolatina*, 26, 1966, pp. 129-157.

- Machado, E. Paxeco-Machado, J. P., *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Antigo Colocci-Brancuti)*, Edição da *Revista de Portugal*, Lisboa, 1949-1964, 8 vols.
- Machado, M. C. Pereira, *As cantigas de amor e de amigo de Pero Gómez Barroso*, Rio de Janeiro, 1981.
- Magne, A., “Um trovador do período post-dionisiano. Dom Afonso Sanches [1279-1329]”, *Revista de Philologia e de História*, 1, 1931, pp. 58-88.
- Majorano, M., *Il canzoniere di Vasco Perez Pardal*, Adriatica Editrice, Bari, 1979.
- Marroni, G., “Le poesie di Pedr’Amigo de Sevilha”, *Annali dell’Istituto Universitario Orientale*, 10, 2, 1968, pp. 198-340.
- , “Afonso Fernandez Cebolhilha e il suo minuscolo canzoniere”, *Studi Mediolatini e Volgari*, 18, 1970, pp. 71-75.
- Martínez Pereiro, C. P., *As cantigas de Fernan Paez de Tamalancos*, Laiovento, Santiago de Compostela, 1992.
- Méndez Ferrín, X. L., *O cancioneiro de Pero Meogo*, Galaxia, Vigo, 1966.
- Minervini, V., “Le poesie di Ayras Carpancho”, *Annali dell’Istituto Universitario Orientale*, 16, 1, 1974, pp. 21-113.
- Molteni, E., *Il canzoniere portoghese Colocci-Brancuti, pubblicato nelle parti che completano il codice vaticano 4803*, Max Niemeyer Editore, Halle, 1880.
- Monaci, E., *Il Canzoniere Portoghese della Biblioteca Vaticana*, Max Niemeyer Editore, Halle, 1875.
- Monteagudo Romero, H., *Cantigas de Martin Codax*, Galaxia, Vigo, 1998.
- Morabito, M. T., “Le due cantigas d’amigo di Estevam Coelho”, *Revista da Biblioteca Nacional*, 2ª série, 2, 1, 1987, pp. 7-21.
- Nobiling, O., “As cantigas de D. Joan Garcia de Guilhade, trovador do século XIII”, *Romanische Forschungen*, 25, 1908, pp. 641-719.
- Nodar Manso, F., *La narratividad de la poesía lírica galaico-portuguesa*, Reichenberger, Kassel, 1985, vol. II.
- Nunes, J. J., *Cantigas d’Amor dos trovadores galego-portugueses*, Kraus Reprint C.O., New York, 1971 [1ª ed., 1932].
- , *Cantigas d’Amigo dos trovadores galego-portugueses*, Centro do Livro Brasileiro, Lisboa, 1973, 3 vols. [1ª ed., 1926-1928].
- Pagani, W., “Il canzoniere di Estevan da Guarda”, *Studi Mediolatini e Volgari*, 19, 1971, pp. 51-179.

- Panunzio, S., *Pero da Ponte. Poesías*, Galaxia, Vigo, 1992 [1^a ed., 1967].
- Paredes Núñez, J., *Alfonso X. Cantigas profanas*, Universidad de Granada, Granada, 1988.
- , *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio*, Japadre Editore, L'Aquila, 2001.
- Pellegrini, S., “Il canzoniere di D. Lopo Liáns”, *Varietà romanze*, Biblioteca di Filologia Romanza, 28, Adriatica Editrice, Bari, 1977, pp. 44-82.
- Peña, X. R., *Xograres do mar de Vigo*, Xerais, Vigo, 1998.
- Piccat, M., “Le cantigas d'amor di Bonifacio Calvo”, *Zeitschrift für Romanische Philologie*, 105, 1989, pp. 161-177.
- , *Il canzoniere di Don Vasco Gil*, Adriatica Editrice, Bari, 1995.
- Pimpão, A. J. da Costa, *Cancioneiro d'El-Rei Dom Dinis. Antologia*, Atlântida, Coimbra, 1960.
- Radulet, C. M., *Estevam Fernandez d'Elvas. Il canzoniere*, Adriatica Editrice, Bari, 1979.
- Reali, E., “Il canzoniere di Pero Eanes Solaz”, *Annali dell'Istituto Universitario Orientale*, 4, 2, 1962, pp. 167-195.
- , “Le cantigas di Juyão Bolseyro”, *Annali dell'Istituto Universitario Orientale*, 6, 2, 1964, pp. 237-335.
- Rey Somoza, A., “A obra de Diego Moniz”, *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, edición de C. Parrilla *et alii*, Universidade da Coruña, A Coruña, 1998, vol. II, pp. 551-564.
- Ripoll, A.-Graña, B., *Johan de Cangas*, Xerais, Vigo, 1998.
- Rodiño Caramés, I., “Fernand'Eanes e a súa troba (V 387). Edición crítica”, *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, edición de C. Parrilla *et alii*, Universidade da Coruña, A Coruña, 1998, vol. II, pp. 565-581.
- Rodríguez, J. L., *El cancionero de Joan Airas de Santiago*, Verba, Anexo 12, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1980.
- Rodríguez Castaño, M. C., “Una cantiga de amor de Johan Fernandez d'Ardeleiro”, *Actas del VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares, 12-16 de septiembre de 1995)*, edición de J. M. Lucía Megías, Universidad de Alcalá, Alcalá de Henares, 1997, vol. II, pp. 1315-1334.

Ron Fernández, X. X., “Johan Jograr, morador en Leon. Edición crítica e estudio das súas cantigas”, *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, edición de C. Parrilla *et alii*, Universidade da Coruña, A Coruña, 1998, vol. II, pp. 583-606.

Simões, M., *Il canzoniere di D. Pedro, conte di Barcelos*, Japadre Editore, L’Aquila, 1991.

Spaggiari, B., “Il canzoniere di Martim Codax”, *Studi Medievali*, 21, 1980, pp. 367-409.

Spampinato Beretta, M., *Fernan Garcia Esgaravunha. Canzoniere*, Liguori Editori, Napoli, 1987.

Spina, S., *As cantigas de Pero Mafaldo*, Tempo Brasileiro, Rio de Janeiro, 1983.

Stegagno Picchio, L., “As cantigas de amor de Vidal, judeu de Elvas”, *A Lição do Texto. Filologia e Literatura. I. Idade Média*, Edições 70, Lisboa, 1979, pp. 67-93 [1^a ed., 1962].

—, *Martin Moya. Le poesie*, Edizioni dell’Ateneo, Roma, 1968.

Tavani, G., *Lourenço. Poesie e tenzoni*, Società Tipografica Editrice Modenese, Modena, 1964.

—, *A poesía de Airas Nunez*, Galaxia, Vigo, 1992 [1^a ed., 1963].

—, *Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*, Colibri, Lisboa, 1999.

Toriello, F., *Fernand’Esquyo. Le poesie*, Adriatica Editrice, Bari, 1976.

Vallín, G., *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós*, Universidad de Alcalá de Henares, Alcalá de Henares, 1996.

Vasconcelos, C. Michaëlis de, *Cancioneiro da Ajuda*, Max Niemeyer, Halle, 1904, 2 vols. [reprint, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1990].

—, “Randglossen zum altportugiesischen Liederbuch. XV. Vasco Martinz und D. Afonso Sanchez”, *Zeitschrift für romanische Philologie*, 29, 1905, pp. 683-711.

Vasconcelos, J. Leite de, “Tenção entre D. Affonso Sanchez e Vasco Martins”, *Revista Lusitana*, 7, 1902, pp. 145-147.

Víñez Sánchez, A., *Don Gonçal’Eanes do Vinhal: Reconstrucción histórico-biográfica y edición crítica de su obra*, Universidad de Cádiz, Cádiz, 1993 [tese de doutoramento inédita].

Zilli, C., *Johan Baveca. Poesie*, Adriatica Editrice, Bari, 1977.

ESTUDIOS

Finalmente, ó denominado “ciclo carolinxio” podemos adscribir os *Milagres de Santiago*, texto datado entre finais do século XIV e comezos da seguinte centuria que se conserva no manuscrito 7455 da Biblioteca Nacional de Madrid. Contén unha traducción parcial do *Codex Calixtinus* ou *Liber Sancti Iacobi*, manuscrito do século XII conservado no Arquivo da Catedral de Santiago, xa que, das cinco partes que componen este –libro litúrxico, libro dos milagres, libro da translación do corpo de Santiago, o Pseudo-Turpín e a Guía de Peregrinos–, só se fixo unha versión simplificada dos milagres, do Pseudo-Turpín e dunha pequena parte da Guía de Peregrinos. Engadíronse, iso si, e tomados doutras fontes, catro milagres, a vida e paixón de Santiago Alfeu, a destrucción de Xerusalén, a vida e morte de Pilatos, o traslado da cabeza de Santiago Alfeu a Compostela, a Epifanía e a Asunción. De novo están presentes no texto os elementos fantásticos, que conviven co mundo relixioso; como nas obras descritas nas liñas precedentes, os feitos épicos mestúranse con magníficas descripcións e pasaxes moralizantes, nun modo de contar que se verifica como característico da época medieval.

É xustamente esta mestura de realidade e fantasía, de historia e marabilla, a que encontramos nos textos que imos estudiar neste tema baixo o epígrafe de “prosa histórica”: caben aí a *Crónica Xeral* e a *Crónica de Castela*, a *Xeral Estoria*, a *Crónica Xeral de 1404* e a *Crónica de Santa María de Iría*. No primeiro caso estamos ante unha traducción, conservada en dous códices, o 8817 da Biblioteca Nacional de Madrid e o 2497 da Biblioteca Universitaria de Salamanca. No primeiro manuscrito, que contén a traducción da *Versión amplificada en 1289 da Estoria de España de Afonso X* e da chamada *Crónica de Castilla* e da *Crónica Particular de San Fernando*, relátase con todo pormenor a historia dos reis de León-Castela, desde Ramiro I ata a morte de Fernando III. Constitúe este un texto de enorme valor, tanto pola súa cronoloxía como

polo seu valor lingüístico e literario, pois está na base da *Crónica Geral de 1344* do Conde de Barcelos e da *Crónica Xeral de 1404*, ademais de incorporar, con distinta extensión e tratamiento, diferentes lendas, tradicións orais e cantares de xesta, referidos tanto a personaxes históricos como ficticios.

Fantasía e historia danse a man tamén na *Xeral Estoria*, traducción da *General Estoria* de Afonso X conservada no manuscrito O.I.1. da Biblioteca do Escorial e elaborada no primeiro tercio do século XIV. Da magna, enciclopédica e universalista obra afonsina o traductor só verteu para o galego os seis primeiros libros e parte do séptimo. En canto á *Crónica de 1404*, é unha obra de carácter compilatorio, escrita primitivamente en galego, que se conserva en tres manuscritos, ben na súa totalidade, ben parcialmente (Biblioteca Menéndez Pelayo de Santander, M-62; Mosteiro do Escorial, ms. X-i-8; Manuscrito Vindel, depositado na Hispanic Society of America, Nova York, ms. B. 2278). Está constituída por catro partes desiguais, que comprenden dende as orixes do mundo ata os reinados que seguiron ó de Fernando III. O colofón, as interpolacións e diversos datos dispersos no texto permítennos saber que a *Crónica* se escribiu no reinado de Henrique III, no ano 1404, e coñecer, así mesmo, distintas informacíons verbo do autor, tal vez un eclesiástico vinculado a Galicia,

Finalmente, a *Crónica de Santa María de Iria*, que se data no século XV, consérvase non na súa redacción orixinal, senón en copias refundidas que presentan dúas versións (manuscritos depositados no Arquivo da Catedral de Santiago –do que seguramente derivan as copias conservadas na Biblioteca Nacional de Madrid (ms. 1228) e na Biblioteca Universitaria de Salamanca (ms. 1924)– e na Biblioteca Vaticana). Relata a *Crónica* a historia da Igrexa de Santa María de Iria, onde se establecera primitivamente o bispado antes do seu traslado a Santiago, incluíndo un episcopoloxía de Iria e Compostela dende os seus inicios ata Diego Xelmírez. Na deste texto están o *Chronicon Iriense* e a *Historia Compostellana* e nel mestúranse, unha vez máis, a historia propiamente dita con acontecementos de carácter relixioso e coa descripción de feitos fantásticos.

Á marxe destes, conservamos textos de carácter xurídico –fragmentos do *Foro Real* e das *Sete Partidas* de Afonso X, así como das *Flores de Dereito*, de Mestre Jacobo de Junta ou Jacobo de las Leyes– e un texto de carácter técnico, o *Tratado de Albeitaria*, que nos estudiaremos en detalle. A eles teremos que referirnos, sen embargo, en canto son mostra da riqueza textual galega da Idade Media e dun legado que sufriu o

espolio dun tempo que, ás veces, acabou por borrar os textos, caracterizados na Península por unha pobre tradición manuscrita, da nosa memoria e da nosa cultura.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓN DE TEXTOS

Askins, A. L.-F., Avenoza, G.-Dias, A. Fernandes-Pérez Pascual, J. I.-Sharrer, H. L., “Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s. XIV)”, *Revista de Literatura Medieval*, 9, 1997, pp. 9-43.

Avenoza, G., “Atopáronse dous pergamiños... O redescubrimento duns fragmentos en galego das *Partidas*”, *Romance Philology*, 49, 2, 1995, pp. 119-129.

Carro, J., *Corónica de Santa María de Iria (Códice gallego del siglo XV)*, CSIC-Instituto Padre Sarmiento, Santiago de Compostela, 1951.

Carter, H. H., *The Portuguese Book of Joseph of Arimathea*, The University of North Caroline Press, Chapel Hill, 1967.

Dias, A., F., “As *Partidas* de Afonso X: novos fragmentos em língua portuguesa”, *Revista Portuguesa de Filologia*, 20, 1994, pp. 91-124.

Domínguez Fontenla, J., “*Tratado de Albeitaria* por Jordan Rubio, de Calabria”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Ourense*, 11, 1938, 238, pp. 302-309; 239, pp. 345-352; 240, pp. 395-402; 241, pp. 451-458; 242, pp. 495-502; 243, pp. 543-550; 12, 244, pp. 13-20; 245, pp. 93-100; 246, pp. 109-115.

—, “El Códice de Albeiraria de Alvaro Eans o Yans da Seira. Epílogo”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Ourense*, 12, 1940, 251, pp. 261-264.

Fernández-Ordóñez, I., *Versión crítica de la Estoria de España. Estudio y edición desde Pelayo hasta Ordoño II*, Fundación Menéndez Pidal-Universidad Autonómica de Madrid, Madrid, 1993.

Ferreira, J. de Azevedo, *Alfonso X. Foro Real*, INIC, Lisboa, 1987, 2 vols.

—, *Jacob de Junta. Flores de Dereyto*, Universidade do Minho, Braga, 1989.

García Solalinde, A., *Alfonso El Sabio. General Estoria. Primeira parte*, Centro de Estudios Históricos, Madrid, 1930.

Lindley Cintra, L. F., *Crónica Geral de Espanha de 1344*, Academia Portuguesa da História, Lisboa, 1951.

López, Fr. A., “Códice en gallego de la *Legenda Aurea* o *Flos Sanctorum*”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 101, 1916, pp. 97-107; 102, pp. 121-132.

López Aydillo, E., *Os Miragres de Santiago, versión gallega del s. XIV del Códice Calixtino Compostelano del s. XII*, Valladolid, 1918.

Lorenzo Gradín, P.-Souto Cabo, J. A. (coords.), *Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario*, realizado por M. Arbor Aldea, S. Gutiérrez García e S. López Martínez-Morás, G. Pérez Barcala, co apoio de E. Díaz Martínez e L. Poncia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2001.

Lorenzo Vázquez, R., *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, Ourense, 1975-1977, 2 vols.

—, *Crónica Troiana*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa-Real Academia Galega, A Coruña, 1985.

Magne, A., *A Demanda do Santo Graal*, Instituto Nacional do Livro, Rio de Janeiro, 1944-1945, 3 vols.

Martínez López, R., *General Estoria. Versión Gallega del Siglo XIV. Ms O.I.I. del Escorial*, Universidad de Oviedo, Oviedo, 1963.

Martínez Salazar, A., *Crónica Troyana, códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid*, Martínez Salazar Editor, A Coruña, 1900.

—, “Fragmento de un nuevo códice gallego de Las Partidas”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 3, 31, 1909, pp. 149-158; 32, 1910, pp. 171-179.

Menéndez Pidal, R., *Primera Crónica General de España que mandó componer Alfonso el Sabio y se continuaba bajo Sancho IV en 1289*, Gredos, Madrid, 1955.

Oviedo y Arce, E., “Fragmento de una versión gallega del Código de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio”, *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, 1, 1901, pp. 4-13.

—, “Cuatro fragmentos de distintos Códices gallegos de *Las Partidas* de Alfonso el Sabio”, *Colección Diplomática de Galicia Histórica*, 1, 1901, pp. 103-135.

—, “Fragmento de un códice galaico-castellano de las *Partidas* (apógrafo del siglo XIII)”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 9, 1916, pp. 73-82.

Parker, K. M., *Historia Troyana*, CSIC-Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1975.

Pensado, J. L., *Miragres de Santiago, Revista de Filología Española*, Anejo 58, Madrid, 1958.

—, *Fragmento de un Livro de Tristán galaico-portugués*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Anejo 14, Santiago de Compostela, 1962.

—, “Tres fragmentos jurídicos galaico-portugueses”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 29, 1974-1975, pp. 102-129.

Pérez Pascual, J. I., *Crónica de 1404*, Universidad de Salamanca, Salamanca, 1990 [tese de doutoramento inédita].

Piel, J. M.-Freire-Nunes, I., *A Demanda do Santo Graal*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 1988.

Serrano y Sanz, M., “Fragmento de una versión galaico-portuguesa de *Lanzarote del Lago* (manuscrito del siglo XIV)”, *Boletín de la Real Academia Española*, 15, 1928, pp. 307-314.

Soberanas, A. J., “La versión galaico-portuguesa de la *Suite du Merlin*. Transcription du fragment du XV^e siècle de la Bibliothèque de Catalogne, ms. 2434”, *Vox Romanica*, 38, 1979, pp. 174-193.

Souto Cabo, J., *Rui Vasques. Crónica de Santa María de Íria*, Cabido da S. A. M. I. Catedral de Santiago-Seminario de Estudos Galegos / Do Castro, Sada-A Coruña, 2001.

ESTUDIOS

Beltrán, V., “Itinerario de los tristanes”, *Voz y Letra*, 7, 1, 1996, pp. 17-44.

Castro, I., “Quando foi copiado o *Livro de José de Arimateia?*”, *Boletim de Filologia*, 25, 1976-1979, pp. 173-183.

—, “Sobre a data da introdução na Península Ibérica do ciclo arturiano da Post-Vulgata”, *Boletim de Filologia*, 28, 1983, pp. 81-98.

—, “Hábitos tabeliónicos num manuscrito literário –*Livro de José de Arimateia*”, *Boletim de Filologia*, 29, 1984, pp. 119-128.

—, “O fragmento galego do *Livro de Tristan*”, *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, edición de D. Kremer, Galaxia, Vigo, 1998, vol. I, pp. 135-149.

Catalán, D., *De Alfonso X al Conde de Barcelos. Cuatro estudios sobre el nacimiento de la historiografía romance en Castilla y Portugal*, Gredos, Madrid, 1962.

—, *La Estoria de España de Alfonso X. Creación y evolución*, Seminario Menéndez Pidal-Universidad Autonóma de Madrid, Madrid, 1992.

—, “La expansión al Occidente de la Península Ibérica del modelo historiográfico “Estoria de España”. Nuevas precisiones”, *Miscelânea de Estudos Linguísticos, Filológicos e Literários in Memoriam Celso Cunha*, organização e coordenação de C. da Cunha Pereira e P. R. Dias Pereira, Nova Fronteira, Rio de Janeiro, 1995, pp. 521-534.

Entwistle, W. J., *A lenda arturiana nas literaturas da Península Ibérica*, Imprensa Nacional, Lisboa, 1942.

Fernández-Ordóñez, I., *Las Estorias de Alfonso el Sabio*, Istmo, Madrid, 1992.

García Álvarez, M. R., “Sobre la *Corónica de Iria*”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 19, 58, 1964, pp. 161-184.

González-Casasnovas, R. J., “La historiografía alfonsí: estado actual de las investigaciones”, *Actas del VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares, 12-16 de septiembre de 1995)*, edición de J. M. Lucía Megías, Universidad de Alcalá, Alcalá de Henares, 1997, vol. I, pp. 87-110.

Gómez Clemente, X. M. “A manifestación do marabilloso de orixe cristiá no texto historiográfico”, *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, edición de D. Kremer, Galaxia, Vigo, 1998, vol. I, pp. 151-176.

Gutiérrez García, S., *Orixes da materia de Bretaña. A Historia Regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2002.

Gutiérrez García, S.-Lorenzo Gradín, P., *A literatura artúrica en Galicia e Portugal na Idade Media*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2001.

Loomis, R. S., *Arthurian Literature in the Middle Ages*, Oxford University Press, Oxford, 1959.

López, Fr. A., “Gallego y portugués (Observaciones sobre el códice gallego de la *Legenda aurea*)”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 103, 1916, pp. 145-157.

López Martínez-Morás, S., “Apuntes sobre o *Livro de Tristán galego*”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. I, pp. 845-859.

Lorenzo Vázquez, R., “Correccións á edición da *Historia Troyana* de Parker”, *Verba*, 9, 1982, pp. 253-290.

—, “A prosa galega medieval”, *Filologia classica e filologia romanza: Esperienze eddottiche a confronto. Atti del Convegno (Roma, 25-27 maggio 1995)*, edizione di A. Ferrari, Centro Italiano di Studi sull’Alto Medioevo, Spoleto, 1998, pp. 121-136.

—, “Prosa medieval”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXX. Idade Media*, coordinado por M. Brea, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 366-429.

Lorenzo Vázquez, R.-Couceiro, X. L., “Correccións á Edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López”, *Homenaxe ó Profesor Camilo Flores*, edición de J. L. Couceiro *et alii*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 209-233.

Mackenzie, D., “García Álvarez y la *Corónica de Iria*”, *Anuario de Estudios Medievales*, 6, 1969, pp. 525-533.

—, ¿Unha crónica en galego de Xan Rodríguez do Padrón?, *Actas del I Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval, Santiago de Compostela, 2 al 6 de Diciembre de 1985*, edición de V. Beltrán, PPU, Barcelona, 1988, pp. 419-422.

Michon, P., “Le *Tristan* en prose galaïco-portugaise”, *Romania*, 112, 1-2, 1991, pp. 259-268.

Miranda, J. C. Ribeiro, “Como o rei Artur e os cavaleiros da sua corte demandaram o reino de Portugal”, *Colóquio / Letras*, 142, 1996, pp. 83-102.

Monteagudo Romero, H., “Narracións galegas da *inventio* do sepulcro xacobeo”, *Medioevo y Literatura. Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada, 27 septiembre-1 octubre 1993)*, edición de J. Paredes, Universidad de Granada, Granada, 1995, vol. III, pp. 361-396.

Pociña López, A. X., “As aventuras de Ulises: Algunhas concordancias e discordancias entre as versións da *Odisea*, a *Crónica Troiana* e a *Historia Troyana*”, *Boletín Galego de Literatura*, 24, 2000, pp. 57-71.

Rico, F., *Alfonso el Sabio y la General Estoria. Tres lecciones*, Ariel, Barcelona, 1984 [1^a ed., 1972].

Rodríguez, J. L., “O problema dos límites entre as literaturas galega e portuguesa na época medieval”, *Nova Renascença*, 72-73, 19, 1999, pp. 193-204.

—, “De castelhano para galego-português: as traduções medievais”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. I, pp. 1285-1299.

Soriano Robles, L. “La edición del fragmento de la copia gallega del *Libro de Tristán*”, *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña, 25-28 de septiembre de 1996)*, edición de C. Parrilla *et alii*, Universidade da Coruña, A Coruña, 1998, vol. II, pp. 667-675.

Steinbeck, J., *Los hechos del Rey Arturo y sus nobles caballeros*, Edhasa-Sudamericana, 1980 [2^a ed.].

I. IDADE MEDIA

TEMA 5. O TEATRO

1. A problemática dun xénero inexistente.
2. Espectáculos parateatrais.

Nada se conserva da literatura dramática producida en lingua galega entre os séculos XIII e XV, se é que tales textos chegaron a escribirse. Aínda que a crítica se ten mostrado, nalgún caso, favorable a deducir de certos indicios recollidos en textos doutra natureza, como nas propias cantigas ou en certas disposicións xurídicas e relixiosas, a existencia dunha actividade teatral no ámbito do occidente ibérico, a cautela parece imporse a este respecto. Non en van, son escasísimas as mostras de dramas litúrxicos en latín –a diferencia do que se verifica, por exemplo, no este da Península–, conservándose un único texto, a *Visitatio Sepulchri*, datado no século XII, de factura extraordinariamente simple, o que constitúe xa de por si un indicio da extrema pobreza que debía caracterizar, no que ó teatro se refire, a Idade Media no reino de Galicia e, en xeral, en todo o occidente ibérico.

En Portugal, a constitución da tradición teatral só se produce con Gil Vicente, que compón ó servicio das cortes de don Manuel e de don João III, e para un público eminentemente cortesán, nun período de profundos cambios históricos, sociais e culturais que non son alleos ó Renacemento. Pola contra, en Galicia, sumida nunha profunda prostración política, social, lingüística e cultural, o xénero vai ter un desenvolvemento ben distinto. De feito, haberá que esperar ata o século XVII, en pleno período de silencio da literatura galega, para encontrar o primeiro texto dramático, o *Entremés famoso sobre da pesca no río Miño*, da autoría de Gabriel Feixón de Araúxo.

Á parte quedan diversas noticias relativas a farsas, entremeses e mesmo distintos espectáculos caracterizados pola súa teatralidade, que sobreviviron, nalgúns casos, ata o momento presente: analizarémolos brevemente neste tema.

BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Pellitero, A., *Teatro medieval*, Espasa Calpe, Madrid, 1990.
- Castro Caridad, E., *Tropos y troparios hispánicos*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1991.
- , *Teatro medieval. I. El drama litúrgico*, Crítica, Barcelona, 1997.
- Drumbl, J., *Il teatro medievale*, Il Mulino, Bologna, 1989.
- Gómez Moreno, A., *El teatro medieval castellano en su marco románico*, Taurus, Madrid, 1991.
- González Pérez, C., *As penlas e a danza de espadas*, Concello de Redondela, Redondela, 1987.
- Harguindey Banet, H., “Galicia cultura aberta: camiños cara ao teatro”, *Revista Galega de Teatro*, 12, 1995, pp. 86-91.
- Lorenzo Gradín, P., “Teatro e espectáculo medievais no occidente peninsular”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXX. Idade Media*, coordinado por M. Brea, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 432-447.
- Lourenzo, M.-Pillard, F., *O teatro galego*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1979.
- Massip, F., *El teatro medieval. Voz de la divinidad, cuerpo de histrión*, Montesinos, Barcelona, 1992.
- Nodar Manso, F., “O teatro lírico galego-portugués do século XIII”, *Eidos do Libro. Revista Galega do Libro*, 0, 1998, pp. 22-24.
- Vieites, M. F., “Fontenlas esquecidas do teatro medieval”, *Guía dos libros novos*, 22, 2000, p. 29.

II. OS SÉCULOS ESCUROS

TEMA 6. INTRODUCCIÓN Ó ESTUDIO DOS SÉCULOS ESCUROS

1. Galicia a finais do século XV.
2. Os séculos XVI, XVII e XVIII.
 - 2.1. Situación política e social.
 - 2.2. Situación lingüística.
 - 2.3. A vida cultural.

Os séculos XVI a XVIII son denominados “Séculos Escuros” porque durante ese período o galego, apeado do esplendor medieval, perdeu case totalmente o seu cultivo escrito e caeu nun ignominioso desprestixio social. Ademais, durante estes tres séculos é difícil encontrar datos e informacóns que permitan trazar unha idea exacta da situación histórico-social e lingüística do galego.

Non poderemos comezar a exposición deste tema sen facer referencia obrigada a canto se sinalou no tema 1 deste programa, estudiando as convulsas transformacións que conduciron da sociedade tardofeudal galega á do Antigo Réxime. Desencadeáronse estas a partir da crise dinástica de mediados do século XIV –que culminou coa derrota definitiva da vella dinastía de Borgoña, apoiada pola maioría da nobreza galega, e coa súa substitución pola dinastía de Trastámara, que premiaría os nobres casteláns con terras e prebendas en Galicia–, intensificándose ó longo do turbulento século XV, e callaron no XVI. Se todo o século XV estivo convulsionado por revoltas sociais, entre aproximadamente 1465 e 1472 produciuse unha revolución xeral en Galicia, a *Guerra Irmandiña*, na que a burguesía dirixiu o campesiñado contra a nobreza, que acabou impóndose finalmente. Estas loitas enfraqueceron a sociedade galega e acabaron deixándoa a mercé de Castela, que remataría o proceso de sometemento dos sectores rebeldes. As implicacións socio-políticas e culturais que de aquí derivaron foron cruciais tanto para a lingua galega como para a súa literatura, pois o castelán penetra en Galicia como lingua de prestixio; paralelamente, o galego perde terreo como lingua da cultura e da literatura.

O proceso de castelanización comezou na cúpula da nobreza e da igrexa e estendeuse cara abaixo na pirámide social. Os cargos eclesiásticos más importantes foron ocupados por individuos de ámbito castelán. En canto á nobreza, xa a principios do século XV os dous cargos más importantes da monarquía en Galicia, o de *Alcalde Mayor del Reino de Galicia* e o de *Corregidor de Galicia*, estaban en mans alleas, e en mans alleas estiveron tamén as dúas institucións políticas más relevantes de Galicia durante este período, a Real Audiencia do Reino, creada polos Reis Católicos a finais do século XV, e a Xunta do Reino de Galicia. A imposición desta elite aristocrática allea é un factor da máxima importancia para explicar o posterior desenvolvemento político, social e cultural de Galicia. No eido político, a ocupación dos postos más altos da xerarquía aristocrática e eclesiástica por parte de altas personalidades castelás bloqueou a aparición dun liderado nobiliar que lle impuxera unha dirección determinada ó conxunto da sociedade galega. Na cultura literaria, a carencia dun mecenado efectivo e a caída do nivel cultural da nobreza freou a constitución dunha elite letrada cun público estable. Entre tanto, a oligarquía de Castela actualizábase culturalmente, inspirándose nos avances que viñan de Europa, sobre todo de Italia, e conseguía afirmar a hexemonía do castelán no mercado cultural de Castela e no resto da Península.

Bloqueado o progreso cultural do galego mentres aumentaba o do castelán, a elite da sociedade galega ía quedando cada vez máis indefensa ante a presión exercida por Castela. A sociedade galega foi perdendo a súa cohesión interna e converténdose en marxinal con respecto á castelá. Galicia íase convertendo en periferia. O estancamento económico, o fraccionamento social, a falta de dirección político-relixiosa e a indixencia cultural foron os factores determinantes da desfeita da sociedade galega dende finais do século XV.

Como consecuencia, ademais, da superpoboación de Galicia e da falta de desenvolvemento económico, durante os séculos XVI e XVII produciuse un intenso fenómeno migratorio que desprazou a distintas cidades, entre elas a Madrid, gran cantidad de galegos que se instalaban entre as clases más baixas da sociedade: xorde así unha imaxe prototípica e péssima dos galegos –da que temos unha estampa perdurable na literatura castelá do Século de Ouro– que fai nacer entre eles un profundo complexo de autoodio e que provoca, así mesmo, o rexeitamento da súa terra –ademais da aparición dunha literatura polémica, producida por nobres ou letrados galegos que saen en defensa da reputación de Galicia, como é o caso, a comezos do XVII, do conde de Gondomar ou, xa no XVIII, do Padre Sarmiento–.

Malia que a situación económica mellorou paulatinamente, e que Galicia experimentou durante o século XVIII un crecemento económico e demográfico sostido (no ano 1800 a súa poboación constituía o 13'6% da poboación española), cun notable crecemento agrario, e malia que incluso se asiste a unha nítida diversificación económica e á aparición dunha certa industrialización, na segunda metade desta centuria, ó facerse desfavorable a relación entre unha numerosa poboación galega e os recursos económicos dispoñibles, increméntase a emigración, primeiro intrapeninsular, logo exterior, que se converte nunha auténtica sangría para Galicia: só no século XVIII emigraron uns 350.000 galegos.

O cultivo escrito do galego durante este período foi completamente circunstancial e produciuse de xeito intermitente e inconexo. O conxunto de textos en galego que se conservan para esta longa etapa non constitúe unha tradición escrita, posto que cada composición aparece ignorando as anteriores, sen dialogar con estas e sen conciencia ningunha de inserirse nunha cadea de transmisión e nun sistema cultural específicos. Son textos que se suceden cronoxicamente, pero que non están internamente vinculados entre si. Por outra banda, debemos subliñar que ata o século XVIII Galicia non produciu literatura en latín, pero tampouco en castelán, o que dá idea dunha cultura literaria moi pobre. Abundando nesta mesma dirección, hai que dicir que boa parte destes escritos non se compuxeron para ser publicados e, de feito, permaneceron ignorados para o público da época –Sarmiento, por exemplo, non pensou en publicar os seus escritos, e nin sequera unha obra propiamente literaria como o *Entremés famoso da pesca no río Miño* (1671) chegou a ser impresa–.

A nivel lingüístico obsérvase no século XVIII unha mudanza profunda. Son estes os anos nos que o Padre Sarmiento reivindica o idioma galego cunha clareza e cunha radicalidade sorprendentes para a época; pero son tamén, sobre todo, os anos nos que o castelán asegura a súa posición de predominio fronte ás outras linguas do reino, gracias á promoción oficial. Así, en 1713 fúndase a Real Academia Española, que publica un *Diccionario de Autoridades* (1726-1728), unha *Ortografía* (1741) e unha *Gramática* (1771). Por outra parte, na segunda metade do século multiplícanse as preocupacións polo ensino do castelán: nos primeiros anos do reinado de Carlos III (1759-1788) formúlase unha incipiente política de estado verbo da educación, na que a lingua xoga un papel fundamental: o castelán irase impondo, a partir deste momento, como lingua do ensino, coas implicacións que isto terá para o galego e para o seu posterior desenvolvemento no seo da sociedade galega.

BIBLIOGRAFÍA

- Barreiro Fernández, X. R., “A Ilustración Galega. Bases para unha interpretación histórica”, *Grial*, 102, 1989, pp. 167-180.
- Barreiro Fernández X. R. et alii, *História de Galicia*, Frente Cultural de ANPG, Pontedeume, 1981.
- Barros, C., *A mentalidade xusticieira dos irmandiños*, Xerais, Vigo, 1988.
- Mariño Paz, R., *História da lingua galega*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1999 [2^a ed.; 1^a ed., 1998].
- Monteagudo, H., *História social da lingua galega*, Galaxia, Vigo, 1999.
- , “As leis, as letras e a lingua galega. Breve ollada retrospectiva”, *Os contos da xustiza*, Ir Indo, Vigo, 1991, pp. 7-31.
- Pensado, J. L., *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1985.
- Saavedra, P., *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1992.
- Saavedra Vázquez, M. C., *Galicia na Idade Moderna*, Vía Láctea, Oleiros, A Coruña, 1995.
- Tejada, F. E.-Percopo, G., *El reino de Galicia hasta 1700*, Galaxia, Vigo, 1966.
- Villares, R., *A Historia*, Galaxia, Vigo, 1984.
- Villares, R.-Armas, X.-Moreno, X.-Ulloa, E., *Textos e materiais para a historia de Galicia*, Crítica, Barcelona, 1990.
- VV. AA., *Nova historia de Galicia*, Tambre, Oleiros, A Coruña, 1996.

II. OS SÉCULOS ESCUROS

TEMA 7. A LITERATURA GALEGA NOS SÉCULOS DE SILENCIO

1. A produción literaria nos séculos XVI e XVII.

1.1. Literatura de corte tradicional e popular.

1.1.1. Os vilancicos de Nadal e de Reis.

1.1.2. Poesía anónima de circunstancias.

1.1.2.1. A figura do mariscal de Pardo de Cela.

1.1.2.2. O saqueo de Cangas polos turcos.

1.2. Literatura culta.

1.2.1. Isabel de Castro e Andrade.

1.2.2. Os sonetos ás Exequias da Raíña Margarida de Austria.

1.2.3. As “Décimas” de Martín Torrado.

1.2.4. Os romances das Festas Minervais.

1.2.5. Unha mostra de literatura dramática: *O entremés famoso sobre da pesca do río Miño*.

2. A produción literaria no século XVIII.

2.1. Diego Antonio de Cernadas e Castro, “cura de Fruíme”.

2.2. Pedro Xosé García Balboa, “ frei Martín Sarmiento”.

2.3. Xosé Cornide Saavedra.

2.4. Outros autores: María Francisca de Isla, Anselmo e Plácido Feijoo.

O cultivo escrito do galego durante o longo e, praticamente, estéril período da literatura galega que denominamos “Séculos Escuros” foi completamente circunstancial e produciuse de xeito intermitente e inconexo; teñen, sen embargo, estes textos, e malia ó escaso valor literario de moitos deles, un interese fundamental en tanto reflecten a prostración da lingua, da cultura e da literatura galegas trala etapa de paulatina normalización da Idade Media. Abarca este longo período os séculos XVI, XVII e XVIII, aínda que afunde as súas raíces no século XV e mesmo nos acontecementos políticos que tiveron lugar mediada a centuria do XIV, finando ben entrado xa o século XIX, momento no que se asiste á renacencia da literatura galega.

Aínda que se adoita dividir este período en dous subperíodos, un correspondente ós séculos XVI e XVII e outro correspondente ó XVIII, a característica xeral que define estes longuísimos anos é unha: a escasísima produción de textos en galego, pero tamén a extrema indixencia da cultura literaria galega; non en van, Galicia non só non produce textos en galego, senón que tampouco os produce, ata o século XVIII, nin en latín nin en castelán, e a penas dá, por outra parte, obras ás prensas.

Galicia pasou do brillo medieval ó ocaso por razóns certamente complexas, ás que xa se aludiu nas notas que acompañan o tema precedente. Galicia non participou nos grandes movementos literarios do período, Renacemento e Barroco; a literatura galega non existe neste período como unha actividade sistemática, continuada, cuns creadores e cun público autosuficientes, por máis que, como sinalamos nas liñas anteriores, existan algunas mostras escritas, textos que se suceden cronoloxicamente, pero que non están vinculados entre si, que non responden ó que adoitamos entender por unha tradición literaria “culta”: houbo textos, e houbo algúns textos literarios, pero non houbo, neste longo período de tempo, discurso literario en galego.

A maioría dos textos conservados dos séculos XVI e XVII están escritos en verso. Contamos, en primeiro lugar, cos vilancicos; dentro deles debemos establecer unha distinción, como vén facendo a crítica especializada, entre os “vilancicos de galegos”, cantados en distintas catedrais e capelas da Península, e que recrean tópicos asociados a Galicia e ós galegos, e os “vilancicos en galego”, influídos polos anteriores e que non aparecen en Galicia ata 1790.

Nun segundomomento, debemos estudiar os textos adscritos á denominada “poesía de circunstancias”, é dicir, aquelas composicións que están motivadas por un feito externo ó autor, de relevancia para o conxunto da sociedade, ou que se fixeron por compromiso, para satisfacer un encargo ou para dar conta dun determinado acontecemento puntual. Dentro destes textos merecen destacarse as pezas xestadas arredor da execución, na praza de Mondoñedo, en decembro de 1583, do Mariscal Pedro Pardo de Cela: o célebre “Lamento da Frouseira”, que presenta numerosos problemas textuais e que se encontra recollido no *Memorial de la Casa de Saavedra* (1674), obra impresa en Granada, é un bo exemplo, así como a *Relazón da carta xecutoria*, esta en prosa, recollida no mesmo memorial. Así mesmo, o saqueo e a destrucción de Cangas polos turcos en 1617 deu pé á aparición, máis dun século despois, dunha composición, tampouco exenta de problemas críticos, na que se relata o suceso, e que está vinculada, polo menos na súa transmisión, ás terras de Celanova.

Entre as mostras de literatura culta, debemos destacar, ademais do soneto de dona Isabel de Castro e Andrade (ca. 1527-1582) dedicado a Alonso de Ercilla, que apareceu na terceira parte do poema épico *La Araucana* (1597) e que presenta notables problemas lingüísticos, as dúas composicións escritas en homenaxe á raíña Margarida de Austria, esposa de Felipe III, falecida en 1611. Incluídos nun volume no que se recollen textos escritos coa mesma finalidade en latín e castelán, os sonetos son obra de Pedro Vázquez de Neira e de Juan Gómez Tonel, este último editor do volume, ambos os dous servidores da Real Audiencia da Coruña. O “Soneto gallego” de Vázquez de Neira, tamén coñecido co título “Respice finem”, de impecable factura, recolle o tema en ton serio e pesimista, mostrándose herdeiro dunha longa tradición, que se remonta ó mundo clásico. Da autoría de Gómez Tonel é o denominado “Soneto con falda”, que responde, na súa glosa das circunstancias luctuosas que o orixinan, ós estilemas da literatura barroca.

No contexto da tentativa real de 1617 de proclamar a santa Teresa de Ávila patroa de España, convxuntamente con Santiago, hai que situar, xunto a unha serie de textos producidos nas letras castelás e que moveron a pluma do mesmo Quevedo, as célebres “Décimas” de Martín Torrado, caracterizadas polo ton abertamente desenfadado e mordaz que as impregna.

En canto ós romances escritos para as *Festas Minervais* dedicadas á memoria de don Alonso de Fonseca de 1697, constitúen o maior número de textos literarios producidos en galego neste período. Son nove composicións, de calidade desigual, que ilustran ben cállera a situación da lingua galega na época que estudiamos: o feito de que a única estrofa na que era preceptivo o uso do galego fose o romance constitúe un indicio da minusvaloración social desta lingua, en canto o romance é unha estrofa de carácter popular, na que se tratan asuntos sinxelos, non os temas graves que se reservaban, por exemplo, para o soneto ou a oitava real.

Finalmente, deste período data a primeira peza teatral conservada do patrimonio literario galego. Aínda que a actividade teatral en Galicia está presente durante estes séculos, vinculada a distintos escenarios e cunha notable variedade de públicos –como se deduce dos contratos que se conservan–, a penas nos chegaron textos das obras representadas, moitas delas, por outra parte, escritas seguramente en castelán. En lingua galega conservamos un único texto, o *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*, de Gabriel Feixón de Araúxo, datado en 1671, aínda que non foi publicado ata 1953. Copiado nun manuscrito que non parece ser o orixinal, recrea un conflicto entre os

ribeiráns galegos e portugueses por mor da equidade nas redadas do río, que os portugueses tentan romper ó seu favor. A peza desenvolve o conflicto, servíndose dunha estructura que se sustenta na antítese, cunha gran eficacia cómica, baseada no trazado dos caracteres, na descripción paródica das situacíons dramáticas e na linguaxe, inzada de trazos caracterizadores.

A modernización e mellora de determinados aspectos da vida galega durante o século XVIII foron parellas ó descubrimento de Galicia como realidade autónoma dentro do complexo estatal por parte dun sector da Ilustración galega. Se nos séculos XVI e XVII non abundan nin a actividade literaria nin os escritores, sexa en galego sexa en castelán, no século XVIII van aparecer varios escritores galegos que producen con enteira conciencia do seu labor, literario ou non; sen embargo, só unha pequena parte desta produción está escrita en lingua galega. O castelán impõe como lingua de cultura entre os galegos, como xa vimos no tema precedente: o Padre Feijoo é un vivo exemplo desta situación, pois, nacido e criado nunha aldea ourensá, non escribiu unha soa páxina en galego.

Neste século debemos destacar as figuras de Cernadas e Castro, de Sarmiento e de Cornide Saavedra, entre outros autores que contan cunha menor produción. A obra poética de Cernadas e Castro haina que encadrar na tradición literaria do Século de Ouro castelán, tanto pola súa temática e estilo como pola súa mentalidade. Defensor de Galicia, Galicia é o tema central da súa obra, aínda que a súa é unha literatura de defensa, non de análise da realidade galega e de exposición da idiosincrasia propia de Galicia. Escribiu quince textos en galego, case todos breves e en décimas octosilábicas; son, todos eles, textos de circunstancias: a gabanza, a reconvención amable e a burla festiva son os seus temas principais, plasmados nunha linguaxe familiar, próxima ó rexistro coloquial.

Dotado dunha sólida formación, dunha mentalidade radicalmente distinta da que caracteriza a moitos homes do seu tempo e dunha gran curiosidade intelectual, Frei Martín Sarmiento escribiu sobre unha ampla variedade de temas, que van dende a xeografía e a historia á botánica, pasando pola economía ou polas matemáticas. Moi preocupado pola situación de prostración que vivía Galicia e a súa lingua, escribiu varios textos de carácter filolóxico nos que lles dá cabida a distintos aspectos relativos tanto á orixe e *estatus* do galego como á súa configuración interna (etimoloxía, léxico, procesos evolutivos dende o latín, entre outros), ademais de facer extensos e ricos comentarios sobre a literatura e sobre os textos producidos nesta lingua durante a Idade

Media. A obra de Sarmiento, que defende o emprego do galego no ensino, na vida relixiosa e na impartición de xustiza, constitúe un fito na historia da cultura galega; é unha obra de extraordinaria audacia e riqueza intelectual, levada a contracorrente das tendencias da sociedade culta do século XVIII. Da mestura da súa curiosidade filolóxica e do amor pola fala e pola xente galega naceu a que pode ser considerada como a súa única obra de carácter literario: o *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, na que intenta facer, en 1201 coplas heptasílabas, un compendio de vocabulario galego, aderezado con distintos comentarios de índole filolóxica.

En canto a Cornide Saavedra, ocupado no estudio da historia, xeografía, economía, educación e doutros temas da realidade contemporánea, dedicoulle tamén ó estudio da lingua galega un texto, o *Catálogo de palabras gallegas*, glosario galego-castelán no que insire, a modo de exemplos, coplas da tradición oral e fragmentos de poemas de trovadores medievais. Como poeta, é autor de tres composicións en galego; delas, dúas son poemas festivos, que dan resposta a un tema puntual; a terceira é o célebre “Soneto a Fílida”, considerado pola crítica como a máis lograda composición do século XVIII.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓN DE TEXTOS

Anglès, H., *Juan Vázquez. Recopilación de Sonetos y Villancicos de a quatro y a cinco*, Instituto Español de Musicología, Barcelona, 1946.

Axeitos, X. L., *As coplas galegas do Padre Sarmiento*, Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1982.

Bal y Gay, J., *Romances y Villancicos Españoles del siglo XVI. Dispuestos en edición moderna para canto y piano*, Fondo de Cultura Económica, México, 1939.

Bouza-Brey, F., *Gabriel Feixoo de Arauxo. Entremés famoso sobre da pesca do río Miño. Ano de 1671*, Monterrey, Vigo, 1953.

Cernadas e Castro, D. A. de, *Obras en prosa y verso del Cura de Fruíme*, Joachin Ibarra, Madrid, 1778-1781, 7 vols.

Fiestas Minervales y Aclamación Perpetua de las Musas à la inmortal memoria de el Ilustrissimo y Excelentissimo Señor D. Alonso de Fonseca, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1993 [edición facsimilar].

Filgueira Valverde, X., “Nuevos documentos para la historia del Patronato Jacobeo. Una carta de Quevedo. Unas décimas gallegas del siglo XVII. Intervención de las ciudad de Santiago”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 14, 1925, pp. 292-300.

—, “Sobre el *Cantar do Mariscal*. Otra versión con nuevos versos”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 21, 1966, pp. 72-80.

—, “Fiestas compostelanas de Pío V, 1713”, *Historias de Compostela*, Xerais, Vigo, 1982 [2^a ed.], pp. 176-213.

Mariño Paz, R., *Fr. Martín Sarmiento. Coloquio de vintecatro galegos rústicos*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1995.

Pensado, J. L., *Fr. Martín Sarmiento. Colección de voces y frases gallegas*, Universidad de Salamanca, Salamanca, 1970.

—, *Fr. Martín Sarmiento. Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, Universidad de Salamanca, Salamanca, 1973.

—, *Fr. Martín Sarmiento. Viaje a Galicia (1745)*, Universidad de Salamanca, Salamanca, 1975.

Relación de las Exequias que hiço la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Magestad de la Reyna Dª Margarita de Austria, Nuestra Señora, por Juan Gómez Tonel, Santiago de Compostela, 1612 [edición facsimilar, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1997; existe outra edición, tamén facsimilar, publicada en Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1951].

Schubarth, D.-Santamarina, A., *Cancioneiro Popular Galego*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, A Coruña, 1984-1997, 7 vols.

ESTUDIOS

Alonso Montero, X., *Estudio literario das Festas Minervais compostelanas de 1897*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1993 [opúsculo á parte que acompaña a edición facsimilar antes citada].

Álvarez Blázquez, X. M., “Literatura popular gallega en torno a Pardo de Cela”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 20, 1965, pp. 350-378.

Blanco, D., *A poesía popular en Galicia (1745-1885)*, Xerais, Vigo, 1992, 2 vols.

—, *Historia da literatura popular*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1994.

—, “Manifestacións literarias e literatura popular entre os séculos XVI e XVII”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 26-75.

Bouza-Brey, F., “Don Fabián Pardiñas Villardefrancos, poeta gallego del siglo XVII”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 3, 1945, pp. 331-354.

—, “Sobre la obra poética de D. Fabián Pardiñas Villardefrancos”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 9, 1948, p. 156.

Carré Aldao, E., “De nuestro pasado literario. Una poetisa gallega del siglo XVI”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 110, pp. 39-42; 111, pp. 73-77, 1916.

Cid Rumbao, A. A., “La verdadera patria del Padre Feijóo y otras notas inéditas sobre su apellido y familia”, *Boletín del Museo Arqueológico Provincial de Orense*, 4, 1948, pp. 5-38.

Ferreiro, M. “O portugués como ficción dramática. (A fronteira lingüística no entremés *A Contenda dos Labradores de Caldelas* [1671])”, *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de Diciembre de 1994)*, edición de J. M. Carrasco González y A. Viudas Camarasa, Universidad de Extremadura, Cáceres, 1996, vol. II, pp. 9-32.

Filgueira Valverde, X., “No centenario do Padre Sarmiento e a fala galega”, *Grial*, 38, 1972, pp. 385-393.

Fraguas y Fraguas, A., “Contribución al estudio de la Navidad en Galicia. Nadales, Aninovos, Xaneiras y Reyes”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, 3, 1947, pp. 401-446.

Lapa, M. Rodrigues, *Os vilancicos. O vilancico galego nos séculos XVII e XVIII*, Seara Nova, Lisboa, 1930.

López, F. A., “Bibliografías de ilustres franciscanos gallegos”, *Archivos Iberoamericanos*, 12.

Lourenzo, M.-Pillado Mayor, F., *O teatro galego*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1979.

Martínez, M. J. “El entremés de *La contienda sobre la pesca del Río Miño* (1671): un problema de definición genérica, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 425-444.

Murguía, M., “Don José Cornide y Saavedra y sus versos en gallego”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 10, 1917, pp. 162 e ss., 179-182.

Neyra de Mosquera, A., “Don Diego Cernadas de Castro”, *Ultreya*, 12, 1920; también en *Monografías de Santiago*, Bibliófilos Gallegos, 1950, pp. 285 e ss.

Pardiñas Villalobos, J., *Breve Compendio de los varones Ilustres de Galicia*, Biblioteca Gallega, La Coruña, 1887.

Pensado, J. L., *Opúsculos lingüísticos gallegos del s. XVIII*, Fundación Penzol-Galaxia, Vigo, 1974.

—, “Feijóo e Sarmiento: dúas vidas sen paralelo”, *Grial*, 50, 1978, pp. 129-154.

—, *Para achegármónos a Frei Martín Sarmiento*, Citania, Lugo, 1995.

—, *Fray Martín Sarmiento, testigo de su siglo*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995 [2^a ed.].

Rivas Troitiño, J. M., *Diego Antonio Zernadas y Castro: un precursor del galleguismo*, Porto, Santiago de Compostela, 1977.

Sarmiento, Fr. M., “Castellanos de Orense”, *Grial*, 26, 1969, pp. 413-420.

Taboada Roca, A., “Un documento fehaciente de Juan Gómez Tonel”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 12, 37, 1957, pp. 229-230.

Varela, J. L., “Introducción Literaria”, *Galicia*, Publicaciones de la Fundación Juan March, Noguer, Barcelona, 1976, pp. 111-146.

Villanueva, C., *Los villancicos gallegos*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, A Coruña, 1994.

VV. AA., *Estudios adicados a Frai Martín Sarmiento. Artigos tirados dos Cuadernos de Estudios Gallegos (1945-1982)*, CSIC-Instituto Padre Sarmiento, Santiago de Compostela, 1996.

—, *Actas do Congreso Internacional do tricentenario de Fr. Martín Sarmiento (1695-1995): O Padre Sarmiento e o seu tempo*, Consello da Cultura Galega-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1997, 2 vols.

III. O SÉCULO XIX

TEMA 8. INTRODUCCIÓN Ó ESTUDIO DO SÉCULO XIX

1. A vida política.

1.1. A guerra da Independencia.

1.2. O provincialismo.

1.2.1. O primeiro provincialismo. O levantamento de 1846.

1.2.2. A segunda etapa provincialista.

1.3. Revolución e restauración en Galicia. O rexionalismo.

2. Situación lingüística.

3. A vida cultural.

3.1. O papel da prensa periódica.

3.2. As sociedades culturais.

3.3. Os almanaques.

4. A emigración.

A nivel global, caracteriza este período o capitalismo económico, que promove unha intensa mobilidade social, e o paulatino abandono da agricultura, que provoca un desprazamento da poboación rural cara ás cidades, nas que se desenvolven a industria, o comercio e os servicios. No plano político prodúcese a centralización dos estados e, no plano cultural, a uniformización lingüístico-cultural –que se manifesta na imposición das linguas nacionais–, promovida polos propios estados, que reforzan as súas fronteiras exteriores, observándose, ademais, unha tendencia á homoxeneización xurídica e institucional no interior desas fronteiras. No século XIX asistese, polo tanto, ó desmantelamento do Antigo Réxime. Os estados son expresión política das nacións; de concepción laica e esencialmente democrática, van ter nas “culturas”, elaboradas pola intelectualidade de cada país e transmitidas a través do sistema educativo e da imprenta, un dos seus piares fundamentais.

É este, asemade, o momento de auxe do nacionalismo. A Europa do XIX asistiu á emerxencia de novos estados que modificaron radicalmente o panorama político anterior (Italia, Alemaña, Polonia) e ó espertar nacional dos pobos (húngaros, checos,

serbios, croatas, occitanos, cataláns, ...), que, nalgúns casos, chegarían a constituir estados propios nas primeiras décadas do século XX. As reivindicacións lingüísticas pasaron, así mesmo, a ocupar un papel central en todo este panorama (e, de feito, están no transondo da revolución filolóxica que se produce durante esta centuria).

En canto á Península, a invasión napoleónica cabou as bases do Antigo Réxime en España, abrindo camiño a transformacións que, despois do reinado de Fernando VII, conducirían ó artellamento do Estado liberal. Este período podémolo situar cronoloxicamente entre 1808 e 1833. As liñas fundamentais deste Estado liberal deseñáronse no reinado de Isabel II (1833-1868), consolidándose, tralo sexenio democrático (1868-1875), durante a etapa da Restauración (1875-1898, 1^a etapa; 1898-1923, 2^a etapa).

Perdidos os principados borbónicos de Italia, emancipada despois a maior parte do Imperio ultramarino e, finalmente, perdidas as últimas colonias (Puerto Rico, Cuba, Filipinas), no século XIX España viuse praticamente reducida ás súas fronteiras actuais, que ofrecen un marco idóneo para a construción dun estado nacional moderno. O proceso de construción do Estado baseouse na centralización, que levou aparellado o establecemento dun aparato institucional (estado e lexislación) cada vez más poderoso, montado sobre a premisa de que a lingua e cultura castelás debían prevalecer sobre as demais. Agora, e a diferencia do que acontecía co Antigo Réxime, centrado nas clases más privilexiadas, búscase un pobo política, cultural e lingüisticamente homoxéneo. Ademais, o eficaz funcionamento dos mecanismos estatais esixía o emprego dunha única lingua de uso xeral. Un instrumento esencial a este respecto constitúeo o ensino, pois a educación é fundamental para acceder á burocracia estatal e leva asociada, ademais, a alfabetización de franxas cada vez más amplas da poboación, circunstancia que provoca, á súa vez, a aparición dun estrato intelectual nutrido polo profesorado e por un público lector cada vez más numeroso, co conseguinte desenvolvemento da prensa periódica e da literatura de masas.

O castelán implántase durante este período na educación, desprazando o latín, que fora vehículo e materia de estudio preferente ata este momento. Isto supón unha mellora substancial do *estatus* funcional da lingua do Estado, que, decididamente apoiada pola Real Academia Española, experimenta un impulso considerable no seu cultivo e elaboración. Ademais, os medios de comunicación, de tanta relevancia neste anos, desenvólvense tamén en castelán, e o mesmo acontece con outros foros de expresión e de debate, promovidos polas clases burguesas (sociedades cultural-recreativas, casinos,

cafeterías, entre outros), que articulan uns xéneros de texto específicos (tertulias, debates ou folletíns, por exemplo).

O desenvolvemento desigual do capitalismo en España colocou a Galicia nunha situación periférica de dependencia, circunstancia que provocou o coñecido fenómeno da emigración. Tal fenómeno supuxo o debilitamento social e demográfico da comunidade galegofalante, ademais de contribuír a esmagar o seu desenvolvemento socio-cultural. Con todo, a experiencia da emigración espertou en moitos galegos a conciencia da súa identidade específica.

Así mesmo, os diferentes procesos de asimilación lingüístico-cultural promovidos dende o Estado tiveron en Galicia en ocasións un efecto distinto do inicialmente previsto, xa que provocaron a aparición dunha intelectualidade galeguista que utiliza a formación conseguida en castelán para promover a lingua e cultura subalternas. A intensidade dessa reacción é correlativa coa percepción das nefastas consecuencias que a política do Estado ten para Galicia, que paga un altísimo prezo por un progreso que non chega. O descontento con esta situación adoptou diversas formas segundo o momento histórico, dende o provincialismo de mediados do XIX –con acontecementos da importancia do Levantamento de 1846 ou do célebre Banquete de Conxo–, pasando polo rexionalismo finisecular, ata o nacionalismo do período de entreguerras. En calquera caso, as reclamacións de tipo político e económico foron cada vez más estreitamente asociadas a reivindicacións lingüístico-culturais, nun proceso que arranca do mediados do século XIX e que culmina coas Irmandades da Fala, fundadas en 1916, co Partido Galeguista (1931-1936) e coa elaboración e aprobación, xa durante a guerra, do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Neste marco histórico, o despregamento funcional do galego comeza coas publicacións popularizantes de escritos próximos á oralidade (textos dialogados da primeira metade do século XIX), seguindo pola recolla de materiais folclóricos e pola produción dunha literatura próxima a estes. O proceso encontra continuidade no cultivo de distintos xéneros ficcionais (a partir de 1880) e, xa entrado o novo século, na aparición da oratoria pública, nos escritos en prosa non ficcional e na alta investigación científica (coa denominada “Xeración Nós” e cos intelectuais vinculados ó Seminario de Estudos Galegos). Así mesmo, dende mediados do XIX aparecen os primeiros estudios sobre o galego, plasmados na elaboración de gramáticas e diccionarios (Pintos, Saco e Arce, Piñol, Valladares, ...).

En paralelo a este proceso xorden as primeiras tentativas de elaboración do idioma, caracterizadas pola súa proximidade ó rexistro oral e por un completo asistematismo, así como por unha relativa dependencia verbo do castelán. Conforme progrésa o cultivo literario da lingua, xorden as polémicas relativas á súa fixación e codificación gráfica. A creación da RAG (1906) responde, xustamente, ó desexo de darlle solución a este problema, que se arrastrará ata a creación do Seminario de Estudos Galegos (1923-1936).

Xa no derradeiro cuarto do século XIX, o redescubrimento da literatura medieval galega coincide co despegue da escrita, co desenvolvemento de tendencias cultistas e cunha conciencia cada vez máis aguda da autonomía lingüística do galego fronte ó castelán (o que implica un maior contacto coa cultura portuguesa): o galego empeza a ser reivindicado como símbolo da nación galega (caso de Murguía), de xeito que o seu cultivo aparece como un labor patriótico (Curros, Pondal). Estas reivindicacións articuláranse nun programa integral durante o período nacionalista (1916-1936) e, sobre todo, durante o período republicano (1931-1936). Pero esa é xa materia doutro tema.

BIBLIOGRAFÍA

Alonso Montero, X., *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos para una problemática cultural y sociológica en el siglo XIX*, Celta, Lugo, 1970.

Barreiro Fernández, X. R., “Pronunciamiento galego de 1846 e rexionalismo galego”, *Grial*, 50, 1975, pp. 413-428.

—, *El carlismo gallego*, Pico Sacro, Santiago de Compostela, 1976.

—, “Historia Política”, *Los Gallegos*, Istmo, Madrid, 1976.

—, *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Pico Sacro, Santiago de Compostela, 1977.

—, *Liberales y absolutistas en Galicia*, Xerais, Vigo, 1982.

—, *Historia Contemporánea de Galicia*, Gamma, A Coruña, 1982, vol. I.

Barreiro Fernández, X. R. et alii, *Historia de Galicia*, Galaxia, Vigo, 1981, vol. IV.

Brañas, A., *El Regionalismo*, Barcelona, 1889 [edición facsimilar, La Voz de Galicia, A Coruña, 1982].

Carr, R., *España 1808-1939*, Ariel, Barcelona, 1970 [2^a ed.].

Cores Trasmonte, B., *Sociología política de Galicia. Orígenes y desarrollo (1845-1936)*, La Coruña, 1976.

Fernández del Riego, F., *Pensamento galeguista do século XIX*, Galaxia, Vigo, 1983.

Fernández Pulpeiro, J. C., *Apuntes para la Historia de la prensa del XIX*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1981.

Filgueira Valverde, X., “Introducción Histórica”, *Galicia*, Barcelona, 1976.

González Seoane, E. X., “O debate sobre o galego na prensa do XIX. Algúns datos para unha historia do antigaleguismo”, *Grial*, 110, 1991, pp. 275-287.

Hermida Gulías, C., *Os precursores da normalización (Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento, 1840-1891)*, Xerais, Vigo, 1992.

—, *A reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891). Escolma de textos*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1993.

Leido Andión, M., *Prensa e galeguismo: da prensa galega do XIX ao primeiro periódico nacionalista. 20 anos de A Nosa Terra (1916-1936)*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1982.

Máiz, R., *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907)*, Seminario de Estudios Galegos, Santiago de Compostela, 1984.

Mariño Paz, R., *Historia da lingua galega*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1999 [2^a ed.; 1^a ed., 1998].

Martínez Salazar, A., *De la Guerra de la Independencia en Galicia*, Buenos Aires, 1953.

Meijide Pardo, A., “Pardo de Andrade, devanceiro do xornalismo galego”, *Grial*, 80, 1983, pp. 155-193.

Molina, C. A., *Prensa literaria en Galicia (1809-1920)*, Xerais, Vigo, 1989, 2 vols.

Monteagudo, H., *Historia social da lingua galega*, Galaxia, Vigo, 1999.

Murguía, M., *Los precursores*, Latorre e Martínez Editores, A Coruña, 1885 [edición facsimilar, La Voz de Galicia, A Coruña, 1976].

—, *El regionalismo*, Barcelona, 1889.

—, *Política y sociedad en Galicia*, Akal, Madrid, 1974.

Ossorio y Bernard, M., *Catálogo de periodistas españoles del siglo XIX*, Madrid, 1903.

Otero Pedrayo, R., *Ensaio sobre a cultura galega*, Lisboa, 1951; posteriormente editado por Galaxia, Vigo, 1983.

Pedreira, L., *El regionalismo en Galicia*, Madrid, 1894.

Pérez Constanti, P., *Historia del periodismo santiagués*, Santiago de Compostela, 1905.

Ríos Panisse, M. C., “*Nuestra Bandera Literaria* de Antolín Faraldo, primeiro manifesto artístico galeguista”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1993, 1994, pp. 157-171.

Rodríguez Eiras, A., “La Junta Apostólica y la Restauración realista en Galicia”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 22, 67, 1967.

Santos Gayoso, E., *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1990.

Saurini, M. R., *Apuntes y documentos para una Historia de Galicia en el siglo XIX*, La Coruña, 1977.

Sixirei Paredes, C., *A emigración*, Galaxia, Vigo, 1989.

Soto Freire, M., *La imprenta en Galicia*, Círculo de las Artes de Lugo, Vigo, 1982.

Tettamancy, F., *La revolución gallega de 1846*, A Coruña, 1919.

Tuñón de Lara, M., *Estudios sobre el siglo XIX español*, Siglo XXI, Madrid, 1974.

—, *La España del siglo XIX*, Laia, Barcelona, 1975.

Villares, R., *A Historia*, Galaxia, Vigo, 1984.

—, “*Idade Contemporánea*”, *Historia de Galicia*, Alhambra, Madrid, 1980.

—, “*Galicia no século XIX*”, *Historia de Galicia*, Planeta, Barcelona, 1980, vol. II.

Villares, R.-Armas, X.-Moreno, X.-Ulloa, E., *Textos e materiais para a historia de Galicia*, Crítica, Barcelona, 1990.

Zubillaga Barrera, A., *El problema nacional de Galicia*, Montevideo, 1974.

VV. AA., *Nova historia de Galicia*, Tambre, Oleiros, A Coruña, 1996.

III. O SÉCULO XIX

TEMA 9. A POESÍA

1. O Prerrexurdimento.

1.1. Textos de circunstancias.

1.1.1. Textos contra a invasión francesa

1.1.2. Textos de propaganda ideolóxica e política. Os “Diálogos”.

1.1.3. Textos motivados por outras circunstancias.

1.2. Os vilancicos de Nadal.

1.3. Nicomedes Pastor Díaz.

1.4. Os autores do primeiro provincialismo: Alberto Camino, Francisco Añón, Xosé Manuel Pintos.

1.5. Os autores vinculados ó segundo provincialismo: Francisco María de la Iglesia, Aurelio Aguirre, Xoán Antonio Saco y Arce.

1.6. Os *Xogos Florais* de 1861. O *Álbum de la Caridad*.

3. O Rexurdimento pleno.

3.1. Rosalía de Castro.

3.1.1. *Cantares Gallegos*.

3.1.2. *Follas Novas*.

3.1.3. Estructura, temática e métrica da poesía rosaliana.

3.1.4. A significación de Rosalía na literatura galega.

3.2. Eduardo Pondal.

3.2.1. Celtno e helenismo en Pondal.

3.2.2. *Queixumes dos pinos*.

3.2.3. *Os Eoas*.

3.2.4. Problemasecdóticos da obra pondaliana. Métrica e lingua.

3.2.5. A proxección literaria de Pondal.

3.3. Manuel Curros Enríquez.

3.3.1. *Aires da miña terra*.

3.3.2. A poesía narrativa: *A Virxe do Cristal*, *O divino sainete*.

3.3.3. Aspectos ideolóxicos, temáticos e formais da poesía de Curros.

3.4. Outras figuras do Rexurdimento: Valentín Lamas Carvajal.

Á vista de tanto sinalamos no tema introductorio ó estudio do século XIX, sería un erro enfocar o renacemento galego que se produce durante esta centuria como un fenómeno exclusivamente cultural, ou tentando abstraelo do marco das reivindicacións, protestas e accións que se estaban producindo no terreo político e cultural. Que o seu labor estaba guiado por un impulso de servicio ó país, para que Galicia recuperase a dignidade perdida, é patente na xustificación que os autores fan dos seus propios textos e nos comentarios que achegan sobre a obra de autores coetáneos. A carón desta funcionalidade aparece igualmente clara a conciencia da marxinalidade da lingua e da literatura galega, así como a indiferencia, cando non o rexitamento frontal, que manifestaba a ideoloxía dominante e os xuízos despezzativos que emitía a prensa. Os escritores do renacemento galego son conscientes, polo tanto, do proceso que protagonizan e do carácter fundamental da súa obra, marcada e condicionada, como dixemos, pola situación de Galicia. A especificidade social e política galega, más ca un discutido Romanticismo, explican o renacemento da súa literatura: primeiro é a Guerra da Independencia; despois serán o provincialismo e o rexionalismo os que impulsen a acción no campo das letras. A prensa periódica adquire unha importancia fundamental, pois, á falta doutros medios de incidencia social, os intelectuais galeguistas utilizan como tribuna estes órganos de expresión que nacen ó abeiro das sociedades culturais e, máis tarde, das organizacións políticas que defenden e reivindican os intereses de Galicia.

Aínda que contamos con textos elaborados dende principios do XIX, o verdadeiro renacemento literario prodúcese a partir de mediados de século. A primeira etapa (1808-1833), determinada pola invasión napoleónica e pola morte de Fernando VII, non é máis ca unha continuación dos séculos anteriores, nos que a presencia de textos en galego non nos permite falar dun sistema literario. A morte de Fernando VII e o inicio da rexencia de María Cristina marcan o comezo dunha segunda e nova etapa, que se estende ata 1861, coa celebración dos primeiros Xogos Florais e coa publicación do *Álbum de la Caridad* (1862).

Nesta época de recuperación política e cultural hai que valorar obras, autores e aspectos non estrictamente literarios para entender a aparición dos creadores en lingua galega posteriores a 1840 e, sobre todo, para entender a obra das grandes figuras do Rexurdimento da segunda metade do século. Estudiaremos, inicialmente, os escritos de

propaganda política en galego, tanto os vinculados á invasión napoleónica –*Un labrador que foi sárqueno ós soldados de novo alistamento, Proezas de Galicia*– como os de propaganda ideolóxica producidos entre 1810 e 1814 e, nun segundo momento, entre 1820 e 1823 –*Os rogos dun gallego, Conversación entre los compadres Bértolo y Mingote, La Tertulia de la Quintana*–, así como as tertulias propagandísticas de 1836 e 1837 –o primeiro *Dilálogo en la Alameda*, a primeira *Tertulia de Picaños*, a *Tertulia dos Concheiros*, entre outras–, que constitúen un primeiro intento do rexurdir da lingua e que teñen un obxectivo práctico inmediato: a difusión dunhas determinadas ideas entre as clases baixas, integradas por unha maioría analfabeta e lingüisticamente monolingüe en galego. Tamén haberá que estudiar aquí unha serie de textos que recrean outro tipo de acontecementos, como, por exemplo, determinadas anécdotas vinculadas a algúns acontecementos políticos ou á Familia Real.

En segundo lugar, deberemos analizar os vilancetes. Estes, aínda que nos mergullan xa nun mundo de corte máis estrictamente literario, fano nun contexto que forma parte da creación espontánea e esporádica que caracterizaba os Séculos Escuros. Esteticamente, polo tanto, deben ligarse a unha situación de decadencia, non ó rexurdir cultural galego –aínda que, como veremos, haberá autores que cultiven estes textos vinculados a determinados centros sociais ou relixiosos, sobre todo á catedral de Santiago e á sé de Mondoñedo–.

Aínda hai neste período outra literatura que interesa destacar, a de Nicomedes Pastor Díaz, que debe unirse ó mundo da creación esporádica dun autor que se expresa a cotío en galego, pero que está culturizado en castelán. As súas obras de mocidade “Égloga de Belmiro e Benigno” e “Alborada”, nas que o uso do galego parece responder razóns emotivas, implican, con todo, un certo avance ideolóxico e cultural, pois empregan a lingua galega nunha estética ideoloxicamente nova, que se vén vinculando ó Romanticismo. Neste sentido, a obra de Pastor Díaz avanza xa o Rexurdimento pleno en Galicia.

Durante a etapa provincialista búscase afirmar a personalidade de Galicia cunha literatura propia, introducíndose progresivamente o uso da lingua galega, que vai ser indispensable para que se considere a existencia da literatura galega como tal. A crítica adoita distinguir dous grupos no provincialismo; un primeiro que comprende os anos 1840-1846, que remata co esmagamento do alzamento militar, e un segundo que comprende o grupo de 1854. Aínda que nos deteremos exclusivamente nos “literatos”, cómpre non esquecer que ó seu lado están homes que son fundamentais polo seu labor

político, cultural e ideolóxico (dende Antolín Faraldo a Manuel Murguía, por sinalar só dous exemplos sobranceiros). Dentro do primeiro grupo provincialista debemos estudiar, entre outras, as figuras de Alberto Camino, Xosé Manuel Pintos, que foi o más importante dos precursores literarios, e Francisco Añón, que inician un cultivo do galego puntual e moi dosificado, nun momento no que a situación cultural de Galicia ainda non permitía outro tipo de solucións. No segundo grupo debemos mencionar a Francisco María de la Iglesia, entre os autores de más idade, e, entre os pertencentes ás novas xeracións, que sentarán as bases do futuro rexionalismo, a Aurelio Aguirre, a Xoán Antonio Saco e Arce e, tamén, a Pondal e a Rosalía.

Se Pintos é o principal poeta do primeiro provincialismo e Francisco María de la Iglesia o escritor más importante do grupo-ponte entre o primeiro e o segundo provincialismo, Rosalía e Pondal son as figuras clave desta segunda época. Estudiarémolas con detemento, xunto á figura de Curros, ó analizar o Rexurdimento pleno, que se inaugura cunha data simbólica, 1863, ano no que se publica *Cantares Gallegos*. Nutríndose nos denominados “Precursores”, Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez debuxan algunas das liñas mestras que definirán a poesía galega ata a actualidade: a veta intimista, a denuncia da inxustiza e a exaltación nacionalista, que son as tres grandes trabes sobre as que se montará boa parte do edificio poético galego do século XX.

De Rosalía estudiaranse os dous grandes poemarios que escribiu en galego, *Cantares Gallegos* e *Follas Novas*. Inspirado tal vez no *Libro de los Cantares* de A. Trueba, Rosalía glosa en *Cantares Gallegos*, en poemas marcados pola simplicidade temática e formal, cantares, refráns e ditos populares, dándolle cabida tamén á voz reivindicadora da terra e á veta lírica que se manifestará en toda a súa plenitude en *Follas Novas*. Este último poemario, composto en boa parte en terras da Meseta, en Simancas, e publicado en 1880, trae á luz unha Rosalía intimista e transcendente, más dura na denuncia das inxustizas e penurias do pobo galego –e, sobre todo, das que sofran as súas mulleres–, unha Rosalía marcada pola desesperanza e polo desacougo existencial.

En Pondal encontramos a combinación de poesía popular e poesía culta en perfecta simbiose. Home preocupado por Galicia, autoerixiuse na poesía en guieiro dun pobo prostrado ó que había que dotar de orgullo e de remota e exemplar caste guerreira, dun pobo que precisaba redimirse a si mesmo do seu sufrimento secular, recuperando o seu glorioso pasado celta. Artífice do mito céltico que alimentou o discurso galeguista,

Pondal amósase en toda a súa obra, dende *A campana de Anllóns*, que é o seu primeiro texto en galego, ata *Queixumes dos pinos*, único libro que publicou en vida, e *Os Eoas*, o seu extenso poema epopeico, altamente preocupado pola súa poesía e pola súa lingua; non en van, o poeta de Bergantiños refunde e reelabora unha e outra vez os seus materiais poéticos, ata facer da súa lingua de expresión unha lingua de cultura.

Pola súa parte, Curros concibe a súa poesía como un medio para sacar á luz asinxustizas e as eivas que padece a sociedade galega, sobre todo, a sociedade rural; a súa é unha poesía marcada pola defensa dos intereses de Galicia, por unha forte veta social e por un anticlericalismo radical, que deixan un escasísimo espacio para o intimismo, para as vivencias propias do poeta. Demócrata convencido e formado no Madrid de Pablo Iglesias, *Aires da miña terra* e *O divino sainete* son mostra da poesía que mellor define o poeta de Celanova; lonxe do costumismo, estes textos ilustran unha concepción da poesía que pasa por ser un instrumento ó servicio da protesta social, unha arma ó servicio da dignidade persoal e social.

Finalmente, deberemos facer un breve repaso pola poesía de finais de século, pola obra de autores que, coetáneos das tres grandes figuras do Rexurdimento, continúan os camiños marcados por estes, sobre os que, así mesmo, exercen determinadas influencias. A poesía de finais do XIX manifesta o inicio dun debate, que se vai manter ata a actualidade, entre a poesía de liña costumista e a poesía aristocratizante ou formalista. Ambas correntes, que non son excluíntes nun mesmo autor, responden a concepcións ben distintas non só do país e da súa cultura, senón do que debía ser a súa proxección literaria nunha tradición contemporánea que daquela comezaba a forxarse. Lamas Carvajal será un dos autores considerados, xunto a outros de menor relevo, neste apartado.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓNS DE TEXTOS

Aguirre, A., *Poesías selectas*, André Martínez Editor, A Coruña, 1901.

Album de la Caridad. Juegos Florales de la Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos, edición costeada por D. José Pascual López Cortón, La Coruña, 1862.

Álvarez Blázquez, X. M., *Nicomedes Pastor Díaz. Poesías galegas*, Monterrey, Vigo, 1951.

Añón Paz, F., *Poesías gallegas y castellanas*, Biblioteca Gallega, A Coruña, 1889.

—, *Poesías galegas*, Publicacións da Real Academia Galega, 1966.

Bel Ortega, F., *Francisco Añón. Poesía en gallego*, Cuadernos: *Cruceiro do Rego*, 3, 1989.

Castro y Calvo, J. M., *Nicomedes Pastor Díaz. Obras completas*, Atlas, Madrid, 1969-1970, 3 vols.

Díaz Corvelte, N. P., *Obras de don Nicomedes Pastor Díaz, de la Real Academia Española*, Imprenta de Manuel Tello, Madrid, 1866-1868, 6 vols.

Lado Franco, C., *Edición crítica da poesía dispersa de Xoán Manuel Pintos*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1989 [tese de licenciatura inédita].

Peña, X. R., “Diálogo entre Dominjos e Farruco, sobre administración de xusticia da súa aldea (Un texto esquecido de 1820)”, *A Trabe de Ouro*, 8, 1991, pp. 591-595.

—, “Sigue la tertulia en la Quintana, o segundo diálogo entre los consabidos Andrúco, Xácome e Alberte (Texto esquecido de 1820)”, *A Trabe de Ouro*, 21, 1995, pp. 117-123.

Pintos, X. M., *A Gaita Gallega tocada polo gaiteiro ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega, e ainda más*, Imprenta de José Primitivo y Vilas, Pontevedra, 1853 [edición facsimilar, La Voz de Galicia, A Coruña, 1981].

—, *Retallos de poesía e prosa*, Real Academia Galega, A Coruña, 1975.

Saco e Arce, X. A. *Poesías*, Carlos Bailly-Bailliere, Madrid, 1878.

ROSALÍA DE CASTRO

López-Casanova, A., *Rosalía de Castro. Antología poética*, Alhambra, Madrid, 1995.

Castro, R. de, *Cantares gallegos*, Juan Compañel, Vigo, 1863 [2^a edición, Leopoldo López, Madrid, 1872].

—, *Follas Novas*, La Propaganda Literaria, Madrid-La Habana, 1880.

Fontoyra, L., *Rosalía de Castro. Follas novas*, Galaxia, Vigo, 1986.

Lama, M. X., *Rosalía de Castro. Cantares gallegos*, Galaxia, Vigo, 1995.

López, A.-Pociña, A., *Rosalía de Castro. Poesía galega completa*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1992.

Mayoral, M., *Rosalía de Castro. Obras completas*, Biblioteca Castro-Turner, Madrid, 1993.

Mayoral, M.-Roig Rechou, B.-A., *Rosalía de Castro. Follas Novas*, Xerais, Vigo, 1991.

Monteagudo, H.-Vilavedra, D., *Rosalía de Castro. Follas novas*, Galaxia, Vigo, 1993.

Rodríguez Baixeiras, X., *Rosalía de Castro. Cantares Gallegos*, Xerais, Vigo, 1992 [1^a ed., 1990].

EDUARDO PONDAL

Carballo Calero, R., *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*, Galaxia, Vigo, 1961.

Ferreiro, M., *Eduardo Pondal. Poesía galega completa*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1995.

Forcadela, M., *Eduardo Pondal. Poesía*, Xerais, Vigo, 1989.

Ricón, A., *Eduardo Pondal. Novos Poemas*, Galaxia, Vigo, 1971.

—, *Eduardo Pondal. Os Eoas (unha aproximación)*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa-Real Academia Galega, A Coruña, 1992.

Senín, X., *Eduardo Pondal. Queixumes dos Pinos e outros poemas*, Galaxia, Vigo, 1991 [1^a ed., 1985].

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

Alonso Montero, X., *M. Curros Enríquez. O divino sainete*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1994 [2^a ed.].

—, *M. Curros Enríquez. Obra gallega y obra castellana*, Xuntanza Editorial, A Coruña, 1989, 3 vols.

Casares, C., *M. Curros Enríquez. Poesía galega completa*, Galaxia, Vigo, 1992.

—, *M. Curros Enríquez. Aires da miña terra e outros poemas*, Galaxia, Vigo, 1993 [1^a ed., 1983].

Pociña, A., *Manuel Curros Enríquez. O divino sainete*, Akal, Madrid, 1992.

Varela Jácome, B., *Manuel Curros Enríquez. Aires da miña terra*, Xerais, Vigo, 1990.

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

García Negro, M. P., *Valentín Lamas Carvajal. Poesía galega*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1998.

Lamas Carvajal, V., *Escolma poética*, Galaxia, Vigo, 1983.

ESTUDIOS

Alonso Montero, X., *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*, Ciencia Nueva, Madrid, 1968.

Alonso Montero, X.-Ramos de Castro, E., *Cen anos de literatura galega. Catálogo da Exposición Bibliográfica celebrada no Círculo das Artes de Lugo, 9-19 de decembro de 1963*, Círculo de las Artes, Lugo, s.d.

Álvarez Blázquez, X. M., “Datos para la biografía del poeta Añón”, *Faro de Vigo*, 16 de marzo, 1960.

—, “El romanticismo gallego en Nicomedes Pastor Díaz”, *Alba*, 1956.

—, “Notas para una edición crítica de la égloga “Belmiro e Benigno” de Pastor Díaz”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 18, 56, 1963, pp. 347-356.

—, “Uns versos de Aurelio Aguirre”, *Grial*, 12, 1966, pp. 225-230.

—, “Limiar” e “Apéndices”, *Francisco Añón. Poesías Galegas*, Publicacións dda Real Academia Galega, A Coruña, 1966, pp. 9-12, 127-136.

Barja, C., *En torno al lirismo gallego del siglo XIX*, Smith College Studies in Modern Languages Nosthampton, Mass, USA, 1926.

Bel Ortega, F., *Vida e obra de Francisco Añón*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, A Coruña, 1991.

Blanco, C., *Libros de mulleres (Para unha bibliografía de escritoras en lingua galega: 1863-1992)*, Do Cumio, Vigo, 1994.

Bochmann, K., “Valores e funcions pragmáticas dos primeiros textos en galego procedentes da Guerra da Independencia de España”, *Grial*, 114, 1992, pp. 231-238.

Boletín de la Real Academia Gallega, 50, dedicado a Nicomedes Pastor Díaz.

- Bouza-Brey, F., “Un villancico desconocido de Alberto Camino”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1, 7, 1947, pp. 483-484.
- , “Los villancicos gallegos cantados en el Hospicio de Santiago en la Navidad de 1849”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 12, 36, 1957, pp. 127-129.
- , “Os vilancicos cantados na catedral de Santiago no século XVIII e algunas novas biográficas do poeta Parcero”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 327-332, 1958, pp. 3-9.
- Cabanillas, R., “A saudade nos poetas galegos”, *A Nosa Terra*, 5 de outubro, 1920.
- Carballo Calero, R., “Diálogo de J. A.”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 68, 1967, pp. 342-345.
- , “A Gaita Gallega”, *La Voz de Galicia*, Suplemento Especial, 30 de setembro, 1981.
- Carré Aldao, E., “Francisco María de la Iglesia”, *Revista Gallega*, 110, 1897.
- , “Nicomedes Pastor Díaz”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 50, 1911, pp. 27-31.
- , “Prólogo”, *Poesías de Francisco Anón*, A Coruña, 1920.
- Castro López, M., “El poeta Castro y Neira”, *Almanaque Gallego*, Buenos Aires, 1914.
- Corral, L.-Castro, A. M. de, “Vilancicos da catedral de Mondoñedo”, *Grial*, 62, 1978, pp. 453-457.
- Couceiro Freijomil, A., “Francisco Añón y Paz. Datos biográficos”, *La Noche*, 28 de marzo, 1946.
- , “Juan Antonio Saco y Arce. Datos biográficos”, *La Noche*, 25 de abril, 1946.
- Chacón, R., “Contribución a la bibliografía de Juan Manuel Pintos”, *Grial*, 82, 1983, pp. 495-498.
- Chao Espina, E., *Pastor Díaz dentro del Romanticismo*, *Revista de Filología Española*, Anejo 46, Madrid, 1949.
- , “Pastor Díaz y el amor en tierras andaluzas el año 1848”, *La Noche*, 1953.
- Díaz Andión, J., “Lucenses ilustres. Nicomedes Pastor Díaz”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, 10.
- Dobarro, X. M., *Alberto Camino (1820-1861): poeta galego*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1980 [tese de doutoramento inédita].

—, “Inventario da produción lírica do primeiro rexurdimento (1840-1863)”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1994, 1995, pp. 51-65.

Fabeiro Gómez, M., “Breves notas sobre Añón”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 309-320, 1956, pp. 130-138.

Filgueira Valverde, X., “Villancicos”, *El Museo de Pontevedra*, 22-23, 1951, p. 217.

—, “Tres villancicos gallegos de Pacheco (1784-1865)”, *El Museo de Pontevedra*, 21, 1951, pp. 64-66.

Forcadela, M., “A poesía de finais do século XIX”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 390-409.

García Negro, M. P., *A emerxencia da literatura galega na primeira metade do século XIX (1808-1863)*, AS-PG, Vigo, 1996.

Lence Santar y Gutián, E., “La poesía en Mondoñedo. D. Antonio María de Castro y Neira”, *Vida Gallega*, 189, 1922.

—, “Don Antonio María de Castro y Neira”, *Nadal*, folla cos vilancicos da S. I. Catedral de Mondoñedo, 25 de decembro, 1943.

—, “La poesía en Mondoñedo. D. Luís Corral”, *Vida Gallega*, 190, 1922.

—, “La poesía en Mondoñedo. D. Jacinto Romualdo López”, *Vida Gallega*, 191, 1922.

López, T., *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros galego-portugueses no século XIX*, Laiowento, Santiago de Compostela, 1991.

López de Serantes, X., *Vida e morte dun poeta. Biografía de Francisco Añón*, Xunta de Galicia, 1986.

Marco, A., “Estudiosos do galego: Xoan Manuel Pintos”, *Grial*, 48, 1975, pp. 231-236.

—, “O vocabulario etimolóxico de Xoan Manuel Pintos na terceira foliada de “A gaita gallega”, *Grial*, 67, 1980, pp. 109-112.

Mariño Paz, R., *Estudio fonético, ortográfico e morfológico de textos do prerrexurdimento galego (1805-1837)*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1991 [tese de doutoramento inédita].

Martínez Morás, F., “D. José Fernández Neira”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 39, 1910, pp. 67-69.

Martínez Morás y Soria, A., “¿Dónde y cuándo nació Alberto Camino y cuándo murió?”, *Grial*, 15, 1967, pp. 101-102.

Mosquera, A., “Francisco Añón”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 2, 1880.

Murguía, M., “Nicomedes Pastor Díaz”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 2, 1880.

Otero Pedrayo, R., *Romanticismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*, Nós, Santiago de Compostela, 1931.

Pedret Casado, P., “Xoan Antonio Saco e Arce. Algunhas notas biográficas”, *Nós*, 135, 1935, pp. 41-43.

Placer López, G., “Don Francisco María de la Iglesia (Apuntes para su biografía)”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 220, 1929, pp. 95-102.

—, “Don Francisco María de la Iglesia (Apuntes para su biografía-conclusión)”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 221, 1930, pp. 120-125.

Posada Pereira, J. M., “Don Juan Manuel Pintos”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 2, 1880.

Requeixo, A., *Escritores mindonienses*, Sociedad de Cultura Valle Inclán-Concello de Mondoñedo, Ferrol, 1998.

Ríos Panisse, M. C., “O Prerrexurdimento”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 112-147.

—, “Os inicios do Rexurdimento (1840-1868)”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 150-257.

Teles, G. M., “Tres poetas gallegos (N. Pastor Díaz, E. Pondal e M. Curros Enríquez)”, *Letras de Hoje*, 5, 1970.

Varela, J. L., *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX*, Gredos, Madrid, 1958.

Vicenti, A., “Historias literarias: Aurelio Aguirre”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*, 30 de setembro, 1879.

Trillo, J.-Villanueva, C., *Vilancicos gallegos da Catedral de Santiago. Melchor López*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1980.

—, “El archivo de música de la Catedral de Mondoñedo”, *Estudios mindonienses*, 9, 1993, pp. 15-429.

Villanueva, C., *Los villancicos gallegos*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, A Coruña, 1994.

ROSALÍA DE CASTRO²⁹

Albert Robatto, M., *Rosalía de Castro y la condición femenina*, Partenón, Madrid, 1981.

—, *Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán: afinidades y contrastes*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1995.

Alonso Girgado, L., *Rosalía de Castro na súa vida, nos seus versos*, Patronato Rosalía de Castro, Santiago de Compostela, 1986.

Alonso Montero, X., *Rosalía de Castro*, Júcar, Madrid, 1972.

— (ed.), *En torno a Rosalía*, Júcar, Madrid, 1985.

Alonso Nogueira, A., “A invención do escritor nacional. Rosalía de Castro: a poeta e a súa patria”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 41-64.

Álvarez Ruiz de Ojeda, V., “Sobre a “demisión” de Rosalía: unha carta inédita de Manuel Murguía”, *Grial*, 131, 1996, pp. 389-394.

—, “Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro”, *Grial*, 136, 1997, pp. 479-501.

Areán, C., “Creación de combinaciones métricas en *Follas Novas*”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 22, 1956.

Baliñas, C., *Rosalía de Castro entre a poesía e a política*, Patronato Rosalía de Castro, Santiago de Compostela, 1987.

Blanco, C., “Rosalía de Castro. Mitificación e mistificación dunha figura”, *Literatura galega da muller*, Xerais, Vigo, 1991, pp. 25-40.

—, “A problemática social da escritora na obra rosaliana”, *Literatura galega da muller*, Xerais, Vigo, 1991, pp. 41-68.

—, “Rosalía de Castro: a estranxeira na súa patria”, *Colóquio / Letras*, 137-138, 1995, pp. 81-92.

²⁹ Ademais dos estudos xerais, véxanse sempre, para os autores citados, as notas introductorias que acompañan as edicións dos seus textos.

Bouza-Brey, F., *Los Cantares Gallegos*, o Rosalía y los suyos entre 1860 y 1862”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 18, 1963.

—, “El tema rosaliano de la negra sombra en la poesía compostelana del siglo XIX”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 104, 1953.

Carballo Calero, R., “Centenario de *Cantares gallegos*”, *Ínsula*, 200-201, 1963.

—, *Particularidades morfológicas de la lengua de Rosalía de Castro*, Santiago de Compostela, 1972.

—, *Estudios rosalianos. Aspectos da vida e obra de Rosalía*, Galaxia, Vigo, 1979.

Carré Aldao, E., “Estudio bibliográfico de Rosalía de Castro”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 15-17, 1927.

Carro, M. C., “Rosalía e a súa obra *Canto gallego*”, *Grial*, 22, 1984, pp. 345-354.

Conchado, D., “O que perdeu Adán: ausencia y otredad en “As viudas dos vivos e as viudas dos mortos””, *Actas do segundo Congreso de Estudios Galegos*, edición de A. Carreño, Galaxia, Vigo, 1991, pp. 177-186.

Costa Clavell, X., *Rosalía de Castro*, Plaza y Janés, Barcelona, 1967.

—, *Rosalía de Castro*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1985.

Cuadernos de Estudios Gallegos, 14, 1959.

Chao Espina, E., “La infancia de Rosalía de Castro”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 25, 1951.

Davies, C., “A importancia de *Cantares Gallegos*: libro de tradición e innovación”, *Grial*, 82, 1983, pp. 443-452.

—, *Rosalía de Castro no seu tempo*, Galaxia, Vigo, 1987.

—, *Rosalía de Castro e Follas Novas*, Galaxia, Vigo, 1990.

—, “O retorno á nai catedral, unha estranxeira en terra de ninguén: Rosalía de Castro a través de Julia Kristeva”, *Grial*, 136, 1997, pp. 503-525.

Díaz, N. A., *La protesta social en la obra de Rosalía de Castro*, Galaxia, Vigo, 1976.

Filgueira Valverde, X., *Con Rosalía de Castro en su hogar*, Vigo, 1974.

Fontoira, L., “Os pretextos de *Follas Novas*”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 603-628.

García-Sabell, D., “A realidade humá de Rosalía”, *Grial*, 22, 1968, pp. 385-411.

González Herrán, J. M., “Rosalía de Castro en la literatura española de su tiempo: cien años de recepción crítica (1864-1960)”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 665-676.

González López, E., “El postromanticismo español: Rosalía y Bécquer”, *Galicia, su alma y su cultura*, Buenos Aires, 1954.

Gullón, R., “Rosalía”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 85, 1953.

Hermida, C., *Rosalía de Castro na prensa barcelonesa (1863-1899)*, Patronato Rosalía de Castro, Santiago de Compostela, 1993.

Kirkpatrick, S., *Las Románticas. Escritoras y subjetividad en España (1835-1850)*, Cátedra-Universitat de València-Instituto de la Mujer, Madrid, 1991.

Kulp, K. K., *Manner and mood in Rosalía de Castro. A Study of Themes and Style*, José Porrúa Turanzas, Madrid, 1968.

Lapesa, R., “Bécquer, Rosalía y Machado”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 100-101, 1954.

Lázaro Carreter, F., *Rosalía de Castro. Estudio y antología*, Compañía Bibliográfica Española, Madrid, 1966.

Liñares Giraut, X. A. (ed.), *Arredor do Centenario de Rosalía 1985*, Patronato Rosalía de Castro, Santiago de Compostela, 1995.

López, A.-Pastor, M. A. (eds.), *Crítica y ficción literaria: Mujeres españolas contemporáneas*, Universidad de Granada, Granada, 1989.

López, A.-Pociña, A., *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica (1837-1990)*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, A Coruña, 1991-1993, 3 vols.

—, “Notas sobre a pervivencia e difusión actuais da obra rosaliana. Edicións e traduccións de Rosalía desde 1991 ata 1998”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 619-638.

—, *Rosalía de Castro. Estudios sobre a vida e a obra*, Laiovento, Santiago de Compostela, 2000.

López Castro, A., “El sentido de la interioridad en Rosalía de Castro”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez,

Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 363-377.

Lorenzo, P., “Bécquer y Rosalía: dos nihilistas románticos”, *Revue Romane*, 17, 1982.

Mac Clelland, I. L., “Bécquer, Rubén Darío and Rosalía de Castro”, *Bulletin of Spanish Studies*, 15, 1939.

Machado da Rosa, A., *Heine in Spain (1856-67). Relations with Rosalía de Castro*, Madison, 1957.

March, K. N., *De musa a literata. El feminismo en las novelas de Rosalía de Castro*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1994.

Martín, E., *Tres mujeres gallegas del siglo XIX*, Barcelona, 1962.

Mayoral, M., *La poesía de Rosalía de Castro*, Gredos, Madrid, 1974.

—, *Rosalía de Castro*, Fundación Juan March-Cátedra, Madrid, 1986.

Montero, L., “La poesía de Rosalía de Castro”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 7, 1947.

Neira Vilas, X., *Rosalía de Castro e Cuba*, Patronato Rosalía de Castro, Santiago de Compostela, 1992.

Otero Pedrayo, R., *Romanticismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*, Nós, Santiago de Compostela, 1931.

Pinna, M., “Motivi della lirica di Rosalía de Castro”, *Quaderni Ibero-American*i, 21, 1957.

Piñeiro, R., “Pra unha filosofía da saudade”, *La saudade*, Vigo, 1953.

Poullain, C. H., *Rosalía de Castro de Murguía y su obra literaria (1836-1885)*, Editora Nacional, Madrid, 1974.

—, *Rosalía de Castro e a súa obra literaria*, Galaxia, Vigo, 1989.

Prol Blas, J. S., *Estudio bibliográfico-crítico de la obra de Rosalía de Castro*, Santiago de Compostela, 1917.

Rodrigues Baptista, A., “Rosalía de Castro no horizonte dos ‘saudosistas’ portugueses”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 49-73.

Rodríguez, F., “Rosalía: cen anos de resistencia contra da hipocresía burguesa”, *A Nosa Terra*, 106, 16-22 de maio, 1980.

—, *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro*, AS-PG, Vigo, 1988.

Souto Presedo, E., “Rosa-negro rosaliano”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 689-705.

Tarrío, A., “*Cantares Gallegos*, poesía y algo más”, *Peña Labra. Pliegos de poesía*, 55, 1985.

—, “Rosalía de Castro”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 262-303.

Tirrel, M. P., *La mística de la saudade. Estudio de la poesía de Rosalía de Castro*, Jura, Madrid, 1951.

Varela, J. L., “Rosalía y sus límites”, *Revista de Literatura*, 30, 59-60, 1966.

—, “Rosalía o la saudade”, *Cuadernos de Literatura*, 19-20-21, 1950.

Vázquez Cuesta, P., *España ante o “ultimatum”*, Livros Horizont, Lisboa, 1975.

Vázquez Rey, A., *Esbozo para unha biografía de Rosalía*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1995.

VV. AA., *Sete ensaios sobre Rosalía*, Vigo, 1952.

—, *Homenagem a Rosalia de Castro*, Publicações da Câmara Municipal do Porto, Gabinete de História da Cidade, Porto, 1955.

—, *Festa da palabra silenciada*, 2, 1985.

—, *Actas do Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo (Santiago de Compostela, 15-20 de xullo de 1985)*, Consello da Cultura Galega-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1986, 3 vols.

—, *Rosalía viva*, A Nosa Cultura, 1, A Nosa Terra, Vigo, 1990.

EDUARDO PONDAL

Allison Peers, E., “The influence of Ossian in Spain”, *Philological Quarterly*, 4, 3, 1925.

Amado Rodríguez, M. T., “Os gregos e Pondal”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 95-107.

Axeitos, X. L., “O celtismo na poesía galega”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1992, 1993, pp. 95-106.

Barreiro Duro, X. M., “A fauna en *Queixumes dos pinos*”, *Grial*, 57, 1977, pp. 359-365.

Blanco, C., “Mulleres na utopía celta de Pondal”, *Unión libre*, 2, 1997, pp. 101-118.

Bouza-Brey, F., “A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade dunha revisión crítica dos seus *Queixumes*”, *A Nosa Terra*, 208-209-210, 1925.

Cabanillas, R., *Discursos leídos ante la Real Academia Española en la recepción pública del día 26 de mayo de 1929*, Hijos de Peinador, Mondariz Balneario.

Cores Trasmonte, B., “El 1000 en la obra de Pondal”, *Lar. Revista del Hospital Gallego*, 25 de xullo, 1957.

Ferreiro, M., *Pondal: do dandysmo á loucura. Biografía e correspondencia*, Laiovenzo, Santiago de Compostela, 1991.

—, *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*, Laiovenzo, Santiago de Compostela, 1997.

—, “O celtismo, utopía trascendente na literatura galega”, *Unión libre*, 2, 1997, pp. 79-86.

—, “Eduardo Pondal ‘ao estilo’ de Joan Zorro (A primeira cantiga neotrobadoresca galega)”, *Actas do Congreso O mar das cantigas*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998, pp. 1998.

—, “Terra verde”: un poema inédito de Eduardo Pondal”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 509-526.

Ferreiro, M.-López, T., “Pondal publicou un adianto do que foron *Os Eoas* en 1858”, *A Nosa Terra*, 338, 21 de abril, 1988.

Forcadela, M., *A harpa e a terra. Unha visión da poesía lírica de Eduardo Pondal*, Xerais, Vigo, 1988.

—, *A poesía de Eduardo Pondal*, Do Cumio, Vigo, 1995.

—, “Eduardo Pondal e Curros Enríquez. 1. Eduardo Pondal”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 306-349.

Lillo Redonet, F., “A cultura antiga como fonte de inspiración dos poetas galegos”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 781-793.

López Abente, G., “A terra e a poesía de Pondal”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 27, 1956, pp. 309-320.

Lorenzana, S., “O mundo de Eduardo Pondal”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 27, 1956, pp. 309-320.

Méndez Ferrín, X. L., *Aspectos de la poesía de Eduardo Pondal*, Facultad de Filosofía y Letras, Madrid, 1960 [tese de licenciatura inédita].

—, *De Pondal a Novoneyra*, Xerais, Vigo, 1984.

Montiel, I., *Ossián en España*, Planeta, Barcelona, 1974.

Otero Pedrayo, R., “El sentido del paisaje en la poesía de Eduardo Pondal”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 18, 1931.

—, *Romantismo, saudade e sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*, Nós, Santiago de Compostela, 1931.

Pinna, M., “Interpretazione di Pondal”, *Miscelâneas de Estudos a Joaquim de Carvalho*, 4, Figueira da Foz, 1960.

—, “La lirica di Eduardo Pondal”, estratto di *Studi Mediolatini e Volgari*, 8, 1960.

Renales Cortés, J., *Celtismo y Literatura gallega. La obra de Benito Vicetto y su entorno literario*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996, 2 vols.

Ricón, E., *Eduardo Pondal*, Galaxia, Vigo, 1981.

—, *Estética poética de Eduardo Pondal*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1985.

Teles, G. M., “Tres poetas galegos (N. Pastor Díaz, E. Pondal e M. Curros Enríquez)”, *Letras de hoje*, 5, 1970.

Tobío, L., *Valoración de Pondal*, Ediciones Ronsel-Casa de Galicia, Montevideo, 1965.

Varela, J. L., “El celtismo de Pondal”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, 1949, pp. 53-54.

—, “Un capítulo de ossianismo español. Eduardo Pondal”, *Estudios dedicados a Menéndez Pidal*, Madrid, 1955 [separata].

Varela Jácome, B., “La métrica de Pondal”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 15, 45, 1960.

Verdini, X. C., “Os Eoas, á luz de Os Lusiadas”, *Grial*, 79, 1983, pp. 1-2.

VV. AA., *Eduardo Pondal. Home libre, libre terra*, A Nosa Cultura, 7, A Nosa Terra, Vigo, 1986.

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

Alonso Montero, X., “Curros Enríquez ou a poesía como loita”, *Grial*, 17, 1967, pp. 290-318.

—, “A lingua galega desde Curros”, *Colección Grial. 3. Presencia de Curros y de Doña Emilia*, Galaxia, Vigo, 1951.

—, “Antero de Quental (1842-1891) traducido polo poeta galego Manuel Curros Enríquez”, *Revista de Guimaraes*, 1996.

Boletín de la Real Academia Gallega, 54, 1934.

Carballo Calero, R., “Poesía de Curros Enríquez”, *Grial*, 18, 1967, pp. 479-484.

Cardwell, R., “A significación de *Aires da miña terra* no contexto da literatura finisecular”, *Boletín Galego de Literatura*, 3, 1990, pp. 7-18.

Carré Alvarellos, L., “A lingua Galega en Curros Enríquez”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 29.

—, *Manuel Curros Enríquez. Súa vida e súa obra. Ensaio bio-bibliográfico*, Centro Gallego de Buenos Aires, Buenos Aires, 1953.

Casares, C., *Curros Enríquez*, Galaxia, Vigo, 1980.

Ferreiro, C. E., *Curros Enríquez*, Júcar, Madrid, 1973.

—, *Curros Enríquez. Biografía*, Moret, A Coruña, 1954 [2^a ed., Júcar, Madrid, 1974].

Forcadela, M., “Eduardo Pondal e Curros Enríquez. 2. Manuel Curros Enríquez”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 350-387.

González-Besada Estévez, A.-Melendo Abad, F., *Manuel Curros Enríquez. Biografía*, Madrid, 1952.

González López, E., “Curros Enríquez, el dramatismo lírico”, *Galicia, su alma y su cultura*, Buenos Aires, 1954.

Linares Rivas, M., *Discursos leídos ante la Real Academia Española, en la recepción pública del Excmo. Sr. D. -----, el dia 15 de mayo de 1921*, Madrid, 1921.

López Cid, J. L., “Curros Enríquez en la lírica”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, 18, 2, 1955.

López Varela, E., “Os dous procesos a Curros”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 861-876.

—, “Curros Enríquez: un galego na Cuba de 1898”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 379-403.

Marcos Raña, F., *El espíritu de libertad y rebeldía en Curros Enríquez*, La Habana, 1944.

Moralejo, J. J., “Mundo clásico en Curros”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 997-1016.

Paz Gago, X. M., “Métrica e narración en “A virxen do Cristal””, *Boletín Galego de Literatura*, 7, 1992, pp. 53-59.

Rodríguez Sánchez, F., *A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez*, Vigo, 1973.

Teles, G. M., “Tres poetas galegos (N. Pastor Díaz, E. Pondal e M. Curros Enríquez)”, *Letras de hoje*, 5, 1970.

Vázquez Cuesta, P., “Curros, os escritores portugueses e o *Ultimatum*”, *Grial*, 46, 1974, pp. 385-408.

—, “Sobre la “lira lusitana” de Curros Enríquez; poesías perdidas y nuevamente halladas”, *Grial*, 20, 1968, pp. 149-154.

Vilanova Rodríguez, A., *Vida y obra de Manuel Curros Enríquez*, Centro Gallego de Buenos Aires, Buenos Aires, 1953.

VV. AA., *Terra a Nosa*, Biblioteca Popular Galega, vol. III, A Coruña, 1919.

—, *Curros Enríquez. Crebar as liras*, A Nosa Cultura, 9, A Nosa Terra, Vigo, 1987.

VALENTÍN LAMAS CARVAJAL

Casares, C., “Apuntes pra un estudio da poética de Lamas Carvajal”, *Grial*, 38, 1972, pp. 469-474.

Fernández Alonso, B., *Orensanos ilustres*, Ourense, 1916.

Fernández Gallego, J., *Valentín Lamas Carvajal. Estudio*, Moret, A Coruña, 1950.

López Aydillo, E.-Palacios, J., *Lamas Carvajal. Estudio biográfico*, Páez, Madrid, 1925.

Pardo Bazán, E., “Poesía labriega. Un libro de Valentín Lamas Carvajal”, *Obras Completas*, Aguilar, Madrid, 1973, pp. 940-943.

Penalba, A., “Las imágenes en la poesía de Lamas Carvajal”, *La Región*, 31 de agosto, 1949.

III. O SÉCULO XIX

TEMA 10. A PROSA FINISECULAR

1. A novela.

1.1. Marcial Valladares. *Maxina ou a filla espúrea*.

1.1.1. Estructura, significado e estilo.

1.1.2. A diglosia en *Maxina*: explicación ideolóxica.

1.2. Antonio López Ferreiro.

1.2.1. *A tecedeira de Bonaval*.

1.2.2. *O castelo de Pambre*.

1.2.3. *O niño de pombas*.

1.2.4. Estructura, significación e estilo dos textos.

1.3. Luís Otero Pimentel: *A campaña da Caprecórnea*.

1.4. Xan de Masma: *¡A besta!*

2. O relato.

2.1. As coleccións de relatos breves. Peculiaridades dos textos.

2.2. Principais autores: Valentín Lamas Carvajal, Francisco Álvarez de Noya, Heraclio Pérez Placer.

O período que debemos considerar para a prosa do Rexurdimento comprende, *grosso modo*, dende o ano 1880 –data da publicación de *Maxina*– ata os primeiros anos do século XX, en concreto ata 1916, momento no que se inaugura un xeito novo de entender o exercicio literario narrativo en galego. Menos afortunada cá poesía no renacer da literatura galega, os autores de prosa tiveron que sobrepoñerse ós enraizados prexuízos que postulaban que o galego era unha lingua especialmente apta para a poesía, pero con escasas posibilidades para desenvolver outro tipo de textos, incluída a prosa narrativa.

Sen embargo, houbo no período obxecto de análise produción de prosa en galego, e producción, dadas as circunstancias e medios de difusión –a prensa periódica basicamente–, en relativa abundancia, tanto de textos extensos, de novela, como de textos curtos, adscritos ó xénero do relato, xénero que se vai amosar como sobranceiro

na literatura galega, tanto polo seu abundante cultivo como pola mestría que chega a acadar, nomeadamente con determinados autores do século XX.

A prosa literaria galega, aínda máis cá poesía, nace sen unha tradición na que asentar as súas raíces, non só porque no Rexurdimento non se coñecese o vello antecedente medieval, senón porque este, como xa vimos, era máis pobre có do verso. Xa os protagonistas dos primeiros ensaios narrativos son conscientes de que cumpría promocionar o relato e a novela e poñelos ó mesmo nivel da poesía. Con esta finalidade convocáronse distintos premios e concursos, e leváronse ós xornais as primeiras experiencias narrativas. A aportación de Marcial Valladares foi fundamental a este respecto, pero a súa non foi unha obra illada, senón que compartiu espacio con outros narradores que nese momento publican textos de ficción en galego.

En xeral, a liña maioritaria que seguen estes textos pasa polo costumismo, aínda que a narrativa galega non deixou de ensaiar outras vías, como ilustran a testemuñal novela de Xan de Masma ou a más aberta e “moderna” obra de Álvarez de Nôvoa, con solucións técnicas e lingüísticas dispares. En palabras de M. Hermida, nas novelas que se producen en lingua galega durante estes anos

sempre intuiremos, nunha lectura atenta, con maior ou menor distancia temporal, o eco da narrativa que se fai noutras linguas europeas, con especial fixación na narrativa española e ás veces, a través desta, con significativa presencia da narrativa francesa. De tal xeito, non faltarán os realismos xenéticos, co que iso implica de dificultade lingüística ou de obrigado bilingüismo; non faltan as expresadas intencións dun realismo naturalista, con pretensións expresadas de sobrepassar ó extremado E. Zola; non faltan o pintoresquismo folclórico e social, cos seus sobredimensionados sentimentalismos; nin un certo didactismo decimonónico, como marco da expresión ideolóxica do autor; nin a condición de novelas históricas en varios casos, con maior ou menor fidelidade ós feitos; nin as marcas do vello Romanticismo, tanto nos tons folletinescos coma en certas formalidades ou estructuras. En todo caso, o que se podería afirmar é que se trata dunha narrativa rural, na medida en que os espacios e os personaxes corresponden a ese ámbito socioambiental, iso si, nas súas moi variadas clases sociais e en diversos tempos da historia, unha narrativa que non ten máis antecedentes nin máis modelos

cós que puidesen aniñar na diversa formación cultural dos autores, desde linguas alleas a aquela que van utilizar para o seu exercicio creativo³⁰.

A figura de López Ferreiro constitúe un dos grandes piares da narración deste período, como vén sinalando a crítica especializada nos últimos anos, que analizou con atención a súa figura histórica e a súa obra. Non en van, *A Tecedeira de Bonaval* tal vez poida considerarse como a primeira gran novela galega, en paridade con textos publicados en ámbitos culturais normalizados, dos que o propio Ferreiro debeu tomar boa nota á hora de confeccionar algunha das súas obras.

Debemos considerar tamén neste tema, aínda que sexa sucintamente, outras personalidades que contribuíron, tamén na emigración, a crear un clima propicio para o agromo e posterior desenvolvemento da novela e do relato en galego, e que quedan eclipsadas polas grandes figuras maiores, que centran a atención constante da crítica. Dentro deste panorama plural queremos chamar a atención para unha figura cunha forte personalidade, á que xa nos referimos ó abordar a poesía: Lamas Carvajal, autor do emblemático *Catecismo do labrego*.

En calquera caso, e despois de tanto se acaba de sinalar, haberá que revisar as vellas teorías formuladas verbo da prosa narrativa, que afirmaban que esta era escasa e de insignificante calidade. Ben ó contrario, a produción narrativa durante estes anos foi ampla e tematicamente diversificada; así as cousas, non debe sorprendernos encontrar un panorama no que se escribe “narrativa fantástica en galego”, que non carece “de certa narrativa histórica” e, sobre todo, un panorama no que se alcanzan “cotas cualitativas no relato humorístico difíciles de sospeitar”³¹.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓN DE TEXTOS

Álvarez Ruiz de Ojeda, V., *Valentín Lamas Carvajal. O catecismo do labrego e outras prosas*, Xerais, Vigo, 1990.

³⁰ M. Hermida, “A prosa narrativa no tempo do Rexurdimento”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrio, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, p. 420.

³¹ Hermida, “A prosa narrativa”, p. 463.

- Arias, V., *Francisco A. de Nóvoa. Pé das Burgas*, Xerais, Vigo, 1988.
- Dobarro Paz, X. M.-Ferreiro, M.-Martínez Pereiro, C. P., *Valentín Lamas Carvajal. O catecismo do labrego*, Vía Láctea, A Coruña, 1987.
- Hermida, M.-Hermida, C., *Xan de Masma. ¡A besta!*, Galaxia, Vigo, 1993.
- , *Luís Otero Pimentel. A batalla de Caprecórnea*, Galaxia, Vigo, 1993.
- López Ferreiro, A., *O niño de pombas*, Día das Letras Galegas, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1978.
- Marco, A., *António López Ferreiro. O Castelo de Pambre*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1981.
- Neira, M.-Roig Rechou, B. A.-Tarrío, A., *Marcial Valladares Núñez. Maxina*, Xerais, Vigo, 1991.
- Palacio, X. A.-Roig Rechou, B.-A., *Antonio López Ferreiro. A tecedeira de Bonaval*, Xerais, Vigo, 1985.

ESTUDIOS³²

- Alonso Montero, X., “Datos prá biografía de Xan de Masma, primeiro novelista social en galego”, *Lengua, literatura e sociedade en Galicia*, Akal, Madrid, 1977, pp. 132-134.
- Axeitos, X. L., “*O catecismo do labrego*, intertextualidade e parodia”, *Grial*, 79, 1983, pp. 65-72.
- Blanco-Amor, E., “Apuntes carvaxalianos”, *La Región*, 25, 28 e 30 de maio, 3 e 9 de xuño, 1972.
- Bouza-Brey, F., “Semblanza de Marcial Valladares”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 30.
- Barreiro Fernández, X. R., “López Ferreiro e Galicia”, *La Voz de Galicia*, 17 de maio, 1978.
- Brea López, M., “Sobre *Maxina*”, *Grial*, 29, 1970, pp. 352-355.
- Carballo Calero, R., *O señor de Vilancosta*, Loubanza de D. Marcial Valladares Núñez no Día das Letras Galegas, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1970.

³² Véxase tamén o tema 9. *A poesía*, no que se sinalan diversos estudios complementarios dos aquí citados e no que se lle dedica un epígrafe específico a Valentín Lamas Carvajal.

—, *Lembranza de Don Valentín Lamas Carvajal*, Día das Letras Galegas, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1972.

García Negro, M. P., *A emerxencia da literatura galega na primeira metade do século XIX (1808-1863)*, AS-PG, Vigo, 1996.

Hermida, M., “Noticia sobre *¡A Besta!*, un enigma ben divulgado”, *Boletín Galego de Literatura*, 8, 1992, pp. 85-91.

—, “Os outros relatos de Francisco Álvarez de Novoa”, *Boletín Galego de Literatura*, 19, 1993, pp. 67-68.

—, *Narrativa galega: tempo de Rexurdimento*, Xerais, Vigo, 1995.

—, “Emigración e marxinalidade narrativa”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 699-706.

—, “A prosa narrativa no tempo do Rexurdimento”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 412-463.

Lourenzo González, M.-Obelleiro, L.-Tato Fontañá, L., *A xeración dos Restauradores e o seu contexto histórico: a prosa e o teatro*, AS-PG, Vigo, 1996.

Marco, A., “O elemento popular no galego de López Ferreiro”, *Grial*, 62, 1978, pp. 469-474.

Sánchez Cantón Lenard, M. P., “Apuntes para la biografía de Don Antonio López Ferreiro”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 15, 47, 1960.

Soto López, M. I., *Heracio Pérez Placer e a súa obra narrativa en galego*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1998 [memoria de licenciatura inédita].

Varela Jácome, B., *Estructuras novelísticas del siglo XIX*, Clásicos y Ensayos, Aubí, Barcelona, 1974.

—, “Las novelas de López Ferreiro”, *La Noche*, 12 de febreiro, 1954.

Villares, R., “López Ferreiro e a historiografía galega”, *Grial*, 66, 1979, pp. 13-36.

III. O SÉCULO XIX

TEMA 11. O TEATRO

1. Os primeiros ensaios.
2. O drama histórico.
3. A comedia de costumes.
4. Principais autores:
 - 4.1. Francisco María de la Iglesia.
 - 4.2. Manuel Lugrís Freire.
 - 4.3. Galo Salinas.

É difícil explicar o florecemento e, mesmo, a supervivencia do teatro galego no século XIX, tendo en conta a penuria que para este xénero se observa nos séculos precedentes, considerando a difícil situación que atravesaba o galego como lingua de cultura e tendo presentes, a maiores, as prohibicións que se sucederon dende 1857, ano no que a Lei Moyano decretou o ensino en castelán, ata 1868, momento no que se levanta a censura.

Para todo o século XIX non se pode falar con propiedade dun teatro galego autenticamente ancorado nas estructuras sociais de Galicia, a pesar de que se levaron a cabo distintas iniciativas neste sentido; é máis, seguramente para este período do que hai que falar é “da ausencia no noso país dun auténtico teatro nacional”³³. Nunha sociedade diglósica como a galega, se a lírica e a narrativa foron capaces de xerar productos de gran altura literaria, non ocorreu o mesmo co teatro, que debeu enfrentarse a múltiples condicionantes. Son, de feito, moi poucas as obras dramáticas que se escriben en galego durante estes anos, en contraste co triunfante teatro escrito en castelán.

O teatro galego xurdirá, finalmente, neste século vinculado ás elites intelectuais e á defensa da identidade galega. Coa irrupción do Romanticismo impõe o cultivo do drama romántico, nas súas vertentes histórica e sentimental, e do sainete, medio rápido

³³ F. Pillado-L. Tato Fontañá, “O teatro galego no século XIX”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, p. 467.

de ilustrar o feito diferencial. A acta de nacemento do teatro galego cóbrese, seguramente, coa representación de *A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, en 1882. Antes desta data houbo teatro en Galicia, sobre todo vinculado ás festas relixiosas e populares do Nadal, do Entroido e de Pascua, e, seguramente, durante a Guerra da Independencia deberon circular textos como medio de propaganda contra o invasor: nada conservamos, sen embargo, do xénero dramático ata que A. Bieto Fandiño compón, en 1812, *A Casamenteira*, só publicada en 1849, unha obra tinxida de costumismo que desenvolve o tema dos casamentos amañados cun singular tratamento dos personaxes.

Despois da estrea de *A fonte do Xuramento*, “drama de costumes” que marca a incorporación ó Rexurdimento do xénero teatral, comezan a escribirse e a montarse pezas en galego, nun lento proceso que culminará coa creación da Escola Rexional de Declamación en 1902, presidida, nun primeiro momento, por Galo Salinas e, tras un cambio na directiva, por Manuel Lugrís Freire. Ó texto de Francisco María de la Iglesia séguenlle outros tres, *Mari-Castaña*, de Emilio Álvarez, escrita en 1884, primeiro drama histórico galego; *¡Non más emigración!*, de Armada Teixeiro, que supón a inauguración do xénero da zarzuela e que se estreou na Habana en 1886, e *A orfa de San Lourenzo*, drama premiado no certame dos Xogos Florais de 1886, da autoría de Rogelio Civeira. Son todas elas obras caracterizadas pola presencia de personaxes procedentes do medio rural, que mostran unha acusada preferencia polo verso, polo emprego de episodios folclóricos e por unha lingua inzada de castelanismos.

Para completar o panorama do teatro galego do XIX, á marxe doutros textos de menor importancia, hai que referirse a Xoán Cuveiro Piñol, co seu *Pedro Madruga*, que inaugura unha serie de obras dedicadas a este mítico personaxe da historia de Galicia, a Manuel Lugrís Freire e á súa comedia de costumes rurais *A costureira de aldea*, e á obra de Galo Salinas, con quen se di que comeza o teatro contemporáneo, non tanto, seguramente, pola súa obra, senón porque actuou como catalizador das inquietudes dun grupo de intelectuais preocupados pola fundación dun teatro galego auténtico e consolidado.

Presidente da Escola Rexional de Declamación ata que asume o cargo Lugrís Freire, Galo Salinas foi premiado en Betanzos por *A torre de Peito Burdelo* (1881), un drama histórico composto segundo o ideal rexionalista, e en Pontevedra por *¡Filla...!* (1892), un cadro dramático de costumes. Compuxo asemade –e á marxe dos textos que ainda permanecen inéditos– *Bodas de ouro* (1921), obra dun acentuado costumismo, e,

dentro da teoría dramática, escribiu un dos textos más importantes da protohistoria do teatro galego, *La dramática gallega*, publicado na *Revista Gallega*, que el mesmo fundara en 1895, no que se analizan algunas das causas da prostración do xénero no marco no que tentaba implantarse e desenvolverse, a Galicia que espertaba, a finais da centuria, dun sono secular.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓNS DE TEXTOS

Álvarez Giménez, E., *Mari-Castaña, Cuadernos da Escola Dramática Galega*, 50, 1984.

Armada Teixeiro, R., *¡Non más emigración!*, Imprenta A Correspondenza de Cuba, La Habana, 1886; agora en *A prosa do Primeiro Renacemento. Antoloxía*, edición de A. Gómez Sánchez *et alii*, AS-PG, Vigo, 1996, pp. 205-263.

Civeira, R., *A orfa de San Lourenzo*, Imprenta de J. A. Antúnez, Pontevedra, 1886.

Fandiño, A. B., *A casamenteira*, Oficina de D. Juan María Pazos, Ourense, 1849; agora en *Cuadernos da Escola Dramática Galega*, 15, 1981.

Iglesia González, F. M^a. de la, *A fonte do xuramento*, Imprenta de Vicenzo Abade, A Coruña, 1992; agora en *A prosa do Primeiro Renacemento. Antoloxía*, edición de A. Gómez Sánchez *et alii*, AS-PG, Vigo, 1996, pp. 153-203.

Salinas y Rodríguez, G., *A torre de Peito Burdelo*, Imprenta de V. Abad, A Coruña, 1981; agora en *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 104, 1994.

—, *¡Filla...!*, Imprenta A. Gutemberg, A Coruña, 1892.

—, *Bodas de ouro*, Imprenta Obreira, A Coruña, 1921.

ESTUDIOS³⁴

Lengua, literatura e sociedade en Galicia, Akal, Madrid, 1977, pp. 132-134.

Carré Alvarellos, L., “Apontamentos para a Historia do Teatro Galego”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 235-240, 1931, pp. 213-224.

³⁴ Véxase tamén o tema 9. *A poesía*, no que se sinalan diversos traballos relativos a autores estudiados neste tema.

- , “Literatura galega. Teatro”, separata de *Céltiga*, Porto, 1960.
- Cortezón, D., “Teatro e nacionalismo”, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 45, 1984.
- Díaz Pardeiro, J. R., *La vida cultural en la Coruña. El teatro (1882-1915)*, Galicia Editoria, A Coruña, 1992.
- Freixeiro Mato, X. R.-Pillard Mayor, F., *A poesía e o teatro interseculares*, AS-PG, Vigo, 1997.
- García Negro, M. P., *A emerxencia da literatura galega na primeira metade do século XIX (1808-1863)*, AS-PG, Vigo, 1996.
- Herrero, A.-Marco, A., *O teatro de Xesús Rodríguez López*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1988.
- Lorenzana, S., “Notas sobre el teatro gallego”, *Ínsula*, 152-153, 1959.
- Lourenzo, M.-Pillard Mayor, F., *O teatro galego*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1979.
- Lourenzo González, M.-Obelleiro, L.-Tato Fontañá, L., *A xeración dos Restauradores e o seu contexto histórico: a prosa e o teatro*, AS-PG, Vigo, 1996.
- Martínez Salazar, A., “Antonio Benito Fandiño”, *El Eco de Galicia*, Buenos Aires, 10 de agosto, 1898.
- Pillard Mayor, F., *O teatro de Manuel Lugrís Freire*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1991.
- Pillard, F.-Tato Fontañá, L., “O teatro galego no século XIX”, *Proyecto Galicia. Literatura. XXXI. Os Séculos Escuros. O Século XIX*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 466-485.
- Placer López, G., “O primeiro drama galego: *A fonte do xuramento*”, *Grial*, 30, 1970, pp. 478-484.
- Rabunhal Corgo, H. M., “Galo Salinas no teatro galego”, *Agália*, 14, 1988, pp. 139-156.
- , *Textos e contextos do teatro galego (1671-1936)*, Laioveneto, Santiago de Compostela, 1994.
- Salinas y Rodríguez, G., *Memoria acerca de la dramática gallega. Causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el Regionalismo*, Imprenta e Librería de E. Carré, A Coruña, 1896; agora en traducción de L. Tato Fontañá, “Memoria acerca da dramática galega”, *Cadernos de Teatro*, 2, 1995.

Tato Fontaíña, L., *Teatro galego (1915-1931)*, Laiovento, Santiago de Compostela, 1997.

—, *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936*, A Nosa Terra, Vigo, 1999.

Verdini Deus, X. G., *O teatro galego até o 1903. As orixes do teatro galego contemporáneo*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela 1980-1981 [memoria de licenciatura inédita].

Vieites, M. F., *Manual e escolma da literatura dramática galega*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996.

IV. O SÉCULO XX

TEMA 12. INTRODUCCIÓN Ó ESTUDIO DO SÉCULO XX

1. De 1900 á Guerra Civil.

 1.1. Situación política.

 1.1.1. Os movementos agraristas. O período 1900-1916.

 1.1.2. O período nacionalista (1916-1936).

 1.2. Situación lingüística.

 1.3. A vida cultural.

 1.3.1. A Fundación da Real Academia Galega.

 1.3.2. As Irmandades da Fala.

 1.3.3. A denominada “Xeración Nós”.

 1.3.4. O Seminario de Estudos Galegos.

 1.3.5. As revistas do período: *A Nosa Terra, Nós*.

 1.3.6. A actividade editorial. As coleccións Lar e Nós.

2. O impacto da guerra civil. O drama interno. Emigración e exilio.

3. Da posguerra á actualidade. A vida política.

 3.1. Primeira etapa (1939-1975). Caracterización política, social e lingüística.

 3.2. Segunda etapa (de 1975 á actualidade). A vida política, social e lingüística.

 3.3. O lento espertar cultural e literario.

 3.3.1. A fundación de Galaxia.

 3.3.2. A revista *Grial*.

 3.3.3. As Festas Minervais.

 3.3.4. As coleccións Illa Nova e Salnés.

 3.4. As reivindicacións dos anos 80 á actualidade.

Na segunda etapa da Restauración (1898-1923), España experimenta os abalóns que anuncian o remate dunha época. A primeira chamada de atención chegou coa perda das últimas colonias, Filipinas e Cuba (1898), e, conforme foi avanzando o século, a

crise foise agudizando, ata que, finalmente, a situación desembocou nun pronunciamento militar (1923), encabezado por Primo de Rivera, que foi ben recibido por Afonso XIII, que puxo cabo ó réxime constitucional, e pola sociedade en xeral, aínda que a expectación axiña se viu defraudada pola súa rápida conversión nunha dictadura reaccionaria. O final da dictadura (1930) arrastrou consigo a Monarquía (1931), que lle deu paso, trala victoria electoral republicana, á II República (1931-1936), afogada polas conspiracións militares que callaron no golpe de Estado de 1936 e na guerra civil, saldada coa victoria nacional e coa dictadura de Franco (1939-1975).

A partir da crise de fin de século, a proxección política dos intelectuais aumentou en toda Europa, e en España particularmente. A extensión da alfabetización e da lectura levou aparellada unha maior difusión de textos impresos, coa conseguinte consolidación dunha camada intelectual importante. Neste contexto callaron grupos de intelectuais con forte conciencia da significación do seu papel, que se deixan sentir con peso crecente no conxunto da sociedade. O período republicano constitúe a culminación deste proceso, no que maduran distintas ideoloxías nacionalistas. Non en van, estes colectivos de intelectuais debuxan a visión que cada colectividade fixo do seu pasado, pero sobre todo, e o que é máis importante, a visión que ten do seu futuro: pensemos nas denominadas “Generación del 98” e “Generación del 14” ou nos *noucentistas* cataláns e nas xeracións que os seguiron; en Galicia, pensemos en Murguía e nos rexionalistas e, despois, na coñecida tradicionalmente como “Xeración Nós”.

Entre 1916 e 1918 asistese en Galicia á xénese dun movemento e dunha ideoloxía, o nacionalismo galego, que se desenvolverá entre 1918 e 1936. O nacionalismo galego xorde como unha transformación do rexionalismo, primeira plasmación político-ideolóxica do espertar da conciencia galega que se manifestara confusamente no provincialismo e que madurara no Rexurdimento. As organizacións rexionalistas foran febles e efémeras, e a súa actividade tivo máis impacto intelectual ca puramente político. Continuadora do rexionalismo pódese considerar a organización Solidaridad Gallega (1907-1912), que chegou a ter importantes resultados nas eleccións de 1909, xa que contaba cunha penetración notable no medio agrario. Foi a promotora do boletín bilingüe *A Nosa Terra* (1907-1908), que constitúe un magnífico exemplo para ilustrar o uso do galego na época rexionalista: o seu cultivo está reducido a unha sección de creación literaria en cada número, na que é patente o gusto pola poesía e polo conto de sabor popular ou folclórico. Disolta esta organización a partir de 1909, ata 1916 o

rexionalismo galego atópase sen medios para a actuación política; será nese ano cando nazan as Irmandades da Fala e cando comece a agromar o nacionalismo.

Pódense distinguir tres fases no movemento nacionalista galego de entreguerras: unha fase inicial (1916-1923), de elaboración ideolóxica e fixación dun programa político e cultural, que se corresponde co período das Irmandades da Fala; unha fase intermedia (1924-1930), de letargo político forzado, motivado pola dictadura de Primo, e de grande actividade cultural, que coincide coa etapa de desenvolvemento do Seminario de Estudos Galegos, e unha fase de maduración (1931-1936), dedicada á actividade política, que se cataliza a través do Partido Galeguista.

Lingüisticamente, en 1916 aparece o libro de Villar Ponte *Nacionalismo gallego*, que marca o punto de partida para a fundación da primeira *Hirmandade de amigos da Fala* (A Coruña, 1916) e para as que posteriormente irán xurdindo en distintos lugares de Galicia co nome de Irmandades da Fala. A finais de 1917 recupérase *A Nosa Terra*, agora como boletín monolingüe en galego, que se converterá en voceiro do galeguismo ata a súa clausura, en 1936, e que canalizará a reflexión lingüística dende a óptica nacionalista. Concibidas inicialmente con obxectivos case exclusivamente culturais, as Irmandades axiña toman carácter decididamente político, ganando peso coa incorporación de personalidades como Risco, Losada Diéguez, Castelao e Cabanillas. O fracaso das eleccións de 1918, ás que concorren, e a I Asemblea Nacionalista, celebrada en Lugo en 1918, supoñen a orientación definitiva das Irmandades cara ó galeguismo. Desta Asemblea, en concreto, sae un manifesto no que se define a Galicia como unha nación, reclamándose a súa “autonomía integral”, así como a “cooficialidade dos idiomas galego e castelán”.

A atención programática ó idioma e á cultura galega será unha constante nas Asembleas das Irmandades, que fomentan o cultivo literario, con especial atención á prosa, e que promoven o desenvolvemento de actividades teatrais, a impartición de cursos e as publicacións de lingua e literatura galegas. En definitiva, as Irmandades abordan un labor de defensa e de promoción do uso do galego, labor que se caracteriza pola súa organización e constancia.

A Dictadura de Primo (1923-1930) supuxo unha escalada de medidas represivas contra as linguas periféricas, culminando, pola vía autoritaria, unha política lingüística de Estado cada vez máis uniformista, nun proceso que acompaña a consolidación do propio estado español. Repregado o movemento político galeguista sobre si mesmo, coincide esta etapa coa fundación, organización e desenvolvemento do Seminario de

Estudos Galegos, que terá unha importancia decisiva no estudio da realidade galega e no emprego da lingua na alta investigación científica.

Finalmente, no período republicano abríronse as portas para unha reorganización da estructura territorial do Estado, xa que a súa Constitución prevía a posibilidade de aprobación de Estatutos de Autonomía que servisen de canle para as aspiracións das distintas nacionalidades e rexións; ademais, recoñécese por primeira vez a cooficialidade das linguas minoradas desas comunidades. En Galicia, o período comprendido entre mediados de 1931 e mediados de 1933 foi o máis rico en discusións sobre a problemática política, lingüística e cultural –en paralelo desenvólvese o proceso de elaboración do definitivo proxecto de Estatuto de Autonomía–; a etapa posterior, conducida polo Partido Galeguista, continuador das Irmandades da Fala, foi de loita por facer politicamente viables as aspiracións galeguistas.

O estoupidido da guerra e o exilio coutaron o desenvolvemento ata aquí acadado. A morte, o exilio ou o silencio impuxéronse, e haberá que agardar ata a década dos 40 para asistir ó lento espertar da escrita en galego. Galaxia, co seu labor de corte culturalista, que puxo a disposición dos novos escritores coleccións dende as que proxectarse publicamente, así como diferentes iniciativas culturais promovidas por distintos colectivos serán a pedra de toque para que esta realidade madure. Nos anos finais da dictadura franquista comeza tamén a recuperación da iniciativa política e, morto Franco, toda unha serie de reivindicacións saen con forza á luz en Galicia. Os cambios políticos, económicos e sociais son vertiginosos, e tamén o son os cambios a nivel cultural e lingüístico, aínda nunha situación clara de diglosia e de menosprezo da lingua galega. A recuperación da memoria histórica, o dereito á palabra propia e á institucionalización da produción cultural son os obxectivos que agora se marca a si mesma a nova sociedade galega; son obxectivos difíceis, é certo, pero non por iso menos arelados:

Avec l'arrivée de la proto-démocratie, tous les discours sociaux et leurs institutions correspondantes ont commencé un nouveau chemin: les uns devançant les événements et d'autres forcés par les nouvelles circonstances. Il fallait chercher de nouveaux langages pour les comportements individuels et collectifs; il était nécessaire de répondre aux exigences d'une nouvelle façon d'articuler l'autoreprésentation nationale; il était inévitable, en plus, que ce processus amène à une institutionnalisation croissante et à la utilisation des instruments nécessaires

pour assurer la légitimation des valeurs, intérêts et conduites sociales. Cette aventure, toujours complexe et remplie d'obstacles, l'était spécialement pour une société marginale et périphérique comme la galicienne³⁵.

E todos eles terán, como veremos, a súa plasmación na literatura.

BIBLIOGRAFÍA

- Abella, R., *La vida cotidiana durante la guerra civil. Zona nacional*, Planeta, Barcelona, 1973.
- Albert Robatto, M.-Fortela, C., *Jornadas de la emigración gallega a Puerto Rico*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1997.
- Alonso Montero, X., *Informe dramático sobre la lengua gallega*, Akal, Madrid, 1973.
- , *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*, Ciencia Nueva, Madrid, 1968.
- , *Política e cultura en Galicia. 1977*, Celta, Lugo, 1978.
- , *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1981.
- , *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)*, Do Cumio, Vigo, 1991.
- , *Ensaios breves de literatura e política*, Nigra, Vigo, 1995.
- , *Os poetas galegos e Franco*, Akal, Madrid, 1997.
- Álvarez Gallego, X., *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, A Nosa Terra, Vigo, 1996.
- Araguas, V., *Voces ceibes*, Xerais, Vigo, 1991.
- Barreiro Fernández, X. R., *Historia Contemporánea de Galicia. III. Historia de la Cultura Gallega*, Gamma, A Coruña, 1982.
- Barreiro Fernández, X. R. et alii, *Historia de Galicia*, Galaxia, Vigo, 1981, vol. IV.
- Beramendi, X. G., “El desarrollo del nacionalismo”, *Histoira de Galicia*, Faro de Vigo, 1991.

³⁵ Figueira-González-Millán, *Communication littéraire*, pp. 13-14.

- Beramendi, X. G.-Máiz, R. (eds.), *Los nacionalismos en la España de la II^a República*, Siglo XXI, Madrid, 1990.
- Beramendi, X. G.-Núñez Seixas, X. M., *O nacionalismo galego*, A Nosa Terra, Vigo, 1995.
- Beiras, X. M., *O atraso económico de Galicia*, Galaxia, Vigo 1972 [2^a ed., Xerais, Vigo, 1984].
- Blanco Campaña, X. L., *Radio e prensa na Galicia Exterior*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995.
- Blanco Torrado, A.-López Rodríguez, M. (coords.), *12 anos na búsqueda da nosa identidade*, Asociación Cultural Xermolos, Guitiriz, 1991.
- Cabo Villaverde, M., *O agrarismo*, A Nosa Terra, Vigo, 1998.
- Cal Martínez, R.-Pérez Pais, M. C., *Repertorio bibliográfico sobre a prensa galega*, Lea, Santiago de Compostela, 1993.
- Caño, X. M. del, *Conversas con Manuel María*, Xerais, Vigo, 1990.
- Carballo, F., “Aproximación á xeración Nós”, *A Nosa Terra*, 154, 14-20 maio, 1981.
- Carballo Calero, R., “A xeración de Risco”, *Nós*, 131, 1934, pp. 182-184.
- Carr, R., *España 1808-1939*, Ariel, Barcelona, 1970 [2^a ed.].
- Casares, C., *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, Fundación Caixa Galicia, Lugo, 1991.
- Castro, X., *O galeguismo na encrucillada republicana*, Deputación Provincial de Ourense, Ourense, 1985, 2 vols.
- Cores Trasmonte, B., *Sociología política de Galicia. Orígenes y desarrollo (1845-1936)*, A Coruña, 1976.
- Costa Clavell, X., *Las das caras de Galicia bajo el franquismo*, Cambio 16, Madrid, 1977.
- Cupeiro Vázquez, B., *A Galiza de alén mar*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1989.
- Durán, J. A., *Historia de caciques, bandos e ideologías en Galicia*, Siglo XXI, Madrid, 1972.
- , *Crónicas I. Agitadores, poetas, caciques, bandoleros y reformadores en Galicia*, Akal, Madrid, 1974.
- , *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)*, Siglo XXI, Madrid, 1977.

- , *Crónicas II. Entre el anarquismo agrario y el librepensamiento*, Akal, Madrid, 1977.
- Escolar, H., *La cultura durante la guerra civil*, Alhambra, Madrid, 1987.
- Fernández, C., *El Alzamiento del 36 en Galicia*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1983 [3^a edición corrixida e aumentada].
- , *La guerra civil en Galicia*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1988.
- Fernán-Vello, M. A.-Pillado, F., *A nación incessante (Conversas con Xosé Manuel Beiras)*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1989.
- Fernández del Riego, F., *A Xeración Galaxia*, Galaxia, Vigo, 1996.
- Figueroa, A., *Diglosia e texto*, Xerais, Vigo, 1988.
- Figueroa, A.-González-Millán, X., *Communication littéraire et culture en Galice*, L'Harmattan, Paris-Montréal, 1997.
- Franco Grande, X. L., *Os anos escuros. I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-1960)*, Xerais, Vigo, 1985.
- González-Millán, X., “Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1994, 1995, pp. 67-81.
- Hermida García, M., *As revistas literarias en Galicia na segunda república*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1987.
- Hervés Sayar, E., “El movimiento agrarista”, *Historia de Galicia*, Faro de Vigo, Vigo, 1991.
- Liñares Giraut, A.-Roig Rechou, B.-A., *Xulián Magariños Negreira. Un home da Época Nós (1904-1934)*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1988.
- Lorenzana, S., “A xeneración Nós na cultura galega”, *Grial*, 7, 1965, pp. 75-85.
- , “Lembranza da Revista Nós”, *Grial*, 27, 1970, pp. 97-100.
- , “Catro persoeiros do grupo Nós”, *Nós*, 145, 1970.
- Máiz, B., *Galicia durante a II República e baixo o franquismo*, Xerais, Vigo, 1988.
- Mariño Paz, R., *Historia da lingua galega*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1999 [2^a ed.; 1^a ed., 1998].
- Martínez López, R., *El exilio español de 1939. Vol. VI. Cataluña, Euskadi, Galicia*, Taurus, Madrid, 1978.
- Molina, C. A., *La revista Alfar y la prensa literaria de su época*, Nós, A Coruña, 1984.

- , *Prensa literaria en Galicia (1809-1960)*, Xerais, Vigo, 1989, 2 vols.
- Monteagudo, H., *Historia social da lingua galega*, Galaxia, Vigo, 1999.
- Naya Pérez, J., “La “Cueva Céltica” y el Nacimiento de la Academia Gallega”, *La Voz de Galicia*, Suplemento de Cultura, 66, 26 de setembro, 1991.
- Neira Vilas, X., *Memoria da emigración I*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1994.
- , *Memoria da emigración II*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1995.
- , *Memoria da emigración III*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1996.
- Núñez Díaz-Balart, M., *La prensa de guerra en la zona republicana durante la guerra civil española (1936-1939)*, Ediciones de la Torre, Madrid, 1992.
- Núñez Seixas, X. M., *O galeguismo en América (1879-1936)*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1992.
- , *Emigrantes, caciques e indianos*, Xerais, Vigo, 1998.
- Palmás, R., *Castelao. Prosa do exilio*, Montevideo, Patronato de Cultura Galega, 1976.
- , *A emigración galega á Arxentina*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1978.
- Paz-Andrade, V., *La marginación de Galicia*, Siglo XXI, Madrid, 1970.
- Pérez Prado, A., *Los gallegos y Buenos Aires*, La Bastilla, Buenos Aires, 1973.
- Pérez Prieto, V., *A xeneración “Nós”. Galeguismo e relixión*, Galaxia, Vigo, 1988.
- Piñeiro, R., “Importancia decisiva da xeneración Nós”, *Grial*, 59, 1978, pp. 8-14.
- Risco, V., *Teoría do nacionalismo galego*, La Región, Ourense, 1920.
- , “As novelas de Lar”, *Nós*, 19, 1920, p. 20.
- , *Manual de Historia de Galicia*, Galaxia, Vigo, 1971 [2^a ed.].
- Rodríguez, F.-López Suevos, R., *Problemática nacional e colonialismo. O caso galego*, Xistral, Santiago de Compostela, 1978.
- Roig Rechou, B.-A., “As noveliñas Lar, unha colección para o kiosco galego”, *Dorna*, 7, 1982, pp. 17-23.
- , *Analise da narrativa da colección Lar*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1983 [memoria de licenciatura inédita].
- Salgado, X. M., “O grupo “Nós”. O Seminario de Estudos Galegos”, *Nós. A literatura galega, Colóquio / Letras*, 137-138, 1995, pp. 93-114.
- Salgado, X. M.-Casado, X. M., *X. L. Méndez Ferrín*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1989.

- Santos Gayoso, E., *Historia de la prensa gallega (1800-1986)*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1990.
- Sixirei Paredes, C., *A emigración*, Galaxia, Vigo, 1989.
- , *Galeguidade e cultura no exterior*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995.
- Toro, S. de, *Camilo Nogueira e outras voces*, Xerais, Vigo, 1991.
- Tuñón de Lara, M., *La España del siglo XX*, Laia, Barcelona, 1974, 3 vols.
- Vilanova Rodríguez, A., *Los gallegos en la Argentina*, Ediciones Galicia, Buenos Aires, 1966, 2 vols.
- Villar-Ponte, A., *Pensamento e sementeira. Lecíós de Patriotismo galego*, Centro Gallego de Buenos Aires, Buenos Aires, 1971.
- Villares, R., *A Historia*, Galaxia, Vigo, 1984.
- Villares, R.-Armas, X.-Moreno, X.-Ulloa, E., *Textos e materiais para a historia de Galicia*, Crítica, Barcelona, 1990.
- Zubillaga Barrera C., *Los gallegos en el Uruguay*, Patronato de Cultura Gallega-Editorial del Banco de Galicia, Montevideo, 1966.
- , *A prensa galega de inmigración en Uruguai*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1996.
- VV. AA., *Nós*, Real Academia Gallega, A Coruña, 1970.
- , *Testemuñas e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos*, Cuadernos do Laboratorio de Formas de Galicia, 5, Do Castro, Sada, A Coruña, 1978.
- , *A Coruña na Cultura Galega. A Agrupación cultural O Facho (1963-1991)*, Agrupación Cultural O Facho, A Coruña, 1991.
- , *Nova historia de Galicia*, Tambre, Oleiros, A Coruña, 1996.

IV. O SÉCULO XX

TEMA 13. A POESÍA. DENDE 1900 ATA A GUERRA CIVIL

1. Entre tradición e renovación. Manuel Leiras Pulpeiro.
2. A poesía na etapa agrarista.
 - 2.1. Antonio Noriega Varela: *Montañesas e Do ermo*.
 - 2.2. Ramón Cabanillas.
 - 2.2.1. Primeira etapa (1910-1915): *No desterro. Visións Galegas, Vento Mareiro*.
 - 2.2.2. A asunción do galeguismo (1916-1921): *Da terra asoballada*.
 - 2.2.3. Unha década ó servicio da ortodoxia galeguista (1921-1931): *O bendito San Amaro, Na noite estrelecida, A rosa de cen follas*.
 - 2.2.4. A poesía despois do silencio: *Camiños no tempo, Da miña zanfona, Antífona da cantiga, Samos*.
 3. Novacentismo e vanguarda.
 - 3.1. Manuel Antonio.
 - 3.1.1. O manifesto *Máis Alá!*
 - 3.1.2. A vanguarda radical: *De catro a catro*.
 - 3.2. Luís Amado Carballo. *Proel, O Galo*: entre tradición e vanguarda.
 - 3.3. Luís Pimentel. A complexidade dunha escrita poética: *Sombra do aire na herba*.
 - 3.4. Fermín Bouza-Brey.
 - 3.4.1. *Nao senlleira*: o neotrobadorismo.
 - 3.4.2. *Seitura*: o desacougo existencial.
 - 3.5. Eduardo Blanco-Amor: *Romances Galegos, Poema en catro tempos, Cancioneiro*.
 - 3.6. Outras achegas de vanguarda.
 4. A Xeración do 36.
 - 4.1. Aquilino Iglesia Alvariño.
 - 4.1.1. *Señardá*: as influencias saudosistas e simbolistas.
 - 4.1.2. *Corazón ao vento*: a apertura ás novas correntes poéticas.

4.1.3. A poesía despois da guerra: *Cómaros verdes*, *De día a día*, *Nenias*, *Lanza de soledá*.

4.2. Álvaro Cunqueiro.

4.2.1. A liña esencialista: *Poemas do si e do non*, *Mar ao norde*.

4.2.2. *Cantiga nova que se chama riveira*: a asimilación do legado medieval.

4.2.3. A poesía de posguerra.

4.2.3.1. *Dona do corpo delgado*: o neotrobadorismo existencial.

4.2.3.2. *Herba aquí e acolá*: o cume da poesía.

4.3. Ricardo Carballo Calero.

4.3.1. Primeiros poemarios: *Trinitarias*, *Vieiros*, *O silenco axionallado*.

4.3.2. A poesía dos anos 50: *Anxo de terra*, *Poemas pendurados dun cabelo*, *O Salterio de Fingoy*.

4.3.3. A reorganización poemática: 1. *Pretérito imperfecto* (1927-1961); 2. *Futuro condicional* (1961-1980); 3. *Cantigas de amigo e outros poemas*; 4. *Reticências*.

Á poesía de transición entre séculos, que ten un exemplo culminante en Leiras Pulpeiro, séguelle un conxunto de autores adscritos á denominada “Etapa agrarista”, que non teñen un proxecto global común, como pode ser a publicación de xornais ou revistas, que presentan unha limitada relación entre eles e que carecen de iniciativas editoriais que os agrupen, a diferencia de canto se verifica para os homes da denominada “Xeración Nós”, aínda que neles opera a presencia do movemento social agrarista e a asunción do legado dos poetas formalistas anteriores. Dentro desta nómina de escritores estudiaremos dúas figuras, sen dúbida, sobranceiras: Antonio Noriega Varela e Ramón Cabanillas.

Afastado ideoloxicamente do ideario galeguista, Noriega Varela mantivo un compromiso fiel á lingua galega na súa obra, sometida a unha continua reelaboración. De 1904 data o seu primeiro libro, *Montañeses*, adherido aínda á liña costumista decimonónica. Posteriormente, e baixo o influxo do saudosismo portugués, a súa poesía depúrase dos elementos costumistas e descriptivos, buscando expresar un lirismo máis puro, o lirismo puro da natureza. Resultado dessa evolución poética é *Do ermo* (1920), poemario no que están presentes novas liñas temáticas, como a saudade ou a morte, e no

que se detecta unha marcada tendencia á introspección. Xa na súa última etapa, destacan as composicións humorísticas e os poemas vinculados á reflexión social, que o achegan ás liñas poéticas dominantes no período.

A figura de Cabanillas é extensa e complexa, tanto pola súa lonxevidade como pola amplitude, pluralidade e complexidade da súa obra, que se iniciou co libro *No desterro. Visións gallegas* (1913), estendéndose ata a década dos 50, e que estivo marcada tanto pola evolución ideolóxica e intelectual do autor como por unha constante reelaboración. Poeta agrarista, activo participante nas actividades das Irmandades da Fala e na creación do Partido Galeguista, a súa poética testemuña a existencia dun excelente versificador, que pulsou, ó longo da súa dilatada produción, diversos rexistros temáticos, entre os que podemos salientar o amoroso, o relixioso e, como non, o cívico, e que puxo en práctica, así mesmo, distintas solucións formais e estilísticas.

Na que adoita ser considerada como a súa primeira etapa, á que se adscriben *No desterro* e *Vento mareiro*, galeguismo e agrarismo deixan unha marcada impronta nos seus versos, aínda que, xunto á veta civil, tamén están presentes nestes libros o lirismo sentimental e as vetas modernistas, que se observarán en poemarios posteriores como *Da terra asoballada*, que ofrece a súa poesía máis combativa, e *A rosa de cen follas*, un canto amoroso. Como inequívoco resultado da súa vinculación co proxecto galeguista e da procura dun prestixio necesario para a identidade galega poden sinalarse *O Bendito San Amaro* e *Na noite estrelecida*, obra na que enlaza a lenda do Grial con Galicia, vinculándose á ideoloxía da saudade céltica propugnada por Risco. Tralo silencio da guerra escribe os seus últimos poemarios, que marcan un cambio de liña poética. *Camiños no tempo*, *Antífona da Cantiga*, que inaugura a editorial Galaxia en 1951, *Da miña zanfona*, *Versos de alleas terras e de tempos idos* e *Samos* amosan unha marcada tendencia á reflexión filosófica, ademais dun notable peso da vivencia relixiosa, moi acentuada esta no último dos libros citados.

O período comprendido entre 1916 e 1936 constitúe unha etapa de especial relevancia para a literatura galega, polas inquietudes que nela se mostraron con respecto ós distintos xéneros e, tamén, pola viva controversia que se suscita neste momento entre certas tendencias estéticas e poéticas herdadas do século precedente e as novas tendencias que marcaban, dende o primeiro decenio do século, as vanguardas históricas e outros movementos de renovación. Galicia non foi allea, e non o foi, sobre todo, a súa poesía, a esta renovación. En só douce decenios de produción poética en galego, difíceis de abordar, tanto polos condicionantes históricos e culturais que definen estes

anos, como polos resultados que se acadaron, a poesía galega coñeceu un vigor e unha forza que supuxeron, coas novas solucións adoptadas, a súa entrada na modernidade. Da man de Manuel Antonio, tal vez a figura que con máis inmediatez se asocia a este proceso, pero tamén doutros autores, como veremos, os rumbos da renovación poética superan a temática e o espírito localista característico da primeira etapa do século, asimilando vetas da poética procedente e coetánea, nomeadamente de Cabanillas.

Xa dende o seu primeiro poemario, Manuel Antonio busca un cambio de rumbo colectivo para o sistema literario galego, apartándose dos prexuízos temáticos e expresivos que anquilosaban a literatura galega e que impedían un desenvolvemento da mesma acorde cos tempos que se vivían. A súa poesía, que é un camiño de sucesivas etapas e de maduración paulatina, rexeita o enxebrismo, o ruralismo, a poesía confesional e mesmo a narratividade da poesía popular, e culmina con *De catro a catro*, o único poemario que publicou en vida.

Renovadora é tamén a poesía de Luís Amado Carballo, bo coñecedor da tradición simbolista francesa e das novedades promovidas por Huidobro, con quen chegou a manter contacto epistolar. A súa é unha poesía plasmada en poemas breves, en estructuras sincopadas e dinámicas, centrada na descripción paisaxística deshumanizada, pero unha poesía na que, a diferencia de Manuel Antonio, a innovación e a poesía de carácter popular e tradicional van da man.

En tanto a Luís Pimentel, e á marxe da problemática lingüística que lle afecta á súa obra, plasmada en dous libros, *Triscos* (1950) e *Sombra do aire na herba* (1959), este póstumo, encarna o crisol das tendencias innovadoras da poesía galega de entreguerras; nel fúndense un amplo abano de liñas poéticas, dende o impresionismo ó surrealismo, formuladas prioritariamente nun verso libre sempre pendente da expresión íntima da experiencia humana.

Con Fermín Bouza-Brey asistimos, no seu primeiro libro, *Nao senlleira* (1933), á expresión dun idealismo gozoso que lle dá carta de natureza, ademais, ó neotrobadorismo. Maniféstase este no poemario a través da adaptación de modalidades xenéricas e de esquemas pragmático-enunciativos, así como no recurso a usos formularios e a determinados esquemas métricos, que conviven con pegadas nidiñas da poesía popular, tanto a nivel temático como formal. Máis de dúas décadas despois publica o seu segundo poemario, *Seitura* (1955), que mantén algunas conexiós internas de tipo formal co anterior, pero no que se asiste a unha evidente evolución,

sobre todo no que se refire á humanización da obra poética; non en van, *Seitura* é un poemario de balance, de reflexión e de dúbida, que marca a etapa final dun camiño.

“Discriminado” poeticamente, en canto é un gran dramaturgo e novelista, hai na poesía de Blanco-Amor, sobre todo en *Romances galegos* (1928) e, particularmente, en *Poema en catro tempos*, un extraordinario poeta, que continuou o seu oficio en *Cancioneiro*, comprometendo a mirada vanguardista e renovadora coa asunción dos elementos tradicionais que arquestan o vigor do verso e do poema.

Con Aquilino Iglesia Alvariño encetamos a nómina dos autores adscritos á denominada “Xeración do 36”. Dotado dunha sólida instrucción eclesiástica e bo coñecedor dos clásicos, abre a súa produción poética con *Señardá*, un poemario que queda á marxe da poesía que neste momento se escribe e da que acabamos de dar mostras nas liñas precedentes; non en van, falta neste libro calquera influencia vanguardista, a apertura ós principios neotrobadorescos e, mesmo, á estética modernista: o poemario plasma, pola contra, a influencia de Noriega, de Pondal e dos saudosistas portugueses, ademais de escribirse en sólidos metros clásicos que nada teñen que ver, por exemplo, cos poemas dun Manuel Antonio. No seu segundo poemario, *Corazón ao vento*, apréciase, sen embargo, unha evolución, un cambio de rumbo, que se mostra na renovación métrica, formal e lingüística, acorde cos modelos que marcaban a pauta na poesía galega do momento. Con todo, o clasicismo non desaparece dos seus versos, así como a vertente intimista e o carácter introspectivo, que xurdirán con forza nas publicacións aparecidas xa despois da guerra.

A figura literaria de Álvaro Cunqueiro éinxente na súa grandeza literaria, tamén como poeta. *Mar ao norde* e *Poemas do si e do non* correspóndense coa renovación vanguardista, aprofundando ó máximo na liña esencialista, ademais de caracterizarse por unha presencia constante do elemento erótico-amoroso, polo entronque cunha liña simbolizante e pola vontade de construír un macrotexo poético. *Cantiga nova*, ademais de asimilar os principios do neotrobadorismo, reforza a procura neopopularista, con matices do impresionismo escénico e con recursos ás técnicas da simbolización, aplicadas sobre os moldes da canción. Distinto será o ton da poesía que produce despois da guerra, caracterizada pola presencia de vetas existenciais e pola melancolía, que se respiran en *Dona do corpo delgado* e que alentan, así mesmo, no seu libro *Herba aquí e acolá*, que recolle textos de épocas diferentes e que constitúe un magnífico resumo de todo o labor literario do mindoniense.

Da última figura que nos ocupa neste tema, Ricardo Carballo Calero, dramaturgo, narrador, ensaísta e tamén poeta, debemos subliñar que a súa obra camiñou sempre parella ó seu compromiso político e cultural co Partido Galeguista e coas actividades do Seminario de Estudos Galegos. A dimensión erótica, relixiosa e filosófica e a esculca histórico-mítica, que tamén están presentes no resto da súa produción, vertebran a súa obra poética, refundida e reorganizada en distintos momentos, na que alenta unha forte compoñente cultural e erudita e un sólido fondo estructural.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓNS DE TEXTOS

MANUEL LEIRAS PULPEIRO

Alonso Montero, X., *Manuel Leiras Pulpeiro. Obras completas*, Sálvora, Santiago de Compostela, 1983.

Reimunde Noreña, R., *Manuel Leiras Pulpeiro. Poesía galega completa*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1984.

ANTONIO NORIEGA VARELA

Fernández del Riego, F., *Antonio Noriega Varela. Poesías*, Xerais, Vigo, 1991.

—, *Antonio Noriega Varela. Doermo*, Xerais, Vigo, 1991.

Freixeiro Mato, X. R., *Antonio Noriega Varela. Estudio e edición da Obra Completa*, Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, 2 vols.

Noriega Varela, A., *D'obermo*, Losada, Risco e Noguerol, Ourense, 1920 [2^a edición, ampliada, Centro Social de Acción Católica, Mondoñedo, 1929].

—, *Doermo*, Galaxia, Vigo, 1982.

RAMÓN CABANILLAS

Alonso Montero, X., *Ramón Cabanillas. Obra completa*, Akal, Madrid, 1979-1981, 3 vols.

- Cabanillas, R., *Da terra asoballada*, Galicia Nueva, Vilagarcía de Arousa, 1917.
- , *Vento mareiro*, Galatea, Madrid, 1921.
- , *Estoria do Bendito San Amaro que foi chamado no mundo o Cabaleiro de Arentéi*, Lar, Mondariz Balneario, 1925.
- , *Na noite estrelecida. A espada Escalibor. O Cabaleiro do Santo Grial. O sono do Rei Artur*, Lar, Mondariz, 1926.
- , *No desterro*, Lar, A Coruña, 1926 [2^a edición revisada].
- , *A rosa de cen follas. Breviario dun amor*, Seminario de Estudos Galegos, Mondariz Balneario, 1927.
- , *A rosa de cen follas*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1991.
- Dobarro, X. M., *Ramón Cabanillas. A rosa de cen follas*, Xerais Vigo, 1993.
- Pena, X. R., *Ramón Cabanillas. Na noite estrelecida*, Xerais, Vigo, 1990 [3^a ed.; 1^a ed., 1988].
- , *Ramón Cabanillas. Da terra asoballada*, Xerais, Vigo, 1994.
- Fonte, R., *Ramón Cabanillas. Vento mareiro*, Xerais, Vigo, 1995.

MANUEL ANTONIO

- Axeitos, X. L., *Manuel Antonio. Poesía galega completa*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1992.
- , *Manuel Antonio. De catro a catro*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1992.
- García-Sabell, D., *Manuel Antonio. Obra completa*, Galaxia, Vigo, 1979.
- Manuel Antonio, *De catro a catro. Follas sin data d'un diario d'abordo*, Nós, A Coruña, 1928.
- Raña Lama, R., *Manuel Antonio. De catro a catro*, Xerais, Vigo, 1990.

LUÍS AMADO CARBALLO

- Alonso Girgado, L., *Luís Amado Carballo. Poesía galega completa*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1994.
- Amado Carballo, L., *Proel*, Alborada, Pontevedra, 1927.
- , *O Galo*, Nós, A Coruña, 1928.
- Méndez Ferrín, X. L., *Luís Amado Carballo. Obras en prosa e verso*, Castrelos, Vigo, 1970 [reimpresión, Galaxia, Vigo, 1982].

Pena, X. R., *Luís Amado Carballo. Poesía*, Nós, A Coruña, 1982.
—, “Textos esquecidos de Amado Carballo”, *A Trabe de Ouro*, 6, 1991.

LUÍS PIMENTEL

Fonte, R., *Luís Pimentel. Poesía galega*, Xerais, Vigo, 1989.
Herrero Figueroa, A., *Luís Pimentel. Obra inédita o no recopilada*, Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1988.
Pimentel, L., *Sombra do aire na herba*, Galaxia, Vigo, 1959.
—, *Poesía enteira*, Xerais, Vigo, 1981.
Rei Núñez, L., *Luís Pimentel. Poesías completas*, La Veleta, Granada, 1990.

FERMÍN BOUZA-BREY

Alonso Montero, X. (ed.), *Día das Letras Galegas. Fermín Bouza-Brey*, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1992.
Bouza-Brey, F., *Nao senlleira*, Nós, Santiago de Compostela, 1933.
—, *Obra literaria completa*, Do Cerne, Santiago de Compostela, 1980.
—, *Obra literaria completa*, Xerais, Vigo, 1981.
—, *Cabalgadas en Salnés e Poemas*, El Correo Gallego-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1992.
Enríquez, X. M., *Fermín Bouza-Brey. Nao senlleira. Seitura. Cabalgadas en Salnés*, Xerais, Vigo, 1992.

EDUARDO BLANCO-AMOR

Blanco-Amor, E., *Romances galegos. Noiturnios. Témporas. Toda humilde beleza. Amor. Mar*, Céltiga, Buenos Aires, 1928.
—, *Poema en catro tempos. A un pescador gallego*, Talleres Virs, Buenos Aires, 1931.
—, *Poemas galegos*, Galaxia, Vigo, 1980.

A XERACIÓN DO 36

AQUILINO IGLESLA ALVARIÑO

Alonso Montero, X., *Aquilino Iglesia Alvariño. Poesía Galega Completa*, Xerais, Vigo, 1986.

Iglesia Alvariño, A., *Señardá. Sonetos*, Palacios, Lugo, 1930.

—, *Corazón ao vento. Poemas galegos*, Editorial Un, Lugo, 1933.

—, *Lanza de soledá*, Editora Comercial, Ourense, 1961.

Rodríguez Gómez, L., *Aquilino Iglesia Alvariño. Poesías*, Xerais, Vigo, 1991.

ÁLVARO CUNQUEIRO

Cunqueiro, A., *Mar ao norde*, Nós, Santiago de Compostela, 1932.

—, *Poemas do si e do non*, Ediciós Un, Lugo, 1933.

—, *Cantiga nova que se chama riveira*, Nós, Santiago de Compostela, 1933.

—, *Obra en galego completa. I. Poesía, teatro*, Galaxia, Vigo, 1980.

Costas González, X. H., *Álvaro Cunqueiro. Herba aquí ou acolá*, Galaxia, Vigo, 1991.

Molina, C. A., *Álvaro Cunqueiro. Hierba aquí o allá. Herba aquí ou acolá*, Ministerio de Cultura, Dirección General del Libro y Bibliotecas, Madrid, 1988.

RICARDO CARBALLO CALERO

Carballo Calero, R., *Trinitarias*, Edición do Autor, Ferrol, 1928.

—, *Vieiros*, Nós, A Coruña, 1931.

—, *O silenzo axionllado*, Nós, Santiago de Compostela, 1934.

—, *Anxo de terra*, Colección Benito Soto, Pontevedra, 1950.

—, *Poemas pendurados dun cabelo*, Xistral, Lugo, 1952.

—, *Salterio de Fingoy*, Galaxia, Vigo, 1961.

—, *Pretérito imperfeito (1927-1961)*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1980.

—, *Futuro condicional (1961-1980)*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1982.

—, *Cantigas de amigo e outros poemas*, AGAL, A Coruña, 1986.

—, *Reticências*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1990.

Pallarés, P., *Fillo de Eva (88 poemas de Ricardo Carvalho Calero)*, Sociedade de Cultura Valle-Inclán-Deputación de A Coruña, A Coruña, 1992.

Rodríguez Fer, C., *Ricardo Carballo Calero. Poesía perdida*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1993.

ESTUDIOS

Alonso Montero, X., *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*, Ciencia Nueva, Madrid, 1968.

—, *Os poetas galegos e Franco*, Akal, Madrid, 1997.

Alonso Montero, X.-Salgado, X. M. (eds.), *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*, Galaxia, Vigo, 1994.

Axeitos, X. L., “A recepción das vanguardas en Galicia”, *Boletín Galego de Literatura*, 17, 1997, pp. 7-55.

Bal y Gay, L., “La generación gallega de 1925”, *Presencia de Galicia en México*, Patronato da Cultura Galega, México, 1954.

Capelán Rey, A., *Contra a Casa da Troia. Cultura e sociedade no Santiago dos anos 30*, Laiovento, Santiago de Compostela, 1994-1996, 2 vols.

Carballo Calero, R., “Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea”, *Nós*, 87, 1931.

—, *La poesía gallega del siglo XX*, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1955.

—, *Sete poetas galegos*, Galaxia, Vigo, 1955.

—, “Tres mestres novecentistas”, *La Voz de Galicia*, 19 de agosto, 1973.

—, “La literatura gallega en el umbral de la guerra civil”, *Camp de l'arpa*, 75, 1980.

—, *Libros e autores galegos. Século XX*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, A Coruña, 1982.

Casas, A de las, *Esquema da novísima poesía galega*, Santiago, 1935.

Casas, A., “A poesía galega entre 1916 e 1936”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXII. O século XX. A literatura anterior á guerra civil*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 86-213.

Correa Calderón, E., “Cincuenta años después”, *Ronsel*, número especial conmemorativo do cincuentenario (1924-1974), Lugo, 1974.

- Fernández Freixanes, V., *Unha ducia de galegos*, Galaxia, Vigo, 1976.
- Filgueira Valverde, X., “Seis canciones de mar in modo antico”, *Albor*, 1941.
- , “El retorno a la forma inmóvil en la lírica gallega”, *Ínsula*, 152.
- Franco Grande, X. L., *Os anos escuros. I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-1960)*, Xerais, Vigo, 1985.
- , *A ilusión da esperanza (de Cabanillas a Baixeras)*, Do Cumio, Vigo, 1991.
- González Alegre, R., *Poesía gallega contemporánea. Ensayo sobre Literatura Gallega*, Huguín, Pontevedra, 1954.
- González Martín, J. P., *Ensayo sobre la poesía gallega contemporánea*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1972.
- Herrero Figueroa, A., *Sobre Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro e Carballo Calero. Apontamentos de filoloxía, crítica e didáctica da literatura*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1994.
- López, T., *O neotrobadorismo*, A Nosa Terra, Vigo, 1997.
- López-Casanova, A., *Luís Pimentel e Sombra de aire na herba*, Galaxia, Vigo, 1990.
- , “Actividad vanguardista y poética de ruptura (La generación del 22 en la literatura gallega)”, *Ínsula*, 529, 1991, pp. 14-16.
- March, K. N., “Xurdimento e natureza das vanguardas en Galiza”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 415-423.
- Méndez Ferrín, X. L., “Orixes da poesía galega do século XX: o Formalismo”, *Grial*, 26, 1969, pp. 406-412.
- , *De Pondal a Novoneyra*, Xerais, Vigo, 1984.
- Nicolás, R., “Problemática do modernismo en Galicia: Cabanillas, Noriega e epígonos do Rexurdimento”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXII. O século XX. A literatura anterior á guerra civil*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 28-81.
- Myron Davis, W., *Neo-troubadourism in Galicia, Portugal and Brazil*, New York University, 1969 [tese de doutoramento inédita].
- Pena, X. R., *Manuel Antonio e a vanguarda*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996.

—, “Algunhas reflexións arredor da conformación dunha literatura periférica”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1997, 1998, pp. 145-160.

Raña, R., *A noite nas palabras. Aproximación á poesía galega de posguerra*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996.

Reimunde, R., *Ben pode Mondoñedo desde agora*, Fundación Caixa Galicia, Lugo, 1998.

Requeixo, A., *Escritores mindonienses*, Sociedad de Cultura Valle Inclán-Concello de Mondoñedo, Ferrol, 1998.

Risco, V., *Doutrina e ritual da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998.

Rey Romero, F., “Juan Bautista Andrade fundador de la escuela lírica pontevedresa”, *Faro de Vigo*, Vigo, 1953, p. 211.

Rodríguez Fer, C., *A literatura galega durante a guerra civil*, Xerais, Vigo, 1994.

—, *Acometida atlántica. Por un comparatismo integral*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1996.

MANUEL LEIRAS PULPEIRO

Alvilares, X., “M. Leiras Pulpeiro e a crítica do cristianismo”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 83-94.

Durán, J. A., “Retrato de Leiras Pulpeiro”, *La Voz de Galicia*, 3 de xullo, 1977.

Tarrío Varela, A., “Limiar”, *Escolma de Leiras Pulpeiro*, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1983.

Trapero Pardo, X., *Vida e obra. Escolma de textos de Manoel Leiras Pulpeiro*, Real Academia Galega, A Coruña, 1983.

ANTONIO NORIEGA VARELA

Carballo Calero, R., “Centenario de Noriega Varela”, *Grial*, 25, 1969, pp. 341-346.

Freixeiro Mato, X. R., *A cara oculta de Noriega Varela (Biografía e textos esquecidos)*, Laiuento, Santiago de Compostela, 1992.

—, *Da montaña ó corazón. Producción literaria e lingua en Noriega Varela*, Fundación Caixa Galicia, Lugo, 1993.

—, “Noriega Varela, poeta lusófono”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 275-299.

Iglesia Alvariño, A., “Noriega Varela, poeta da montaña”, *Nós*, 110, 1933, pp. 26-31.

Otero Pedrayo, R., “Antonio Noriega Varela”, *O libro dos amigos*, Buenos Aires, 1953, pp. 45-50.

Requeijo, A., “Presencia de Noriega Varela na prensa mindoniense anterior á guerra civil”, *Boletín Galego de Literatura*, 8, 1992, pp. 119-127.

—, “A segunda serie de *Como falan os brañegos* de Antonio Noriega Varela”, *Cadernos de Lingua*, 8, 1992, pp. 119-127.

Seixas-Seoane, M.-A., “Catro poemas non recopilados de Antonio Noriega Varela”, *A Trabe de Ouro*, 1, 1990, pp. 103-108.

RAMÓN CABANILLAS

Boletín da Real Academia Galega, 29, 339-344, 1961.

Carballo Calero, R., “Notas sobor da obra de Ramón Cabanillas”, *Ramón Cabanillas. Obra completa*, Buenos Aires, 1959, pp. 15-41.

Durán, J. A., “La poesía antiseñorial de R. C.”, *Tiempo de Historia*, 25, Madrid, 1976.

Fernández del Riego, F., “Bibliografía sobre Ramón Cabanillas”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 29, 1961.

Iglesia Alvariño, A., “Lengua e estilo de Ramón Cabanillas”, *Ramón Cabanillas. Obra completa*, Buenos Aires, 1959, pp. 875-921.

Millán González-Pardo, I., “Comentos filolóxicos e algunas verbas empregadas na *Antífona da Cantiga*”, *Ramón Cabanillas. Antífona da Cantiga*, Vigo, 1951.

Nicolás Rodríguez, R., “Limiar. A coroación poética de Ramón Cabanillas”, *Coroación poética de Ramón Cabanillas*, Consello da Cultura Galega-Arquivo Sonoro de Galicia, Santiago de Compostela, 1999.

—, “*Na noite estrelecida* de Ramón Cabanillas. Estado de eternidade para unha lingua”, *Ramón Cabanillas, Na noite estrelecida*, Augas de Mondariz-Xerais, Vigo, 1999 [edición facsimilar].

—, “Cabanillas, corenta anos despois”, *La Voz de Galicia*, 24 de novembro, 1999.

Pena, X. R., “A renovación política e estética do galeguismo: Ramón Cabanillas, “o poeta arelado”, *Manuel Antonio e a vanguarda*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996.

Pociña López, A. X., “Ramón Cabanillas e Teixeira de Pascoaes: dúas formas de ve-la saudade”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 1163-1178.

Rodríguez Fer, C., “Cabanillas, poeta na guerra”, *Diario 16 de Galicia*, 6 de xullo, 1990.

Varela Jácome, B., “La versificación de Ramón Cabanillas”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 20, 60, 1965, pp. 90-108.

Zulueta, L., “Ante el centenario de Cabanillas”, *Grial*, 51, 1976, pp. 79-83.

VV. AA., *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, *Grial*, 54, 1976.

—, *¡A Nosa Terra é nosa!, de unha poesía de Ramón Cabanillas. Homenaxe no centenario do seu nacemento*, Libro de Ouro, Vigo, 1976.

—, *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, A Nosa Cultura, 10, A Nosa Terra, Vigo, 1989.

MANUEL ANTONIO

Axeitos, X. L., “As “Choivas outonais”, de Manuel Antonio (Reflexións sobre un poema inédito do poeta rianxeiro)”, *Boletín Galego de Literatura*, 6, 1991, pp. 77-81.

—, *A poética de Manuel Antonio*, Do Cumio, Vilaboa-Pontevedra, 1993.

—, *Manuel Antonio*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.

Bernárdez, C. L., *Guías de lectura. De catro a catro, Manuel Antonio.*, Do Cumio, Vilaboa-Pontevedra, 1991.

Cristobo Vicente, J. L., “Manuel Antonio, poeta del mar”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 25, 76, 1970.

Día das Letras Galegas. Homenaxe a Manuel Antonio, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1979.

García Rodríguez, M. C., *A poesía mariñeira de Manuel Antonio*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1973 [memoria de licenciatura inédita].

García-Sabell, D., *Manuel Antonio. Correspondencia*, Galaxia, Vigo, 1979.

González, H., *Manuel Antonio. De catro a catro*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1993.

Guerra, A. G., *Gramática de Manuel Antonio*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1978 [memoria de licenciatura inédita].

—, *O idioma galego na poesía de Manuel Antonio*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1981.

March, K. N., “As invariantes creacionistas na obra de Manuel Antonio”, *Grial*, 63, 1979, pp. 1-17.

Pena, X. R., *A poesía de Manuel Antonio nas literaturas galegas de vanguarda*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1979.

—, *Manuel Antonio e a vanguarda*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996.

—, *De catro a catro de Manuel Antonio*, Xerais, Vigo, 1996.

Pérez-Barreiro Nolla, F., “Acenos náufragos lendo a Manuel Antonio”, *Grial*, 36, 1961, pp. 93-99.

Ribera Llopis, J. M.-Rodríguez González, O., “Joan Salvat-Papasseit e Manuel Antonio: o mar como espacio poético da aventura”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 1261-1273.

Ríos Panisse, M. C., “O rupturismo do manifesto *¡Más Alá!*”, *Dorna*, 15, 1989, pp. 87-92.

Rodríguez Fer, C., “Vanguarda e *¡Más alá!*”, *Serta. Poesía y pensamiento poético*, 2, 1997, pp. 177-192.

Souto, E., *A viagem oxímórica: De catro a catro*, Laioveneto, Santiago de Compostela, 1991, pp. 25-68.

VV. AA., *Manuel Antonio. Embarcados nun cantar*, A Nosa Cultura, 16, A Nosa Terra, Vigo, 1996.

—, *Xornadas sobre Manuel Antonio*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2001.

LUÍS AMADO CARBALLO

Álvarez Blázquez, X. M., *Luís Amado Carballo. Vida e obra. Escolma de textos*, Publicacións da Real Academia Galega, A Coruña, 1982.

Carballo Calero, R., “Riscos de Amado Carballo”, *La Voz de Galicia*, Cuaderno de Letras, Artes y Pensamiento, 15 de maio, 1982.

Fernández del Riego, F., “A campía lírica de Amado Carballo”, *Faro de Vigo*, Suplemento Cultural, 71, 20 de febreiro, 1980.

González Dorrego, M. X., *A linguaxe figurada en Amado Carballo*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1973-1974 [memoria de licenciatura inédita].

Marco, A., “Contribución á biografía de Amado Carballo: algúns datos inéditos e un poema non recopilado”, *Grial*, 76, 1982, pp. 199-214.

Raña, R., “O derradeiro poema de Luís Amado Carballo”, *Diario 16 de Galicia*, “Galicia Literaria”, 4 de marzo, 1991.

—, “Vindicación de Amado Carballo. Por unha lectura nova dos seus versos”, *Diario 16 de Galicia*, “Galicia Literaria”, 4 de maio, 1991.

Rey Pousada, L., *Amado Carballo*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1969-1970 [memoria de licenciatura inédita].

Tarrío Varela, A., “Amado Carballo, lonxe e connosco”, *Dorna*, 2, Día das Letras Galegas, 1982.

—, “Limiar”, *Día das Letras Galegas. Escolma de Amado Carballo*, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1982, pp. 5-11.

VV. AA., *17 de maio de 1982. Día das Letras Galegas. Adicado a Luís Amado Carballo*, *Faro de Vigo*, 17 de maio, 1982.

LUÍS PIMENTEL

Alonso Montero, X., *Luís Pimentel. Biografía da súa poesía*, Do Cumio, Vilaboa-Pontevedra, 1990.

- Cunqueiro, A., “Pimentel. Poesía”, *La Noche*, 27 de outubro, 1960.
- Franco Grande, X. L., “Luís Pimentel o la autenticidad poética”, *La Noche*, 24 de outubro, 1959.
- Herrero Figueroa, A., “Pimentel na historia da poesía”, *Grial*, 64, 1979, pp. 174-187.
- López-Casanova, A., *Luís Pimentel e Sombra do aire na herba*, Galaxia, Vigo, 1990.
- Martínez Pereiro, C. P., “Luís Pimentel: semblanza dun home con oficio de poeta”, *Man común*, 8, 1981.
- Méndez Ferrín, X. L., “Sombra del aire en la yerba, da Escola da Tebra procede Luis Pimentel”, *La Noche*, 20 de decembro, 1959.
- Murado, M. A., *Luís Pimentel*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1990.
- (coord.), *Luís Pimentel. Unha fotobiografía*, Xerais, Vigo, 1990.
- Pallarés, P., *Rosas na sombra. A poesía de Luís Pimentel*, Do Cumio, Vilaboa-Pontevedra, 1991.
- Piñeiro, R., “A poesía de Luís Pimentel”, *Olladas no futuro*, Galaxia, Vigo, 1974.
- , *Luís Pimentel*, Real Academia Galega, A Coruña, 1990.
- Pozo Garza, L., *A bordo de Barco sin luces ou o mundo poético de Luís Pimentel*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1990.
- Rabanal, M. de, “Un libro póstumo de Pimentel”, *La Noche*, 26 de setembro, 1959.
- Rodríguez Fer, C., *Unidade didáctica. Luís Pimentel*, Xerais, Vigo, 1990.
- Sánchez Reboreda, J., *El silencio y la música. Ensayo sobre la poesía de Pimentel*, Fundación Caixa Galicia-Do Castro, Sada, A Coruña, 1989.
- Tarrío Varela, A., “Un año para Luís Pimentel”, *Ínsula*, 528, 1990, pp. 5-6.
- VV. AA., *Día das Letras Galegas. Homenaxe a Luís Pimentel*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1990.

FERMÍN BOUZA-BREY

- Carballo Calero, R., “Bouza-Brey, acontecemento literario”, *La Voz de Galicia*, 16 de maio, 1981.
- Casares, C., *Fermín Bouza-Brey*, Publicacíóns da Real Academia Galega, A Coruña, 1992.

Castro, D., *Fermín Bouza Brey (A paixón dun humanista)*, Do Cumio, Vilaboa-Pontevedra, 1992.

Fernández Teixeiro, M. M. (Manuel María), “Notas encol da poesía de Fermín Bouza-Brey”, *Boletín de la Real Academia Galega*, 327-328, 1958, pp. 125 e ss.

Fonte, R., *Fermín Bouza-Brey e a súa obra literaria*, Galaxia, Vigo, 1992.

López, T., “Lírica medieval galego-portuguesa e neotrobadorismo na “Época Nós”: Coordenadas da poesía de Fermín Bouza-Brey”, *Anuario de Estudios Galegos* 1992, 1993, pp. 35-68.

Rodríguez López, A., *Fermín Bouza Brey (1901-1973). Unha biografía*, Xerais, Vigo, 1992.

Roig Rechou, B.-A., “Fermín Bouza-Brey, un soneto recuperado, a colección *Lar e Cabalgadas en Salnés*”, *Boletín Galego de Literatura*, 6, 1991, pp. 103-113.

Roig Rechou, B.-A.-Seixas Seoane, M.-A., “Bibliografía sobre Fermín Bouza Brey”, *Boletín Galego de Literatura*, 8, 1992, pp. 167-186.

VV. AA., *Día das Letras Galegas. Fermín Bouza Brey*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1992.

—, *Día das Letras Galegas. Fermín Bouza-Brey*, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1992.

EDUARDO BLANCO-AMOR

Álvarez Pousa, L. (ed.), *A contrapelo. Eduardo Blanco-Amor, La Voz de Galicia*, A Coruña, 1993.

Álvarez Ruiz de Ojeda, V. (ed.), *Entrevistas con E. Blanco Amor*, Nigra, Vigo, 1994.

Allegue, G., *Eduardo Blanco-Amor (biografía). Diante dun xuíz ausente*, Nigra, Vigo, 1993.

Allegue, G.-Freixanes, V. F., *Eduardo Blanco-Amor (1897-1979). Unha fotobiografía*, Xerais, Vigo, 1993.

Casares, C., “Lería con Eduardo Blanco-Amor”, *Grial*, 41, 1973, pp. 337-344.

Carro, X., *A obra literaria de Eduardo Banco-Amor*, Galaxia, Vigo, 1993.

Fernández del Riego, F., *Blanco Amor. Emigrante e autodidacta. A súa vida literaria*, Ir Indo, Vigo, 1993.

Neira Vilas, X., *Eduardo Blanco-Amor dende Buenos Aires*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1995.

Nicolás Rodríguez, R., “A poesía de Blanco-Amor ante a crítica do seu tempo”, *Boletín Galego de Literatura*, 18, 1997, pp. 19-56.

Núñez Seixas, X. M., “Eduardo Blanco-Amor no nacionalismo galego (1919-1939). Liderato étnico e galeguismo”, *Grial*, 108, 1990, pp. 448-466.

Pérez Rodríguez, L., “Unha semblanza de Eduardo Blanco-Amor dende o seu epistolario”, *Boletín Galego de Literatura*, 3, 1990, pp. 33-48.

—, “Eduardo Blanco-Amor emigrante”, *Boletín Galego de Literatura*, 6, 1991, pp. 95-101.

Rodríguez, F., *Eduardo Blanco-Amor (o desacougo da nación negada)*, Do Cumio, Vilaboa-Pontevedra, 1992.

Tarrío Varela, A. (coord.), *Día das Letras Galegas. Eduardo Blanco-Amor*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993.

—, *Día das Letras Galegas. Eduardo Blanco-Amor*, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1993.

VV. AA., *Homenaxe a Blanco Amor*, Concello do Redondela, Xerais, Vigo, 1981.

—, *Poema actual a Blanco Amor*, A Nosa Cultura, 3, A Nosa Terra, Vigo, 1985.

—, *Letra, terra e libertade. Eduardo Blanco Amor*, A Nosa Cultura, 3, A Nosa Terra, Vigo, 1993 [2^a ed.].

A XERACIÓN DO 36 AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO

Capelán Rei, A., “Notas críticas a unha edición da poesía galega de Aquilino Iglesia Alvariño”, *Boletín Galego de Literatura*, 2, 1989, pp. 59-75.

Carballo Calero, R., “Influências portuguesas no primeiro Aquilino”, *Estudos e ensaios sobre literatura galega*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1989, pp. 275-281.

Cunqueiro, A., “Poesía de Iglesia Alvariño”, *La Noche*, 29 de xaneiro, 1948.

Lorenzana, S., “Iglesia Alvariño: poeta e humanista”, *Grial*, 1, 1963, pp. 28-42.

Quintela Ferreiro, L., “Significación universal de Iglesia Alvariño”, *La Noche*, 24 de maio, 1961.

Raña, R., *A vixilia no Gólgota infinito (As liñas temáticas de Lanza de soledá)*, Fundación Caixa Galicia, Lugo, 1994.

Rodríguez Gómez, L., *A poesía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Deputación Provincial de Lugo, Lugo, s.d. [1994].

Ríos Panisse, M. C., “*De rerum Natura* de Lucrecio e *Lanza de soledá* de Aquilino”, *Grial*, 93, 1986, pp. 300-317.

Tarrío Varela, A., “Limiar”, *Día das Letras Galegas. Antoloxía de Aquilino Iglesia Alvariño*, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1986, pp. 5-20.

ÁLVARO CUNQUEIRO

Armesto Faginas, X. F., *Cunqueiro: unha biografía*, Xerais, Vigo, 1987.

Blanco, L., *El léxico de Álvaro Cunqueiro*, Verba, Anexo 33, Santiago de Compostela, 1990.

Casares, C., “Leria con Álvaro Cunqueiro”, *Grial*, 72, 1981, pp. 202-209.

Cunqueiro, A., *Autopoética e poesías*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1991.

Fernández del Riego, F., *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo (Vivencias e fabulacóns)*, Ir Indo, Vigo, 1991.

Filgueira Valverde, X., *Álvaro Cunqueiro*, Publicacións da Real Academia Gallega, A Coruña, 1991.

Franco Grande, X. L., “Introducción a Álvaro Cunqueiro”, *Grial*, 42, 1973, pp. 403-416.

García, C., *Contribución ó léxico de Álvaro Cunqueiro*, Real Academia Galega, A Coruña, 1991.

Gómez Rivas, I., “As primeiras publicacións de Álvaro Cunqueiro”, *Boletín Galego de Literatura*, 4, 1990, pp. 101-111.

González Fernández, M., “O idealismo icónico de Álvaro Cunqueiro”, *Boletín Galego de Literatura*, 12, 1994, pp. 61-70.

González Gómez, X., *Álvaro Cunqueiro, traductor*, Fundación Caixa Galicia-Edicións do Castro, Sada, A Coruña, 1990.

Homenaje a la obra de Cunqueiro, Faro de Vigo, Suplemento de Cultura, 14 de marzo, 1981.

Lillo Redonet, F., “A cultura antiga como fonte de inspiración dos poetas galegos”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso*

Montero, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 781-793.

López-Casanova, A., “Creación lírica y poética vanguardista (Notas sobre la poesía de Álvaro Cunqueiro)”, *Ínsula*, 536, 1991, pp. 20-21.

Martín, F.-González, X. M., *Álvaro Cunqueiro. Unidades didácticas*, Xunta de Galicia, 1991.

Pozo Garza, L, *Álvaro Cunqueiro e Herba aquí e acolá*, Galaxia, Vigo, 1991.

Rodríguez Fer, C., “La factoría vanguardista de Álvaro Cunqueiro”, *Ínsula*, 536, 1991, pp. 18-19.

Roig Rechou, B.-A.-Seixas Seoane, M. A. (coords.) “Bibliografía sobre Álvaro Cunqueiro”, *Álvaro Cunqueiro, Boletín Galego de Literatura*, Monografías 1, 1991, pp. 221-289.

Salgado, X. M.-Vilavedra, D., *Álvaro Cunqueiro*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1991.

Seixas Seoane, M. A. (coord.), *Álvaro Cunqueiro. Unha fotobiografía (1911-1981)*, Xerais, Vigo, 1991.

Tarrío Varela, A. (coord.), *Álvaro Cunqueiro, Boletín Galego de Literatura*, Monografías 1, 1991.

—, “El estado de la cuestión: Álvaro Cunqueiro”, *Ínsula*, 536, 1991, pp. 9-11.

VV. AA., *Homenaxe Álvaro Cunqueiro*, Grial, 72, 1981.

—, *Los Cuadernos del Norte*, 6, Oviedo, 1981.

—, *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1982.

—, *O mundo de Cunqueiro*, A Nosa Cultura, 2, A Nosa Terra, Vigo, 1984.

—, *Álvaro Cunqueiro, Primer Acto*, 241, Madrid, 1991.

—, *Álvaro Cunqueiro, Agália*, 25, 1991.

—, *Día das Letras Galegas. Álvaro Cunqueiro. Escritos recuperados*, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1991.

RICARDO CARBALLO CALERO

Blanco, C., “A muller nas Cantigas de Amigo de Carballo Calero”, *Luzes*, 5-6, 1987, pp. 53-55.

- , *Conversas con Carballo Calero*, Galaxia, Vigo, 1989.
- , *Carballo Calero. Política e cultura*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1991.
- Fernán-Vello, M. A.-Pillado Mayor, F., *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1986.
- Dobarro Paz, X. M., “Notas bio-bibliográficas”, *Homenaxe a Carvalho Calero*, A Coruña, 1982.
- Homenaxe ao professor Carvalho Calero, O ensino*, 18-22, 1987.
- Lillo Redonet, F., “A cultura antiga como fonte de inspiración dos poetas galegos”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 781-793.
- Lorenzana, S., “Figura e obra de Carballo Calero”, *Grial*, 70, 1980, pp. 441-452.
- March, K. N., “A figura feminina na poesía de Carballo Calero”, *Grial*, 75, 1982, pp. 18-34.
- Marco, A., *Foula e ronsel. Os anos xuvenís de Carvalho Calero (1910-1941)*, Fundación Caixa Galicia-Do Castro, Sada, A Coruña, 1992.
- Montero Santalha, J. M., *Carvalho Calero e a súa obra*, Laioveneto, Santiago de Compostela, 1993.
- Rodríguez, J. L. (coord.), *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, 2 vols.
- Rodríguez Fer, C., “A temática cultural na poesía de Carballo Calero”, *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Xerais, Vigo, 1989, pp. 35-77.
- , “Carballo Calero, poeta alxebraico”, *Diario de Galicia*, 18 de outubro, 1990.
- , “O cine na obra de Carballo Calero”, *A Trabe de Ouro*, 2, 1990, pp. 279-285.
- Salinas Portugal, F., *Voz en silencio (entrevista con R. Carvalho Calero)*, Do Cumio, Pontevedra, 1991,
- VV. AA., *Ricardo Carvalho Calero. A razón da esperanza*, A Nosa Cultura, 13, A Nosa Terra, 1991.

IV. O SÉCULO XX

TEMA 14. A PROSA. DENDE 1900 ATA A GUERRA CIVIL

1. A denominada “Xeración Nós”.

1.1. Vicente Risco.

1.1.1. Estética e ideoloxía. *Preludio a toda estética futura*.

1.1.2. *Nós os inadaptados*: a definición dun grupo e dunha época, Nós.

1.1.3. *Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros*: esoterismo e ocultismo.

1.1.4. *O lobo da xente, A trave de ouro e a trave de alquitrán*: folclorismo e etnografía.

1.1.5. *Os europeos en Abrantes, O porco de pé*: o humor e a sátira.

1.2. Ramón Otero Pedrayo.

1.2.1. *Pantelas, home libre*: o sentimento cósmico-panteísta da vida.

1.2.2. *O purgatorio de don Ramiro*: ó xeito de Risco e Castelao.

1.2.3. *Escrito na néboa, Arredor de si, Devalar*: o descubrimento e as procuras galeguistas.

1.2.4. *Os camiños da vida, O Mesón dos Ermos*: a decadencia da fidalguía.

1.2.5. *A romaría de Xelmírez, Fra Verner*: a dimensión intelectual.

1.2.6. *O señorito da Reboraina*: a reescritura lúdica da historia.

1.2.7. O entronque coa tradición. O relato: *Contos do camiño e da rúa*.

1.3. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

1.3.1. *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*. O humor e a crítica.

1.3.2. *Cousas*: a simbiose entre literatura e plástica.

1.3.3. *Os dous de sempre*: dúas concepcións da vida. Humor e filosofía.

1.3.4. *Retrincos*: a recompilación previa á guerra.

2. “Novecentismo” e vanguarda.

2.1. Rafael Dieste. A mestría no relato: *Dos arquivos do trasno*.

3. O ensaio.

3.1. Florentino López Cuevillas. Antón Losada Diéguez.

3.2. Castelao e *Sempre en Galiza*: unha *summa* de galeguidade.

O período de vinte anos que media entre o nacemento das Irmandades da Fala e o comezo da guerra civil viu nacer e consolidarse a narrativa en lingua galega. A esta circunstancia non foi allea a aparición dun espazo político e cultural nacionalista e a creación dunha suficiente infraestructura editorial. Conviven, durante estes anos, na que é unha etapa de gran dinamismo e riqueza cultural, os homes da denominada “Xeración Nós” cos narradores que continuaban liñas estéticas decimonónicas e, así mesmo, cos mozos escritores do período “novecentista”.

Do Grupo Nós, impulsor da revista do mesmo nome dende 1920, ó que se adscriben Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Antón Losada Diéguez e Castelao, estudiaremos, como se fixou nos parágrafos iniciais do presente proxecto docente, a prosa literaria, aínda que deberemos abordar tamén, e así se fará, aínda que sexa dun xeito menos profundo, o ensaio, xénero no que sobrancean as figuras de López Cuevillas e Losada Diéguez e no que non se pode deixar de mencionar o *Sempre en Galiza* de Castelao, tal vez, por motivos sobradamente coñecidos e que están vinculados ó desenvolvemento e á evolución do propio nacionalismo galego, a obra máis emblemática do xénero.

Incorporados tardíamente ó galeguismo e á literatura en lingua galega, os homes de “Nós” non constitúen un grupo homoxéneo literariamente falando, aínda que si nas pretensiós de facer da prosa literaria galega un xénero que participase da modernidade, chegando mesmo a homologarse, como afirmou o profesor A. Tarrío, con productos de literaturas plenamente normalizadas. Non en van, os integrantes do cenáculo ourensán intuíron que a progresiva madurez da prosa e o seu camiñar cara á novela moderna eran fundamentais para a afirmación da literatura galega e do propio ideario que guiaba a súa pluma.

Procedente dunha tradición estética decadentista, cosmopolita e elitista, Risco chegou ó nacionalismo galego cunha bagaxe doutrinal de inspiración orientalista e esotérica, adquirida na teosofía. Dende estas posturas hai que entender o seu compromiso co nacionalismo e a súa produción literaria, que se inicia xustamente cun relato de marcado carácter esotérico e de humor macabro, *Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros*, publicado en 1919 no suplemento do xornal coruñés *El Noroeste*. Con este texto, Risco introduce un cambio de ton fundamental na literatura galega, que está marcado polo humor e, así mesmo, pola renovación dos escenarios de ficción.

Nos dous textos escritos a seguir, *O lobo da xente* e *A trave de ouro e a trave de alquitrán*, retoma temas clásicos das narracións orais galegas, adaptándoos, sobre todo no segundo caso, no que se condiciona a redención de Galicia á conxunción de valores transmitidos polos antepasados celtas cos propios do bautismo cristián, á súa propia ideoloxía e á ideoloxía nacionalista.

O tema da volta ós territorios naturais da fidalguía, sumida na degradación moral e económica, e que debería asumir un importante papel na redención de Galicia, tamén lle preocupou a Risco, como demostra o cadro dramático *A Coutada*, así como a nacente sociedade de consumo, que será obxecto da súa novela *O porco de pé*. Precedida por un fragmento publicado un ano antes, en 1927, dunha novela que non rematou tal vez por circunstancias extraliterarias, *Os europeos en Abrantes*, en *O porco de pé* constrúe Risco, en base a un humor acedo, unha sátira mordaz da incipiente sociedade de consumo, marcada pola consideración materialista da vida (oposta á idealista e intelectual), amosando un profundo desprezo polos servidores políticos (e non só) do diñeiro e polas conductas gregarias. As enumeracións esgotadoras, as rápidas caricaturas e o contar caótico sacan á luz o grotesco dunha sociedade enferma xa polo consumo e por un provincialismo abafante, no que non hai cabida para as cousas do espírito.

Con Risco compartiu inquietudes o señor de Trasalba, Ramón Otero Pedrayo. Tardiamente chegado ó galeguismo e á propia escritura, introduciu nos seus textos moitos dos aspectos que a crítica sinala como característicos da novela moderna.

Otero entra de cheo nas consideracións que Risco escribiu verbo dos homes de Nós, na súa procura dunha razón ou dun sentido vital que encontrarían no galeguismo. O ourensán plasma esa busca en *Arredor de si*, novela protagonizada por Adrián Solovio, que pode ser considerado un trasunto do propio autor e que simboliza a crise de fondo do home do século XX, en xeral, e do intelectual en particular. Precedida por *Pantelas, home libre*, que debuxa moitas das constantes que definirán a posterior obra oteriana –o sentimento da terra, a función social do fidalgo, a vivencia panteísta da paisaxe, ...–, e por *Escrito na néboa*, que pode considerarse como un primeiro esbozo de *Arredor de si*, esta última novela constitúe toda unha viaxe espiritual do personaxe á procura de si mesmo, un recoñecemento no galeguismo, un galeguismo que se refuxia, con todo, no rural e na fidalguía.

Tras escribir *O purgatorio de don Ramiro*, un texto que está na liña do texto de Risco *Do que lle aconteceu ó doutor Alveiros* e na de *Un ollo de vidro*, de Castelao,

Otero dá o salto á novela longa con *Os camiños da vida*, que aborda un tema que xa encontramos en Risco e que define boa parte da escrita oteriana, o da decadencia da fidalguía, coa degradación moral e ética que esta comporta.

Nas súas novelas *A romería de Xelmírez* e *Fra Verner* introduce e recrea Otero a súa amplísima cultura, os grandes coñecementos que posuía nas distintas áreas do saber. No primeiro caso, o escritor de Trasalba retrotrae o lector ó mundo medieval, construíndo unha *summa* de coñecementos históricos e de modalidades da novela, dende a clásica ou a pastoril ata a cabaleiresca; no segundo, recrea o clima histórico e cultural da segunda metade do Século das Luces.

Con *Devalar* devólvelle o protagonismo a Galicia, nun texto que está claramente influído pola novela europea e americana do momento (Joyce, Dos Passos). Finalmente, e ademais de escribir relato curto, entroncando cunha tradición de longa vida e mellor fortuna na literatura galega, volve ó tema da fidalguía: en *O mesón dos Ermos* retoma o motivo da súa decadencia, da miseria moral e da debilidade na que está sumida e da que non conseguirá erguerse; finalmente, en *O señorito da Reboraina* reescribe a historia desta clase social, agora invertendo o ton moralizante e patético dos textos precedentes para construír unha historia desenfadada e lúdica.

Distinta é a escritura de Castelao, continuación en moitos casos, da súa dimensión como artista plástico. A de Castelao é unha obra de moi coidada elaboración, austera, concentrada, que busca a rexeneración da sociedade galega a través do humor e da exposición puntual dos seus defectos. Á parte de abandonar o pintoresquismo costumista e sentimental, Castelao logrou atinxir, partindo do humano, do concreto, unha dimensión universal.

En *Un olló de vidro. Memorias dun esquelete* Castelao mostra xa a concentración e o humor que van caracterizar todos os seus textos. De feito, esa concentración da escrita define a produción de *Cousas*, secuencias narrativas con autonomía propia, acompañadas dun debuxo, nas que se plasma un xesto heroico ou mesquiño, un detalle do vivir cotián, un sentimento dunha vida ou dunha sociedade. A mesma maneira de narrar está presente en *Retrincos*, obra que recompila textos xa elaborados e publicados con anterioridade por Castelao, e en *Os dous de sempre*, a súa única novela, caracterizada tamén pola autonomía da que gozan os seus capítulos, nos que se contrapoñen dous modos de entender a vida e de comportarse nela, a de Pedriño e Rañolas, pragmático un, idealista montado nun cabalo branco o outro.

Finalmente, debemos estudiar a figura de Rafael Dieste, un magnífico narrador, que acadou gran calidade literaria nos seus relatos, continuado unha tradición que, como xa sinalamos, ten gran arraigo na literatura galega. *Dos arquivos do trasno*, que é, xunto coa súa peza teatral *A fiestra valdeira*, o único texto que legou ó patrimonio literario galego, constitúe unha das primeiras mostras do relato moderno, á altura, e con moitas coincidencias no que se refire á poética do relato, de Allan Poe ou do mesmo Cortázar. Coma Castelao, soubo transparentar na palabra a esencia do home, e do home galego, en textos nos que se xoga cos difusos lindes do fantástico e do marabilloso e que están impregnados pola melancolía, polo inexorable transcorrer do paso do tempo, que toca, suavemente, nas costas do lector.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓN DE TEXTOS

VICENTE RISCO

- Risco, V., *Do caso que ll'aconteceu ó doutor Alveiros*, *El Noroeste*, 1919.
—, *A Coutada*, Lar, A Coruña, 1926.
—, *Os europeos en Abrantes*, Nós, 39, 1927.
—, *O porco de pé*, Nós, A Coruña, 1928.
—, “Nós, os inadaptados”, Nós, 115, 1933.
—, *Obra completa*, Akal, Madrid, 1981, 2 vols.
—, *Obras completas*, Galaxia, Vigo, 1995-1997, 6 vols.
—, *O porco de pé*, Galaxia, Vigo, 1995.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

- García Sendón, I.-García Sendón, M., *Ramón Otero Pedrayo. Arredor de si*, Galaxia, Vigo, 1994 [8^a ed.; 1^a edición nesta editorial, 1970].
Gómez Clemente, X. M., *Ramón Otero Pedrayo. Narrativa breve*, Galaxia, Vigo, 1993 [2^a ed.; 1^a ed., 1993].

Mariño Paz, R., *Ramón Otero Pedrayo. Os camiños da vida*, Galaxia, Vigo, 1994 [6^a ed.; 1^a ed., 1990].

Monteagudo, H., *Ramón Otero Pedrayo. A romaría de Xelmírez*, Galaxia, Vigo, 1991.

Otero Pedrayo, R., *Pantelas, home libre*, Lar, A Coruña, 1924.

—, *O purgatorio de don Ramiro*, Galaxia, Ourense, 1926.

—, *Escrito na néboa*, Lar, A Coruña, 1927.

—, *Os camiños da vida*, Nós, A Coruña, 1928.

—, *Arredor de si*, Nós, A Coruña, 1930.

—, *Contos do camiño e da rúa*, Nós, A Coruña, 1932.

—, *A romeiría de Xelmírez*, Nós, A Coruña, 1934.

—, *Fra Verner*, Nós, A Coruña, 1934.

—, *Devalar*, Nós, A Coruña, 1935.

—, *O mesón dos Ermos*, Nós, A Coruña, 1936.

—, *Obras selectas*, Galaxia, Vigo, 1983, 3 vols.

—, *Obras*, Galaxia, Vigo, 1990-1996, 10 vols.

Salgado, X. M.-Sousa Fernández, X., *Ramón Otero Pedrayo. Contos do camiño e da rúa*, Galaxia, Vigo, 1995.

ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

Alonso Montero, X., *Castelao. Obra Completa*, Akal, Madrid, 1975-1982, 3 vols.

—, *Cuatro obras*, Cátedra, Madrid, 1990 [4^a ed.].

Campos, F., *Castelao. Cousas da vida-I*, Akal, Madrid, 1981.

Carballo Calero, R., *Castelao. Antología bilingüe*, Taurus, Madrid, 1983.

Castelao, A. D. R., *Sempre en Galiza*, Centro Orensano de Buenos Aires, Buenos Aires 1944 [1^a ed; 2^a ed., 1961; reproducción facsimilar, Livraria Couceiro, Santiago de Compostela, 1986].

—, *Sempre en Galiza*, Galaxia, Vigo, 1995 [5^a ed; 1^a ed. 1986].

González Seoane, E.-Vilavedra, D., *Castelao. Retrincos. Un ollo de vidro*, Galaxia, Vigo, 1994.

Máiz, R. et alii (coords.), *Castelao. Sempre en Galiza*, Parlamento de Galicia, Santiago de Compostela, 1992.

Monteagudo, H. (coord.), *Obras. Castelao*, 2000, 6 vols.

RAFAEL DIESTE

- Dieste, R., *Obra galega completa*, Galaxia, Vigo, 1995, 2 vols.
—, *Dos arquivos do trasno*, Galaxia, Vigo, 1995 [4^a ed.; 1^a ed., 1962].
—, *Obras completas*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1995.

FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS

- López Cuevillas, F., *Prosas Galegas*, Galaxia, Vigo, 1962.

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

- Beramendi, X. G., *Losada Diéguez. Obra completa*, Xerais, Vigo, 1985.

ESTUDIOS

- Freixanes, V., *Unha ducia de galegos*, Galaxia, Vigo, 1976.
Ventura, J., “A narrativa na Época Nós”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXII. O século XX. A literatura anterior á guerra civil*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 216-277.

VICENTE RISCO

- Beiras, X. M., “Vicente Risco e nós. Notas pra unha lería”, *Grial*, 20, 1968, pp. 162-183.
Beramendi, X. G., *Vicente Risco no nacionalismo galego*, Do Cerne, Santiago de Compostela, 1981, 2 vols.
Bobillo, F., “Limiar á Teoría do Nacionalismo”, *Vicente Risco. Obras completas*, Akal, Madrid, 1981.
—, *Nacionalismo gallego. La ideología de Vicente Risco*, Akal, Madrid, 1981.
Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense, 20, 1-4, 1959-1960.
Casares, C., *Vicente Risco*, Galaxia, Vigo, 1981.

- (ed.), *Congreso Vicente Risco*, Xunta de Galicia, Compostela, 1995.
- Faro de Vigo*, Suplemento Cultural, 15 de maio, 1981.
- La Región*, Suplemento Extraordinario, 17 de maio, 1981.
- La Voz de Galicia*, Suplemento de Cultura, ciencia, arte y pensamiento, 14 de maio, 1981.
- Lezcano, A., *Vicente Risco*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.
- Lorenzana, S., “O galeguismo ideolóxico de Vicente Risco”, *Grial*, 18, 63, 1979, pp. 56-67.
- Lugrís, R., *Vicente Risco na cultura galega*, Galaxia, Vigo, 1963.
- Otero Pedrayo, R., “A novelística de Vicente Risco”, *Grial*, 37, 1972, pp. 257-265.
- Piñeiro, R., “As tres épocas de Vicente Risco”, *Olladas no futuro*, Galaxia, Vigo, 1974, pp. 170 e ss.
- Revista Ourense*, extraordinario, ano 2, 17 de maio, 1981.
- Ríos Panisse, M. C., “Dous relatos curtos de Vicente Risco”, *Boletín Galego de Literatura*, 2, 1989, pp. 77-84.
- Risco, A., *O pensamento de Vicente Risco*, Alvarellos, Lugo, 1978.
- , *La obra narrativa de Vicente Risco*, Caixa de Aforros Provincial de Ourense, Ourense, 1987.
- Rodríguez González, O., *La obra narrativa de Vicente Risco*, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1993 [tese de doutoramento inédita].
- Sánchez Ferraces, X. L., *Introducción á lectura de A Coutada, de Vicente Risco*, Santiago de Compostela, 1983 [tese de licenciatura inédita].
- Tarrío, A., “Vicente Risco: entre a descolonización e o demo”, *De letras e de signos. Ensaios de semiótica e crítica literaria*, Xerais, Vigo, 1987.
- Varela, J. L., “La transfiguración literaria del mundo mítico. El ensayo de Vicente Risco”, *La transfiguración literaria*, Prensa Española, Madrid, 1970, pp. 256-297.
- , “Vicente Risco”, *Arbor*, 210, 1963.
- Ventura, J., *O nacionalismo kármico de Vicente Risco*, Laioveneto, Santiago de Compostela, 2000.
- VV. AA., “Vicente Risco”, *Grial*, 86, 1984.
- , *Vicente Risco. Arredor de nós*, A Nosa Cultura, 14, A Nosa Terra, Vigo, 1993.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

- Alonso Montero, X. *Oteriana*, Fundación Otero Pedrayo, Trasalba-Ourense, 2000.
- Baliñas, C., *Descubrindo a Otero Pedrayo*, Fundación Universitaria de Cultura, Santiago de Compostela, 1991.
- Bello Vázquez, R., “Celtismo e saudade como repertórios míticos en Otero Pedrayo”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 91-103.
- Blanco, C., *Nais, damas, prostitutas e feirantas*, Xerais, Vigo, 1995.
- Casares, C., *Otero Pedrayo*, Galaxia, Vigo, 1981.
- Fernández del Riego, F., *O señor da casa grande de Cima de Vila*, Patronato Ramón Otero Pedrayo, Ourense, 1988.
- Fernández Pérez-Sanjulián, C.-Sanmartin Rei, G., “O estilo de Ramón Otero Pedrayo”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 213-233.
- Flitter, D., “Romanticismo vivencial e estructura vanguardista en *Devalar* de Ramón Otero Pedrayo”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 589-601.
- Herrero, N., “Ramón Otero Pedrayo e Henri Bergson: notas para unha filosofía galega”, *Agora. Papeles de Filosofía*, 2, 1982, pp. 171-181.
- Lapa, M. Rodrigues, “Otero Pedrayo e o problema da lingua”, *Grial*, 55, 1977, pp. 32-45.
- Pedrosa Rúa, C., “Sobre *Arredor de si* de Otero Pedrayo”, *Grial*, 35, 1972, pp. 100-108.
- Piñeiro, R., “Otero Pedrayo orador”, *Olladas no futuro*, Galaxia, Vigo, 1974, pp. 62-65.
- Quintana, X. R.-Valcárcel, M., *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*, Ir Indo, Vigo, 1988.
- Ríos Panisse, M. C., “A visión da paisaxe en Otero Pedrayo”, *Actas do Simposio Internacional “Otero Pedrayo no panorama literario do século XX”*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1990, pp. 87-127.

Romero, M., *Guías de lectura. Os camiños da vida, de Otero Pedrayo*, Do Cumio, Vilaboa, 1992.

Rodríguez Fontela, M. A., *Poética da novela de Autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.

Salgado, X. M., “Unha fenda de luz n’*Os camiños da vida* de Otero Pedrayo”, *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, coordinado por M. Brea e F. Fernández Rei, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1991, vol. II, pp. 545-551.

—, “Entre os ecos de *René* e as lembranzas do *Werther*”, *A Trabe de Ouro*, 1, 1990, pp. 35-42.

—, “Vida, paixón e morte de don Adrián Soutelo. Unha cala en *Os camiños da vida*, de Ramón Otero Pedrayo”, *Boletín Galego de Literatura*, 3, 1990, pp. 65-84.

Solla González, A., “Os pañales de luar”, un conto recuperado de Otero Pedrayo”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 1459-1467.

Tarrío Varela, A., “Otero Pedrayo e a renovación da novela no século XX”, *Otero Pedrayo na revista Nós (1920-1936). Escolma*, Día das Letras Galegas, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1988, pp. 25-46.

Torres Feijó, E. J. “Medicina legal vs medicina legítima: a estrategia textual ao servizo dum mundo em declínico num conto de Otero Pedrayo”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 733-757.

Torres Queiruga, A., “Otero Pedrayo: unha chamada ao compromiso integral de Galicia”, *Grial*, 52, 1976, pp. 192-198.

VV. AA., *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Galaxia, Vigo, 1958.

—, *Ramón Otero Pedrayo. A súa vida e a súa obra. Homaxe de Galicia Universal*, Caracas, 1958.

—, *Homenaxe a Otero Pedrayo*, *Grial*, 52, 1970.

—, *A sombra inmensa de Otero Pedrayo*, A Nosa Cultura, 8, A Nosa Terra, Vigo, 1987.

—, *Actas do Simposio Internacional “Otero Pedrayo no panorama literario do século XX”*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1990.

ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

Acuña, X. E., *As imaxes de Castelao –Fotobiografía–*, A Nosa Terra, Vigo, 2000.

Alonso, B., *O exilio de Castelao 1939-1950. Pensamento e acción política*, A Nosa Terra, Vigo, 2000.

Alonso Girgado, L., *Castelao*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1986.

Alonso Montero, X., “Comentario semiológico e sociológico dun texto de Castelao”, *Boletín da Real Academia Galega*, 32, 357, 1975.

—, *Castelao*, Akal, Madrid, 1975.

Alonso Montero, X.-Ramos de Castro, E.-Palmas, R., *Castelao na voz dos poetas*.

Aportacións para unha bibliografía de Castelao, Do Castro, Sada, A Coruña, 1970.

Álvarez, S., *Castelao y nosotros los comunistas*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1984.

Beramendi, X. G.-Villares, R. (coords.), *Actas do Congreso Castelao*, Universidade de Santiago de Compostela-Xunta de Galicia-Fundación Castelao, Santiago de Compostela, 1989.

Blanco-Amor, E., *Castelao escritor*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1986.

Carballo Calero, R., *Escritos sobre Castelao*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1989.

Durán, J. A., *El primer Castelao, biografía y antología rotas (1910-1916)*, Siglo XXI, Madrid, 1972.

Fernández, C., *La persecución de Castelao durante el franquismo*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1986.

Filgueira Valverde, X., *IV-Adral*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1986.

Fontoira, L., “A Marquesiña’ como síntese simbólica de Cousas”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 267-273.

García, X. L., *Castelao dende Catalunya*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1988.

García Negro, M. P., *Arredor de Castelao*, A Nosa Terra, Vigo, 2001.

García-Sabell, D., “Castelao en Galicia ó axexo”, *Grial*, 27, 1970, pp. 1-28.

- González Pérez, C., *Castelao e o Faro de Vigo*, *Cadernos Castelao*, 8, 1996.
- Hermida García, M., *Castelao e Os dous de sempre*, Galaxia, Vigo, 1991.
- Lapa, M. R., “Castelao e a Galiza”, *Nós*, 105, 1932, pp. 165-168.
- Liñares Giraut, X. A. (ed.), *O centenario de Castelao na lembranza. 1986*, Fundación Castelao, Santiago de Compostela, 1997.
- López, S., *Castelao humorista*, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.
- Méixome Quinteiro, C., *Castelao. Unha historia do nacionalismo galego*, Do Cumio, Vigo, 2000.
- Monteagudo, H., *Alfonso R. Castelao*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
- , *Castelao: defensa e ilustración do idioma galego*, Galaxia, Vigo, 2000.
- (coord.), *Para ler a Castelao. Cronoloxía, entrevistas e bibliografía*, Galaxia, Vigo, 2000, vol. I.
- , *Para ler a Castelao. Estudios sobre a obra escrita*, Galaxia, Vigo, 2000, vol. II.
- Neira Vilas, X., *Castelao en Cuba*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1983.
- Núñez Búa, X., *Vida e paixón de Castelao*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1986.
- Otero, D., *Castelao corenta anos despois (1950-1990)*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1991.
- Otero Pedrayo, R., “Castelao ou o rumor conxunto das vidas e camiños de Galicia”, *Grial*, 85, 1984, pp. 264-280.
- , *A miña amizade con Castelao*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1986.
- Paz-Andrade, V., *Castelao na luz e na sombra*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1982.
- , “A fonte autobiográfica na narrativa de Castelao”, *Grial*, 71, 1981, pp. 1-9.
- Pazos Pérez, L. *Castelao entre nós (1975-1986)*, Deputación Provincial de Pontevedra, Pontevedra, 2000.
- Porta Martínez, P., *1937. Castelao e Souto en Valencia*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1985.
- Quintáns Suárez, M., *A Galicia dos nenos de Castelao*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1985.
- Rei Romeu, M., *Arte e verdade (A obra literaria de Daniel Castelao)*, Do Cumio, Vilaboa-Pontevedra, 1991.

- Rodríguez Fer, C., *Castelao e a literatura de combate*, *Cadernos Castelao*, 2, 1994.
- , “Castelao, artista e político que fixo literatura”, *Colóquio / Letras*, 137-138, 1995, pp. 115-132.
- (ed.), *Castelao. Verbas de chumbo*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1992.
- Rosales Cereijo, M., *As Cousas de Castelao: entre a tradición e a innovación*, *Cadernos Castelao*, 6, 1996.
- , *A narrativa de Castelao*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1997.
- Sánchez Casado, I., *Castelao. 24 años en la Administración Pública española (1915-1939)*, Anthropos, Barcelona, 1984.
- Seoane, L., *Castelao artista*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1984 [2^a ed.].
- Varela Jácome, B., *Estructura de la narrativa de Castelao*, Librigal, A Coruña, 1973.
- VV. AA., *Homenaxe a Castelao*, *Grial*, 47, 1975.
- , *Homenaxe a Castelao*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1976.
- , *Homenaxe multinacional a Castelao*, Akal, Madrid, 1976.
- , *Castelao 33 anos despois*, A Nosa Terra, Vigo, 1983.
- , *Castelao contra a manipulación*, Xistral, Santiago de Compostela, 1984.
- , *Castelao 1886-1950*, Ministerio de Cultura, Madrid, 1986.
- , *De Rosalía a Castelao: Galicia (1837-1950)*, Xunta de Galicia-Museo do Pobo Galego-Fundación Castelao, 1986.
- , *Castelao*, Anthropos, 65, 1986.
- , *Castelao e Bóveda irmáns!!*, A Nosa Cultura, 5-6, A Nosa Terra, Vigo, 1986.
- , *Castelao. As cartas de América. Documentación e fotografía*, A Nosa Cultura, 12, A Nosa Terra, Vigo, 1989.
- , *Cadernos. Escola (1938-1948) de Castelao*, Fundación Penzol-Galaxia, Vigo, 1992.

RAFAEL DIESTE

- Axeitos, X. L., “Dos arquivos de Rafael Dieste”, *Boletín Galego de Literatura*, 5, 6, 7, 1991-1992.

- , *Ollar o mundo con sede adiviñadora*, Espiral Maior, A Coruña, 1995.
- , *Autopoética de Rafael Dieste*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1995.
- (coord.), *Documentos A (Genealogía Científica de la Cultura)*, 1, Anthropos, Barcelona, 1991.
- , *Rafael Dieste*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1995.
- , *Congreso Rafael Dieste*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.
- , *Rafael Dieste. Unha fotobiografía*, Xerais, Vigo, 1995.
- (ed.), *Epistolario amoroso de Rafael Dieste e Carmen Muñoz*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1995.
- Carballo Calero, R., “Rafael Dieste no novecentismo”, *Grial*, 78, 1982, pp. 401-409.
- Casas, A., *Rafael Dieste e a súa obra literaria en galego*, Galaxia, Vigo, 1994.
- , *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste*, Universidade de Santiago de Compostela-Deputación de A Coruña, Santiago de Compostela, 1997.
- (ed.), *Encontros e vieiros. Once charlas sobre plástica, teatro e literatura de Rafael Dieste*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1990.
- (coord.), *Tentativas sobre Dieste*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1995.
- Dieste, R., *Testimonios y homenajes*, Laia, Barcelona, 1983.
- Freixeiro Mato, X. R., *Rafael Dieste*, Laioveneto, Santiago de Compostela, 1995.
- García-Bodaño, S., *Rafael Dieste. Vida e obra en lingua galega*, Real Academia Galega, A Coruña, 1995.
- Irizarry, E., *La creación literaria de Rafael Dieste*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1980.
- (ed.), *Estudios sobre Rafael Dieste*, Anthropos, Barcelona, 1992.
- Losada, B., “O popular e o culto en *Dos arquivos do trasno*”, *Grial*, 78, 1982, pp. 421-425.
- Rei Núñez, L., *A travesía dun século. Biografía de Rafael Dieste*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1987.
- Rodríguez Fer, C. (ed.), *Rafael Dieste. Guerra literaria*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1992.
- Romero, M. (comp.), *Entrevistas con Rafael Dieste*, Nigra, Vigo, 1994.

Sierra Rodríguez, M. X., *Rafael Dieste en la literatura gallega*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1972 [memoria de licenciatura inédita].

Tarrío Varela, A. “Cómo está feito o relato “A luz en silenzo” de Rafael Dieste”, *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, reunidos e editados por J. L. Rodríguez, Parlamento de Galicia-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, vol. II, pp. 707-724.

—, (ed.), *Día das Letras Galegas. Rafael Dieste*, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1995.

VV. AA., *Lembrando a Rafael Dieste, Grial*, 78, 1982.

—, *Rafael Dieste. La creación como el puro amanecer constante de la palabra*, Anthropos, Barcelona, 1991.

—, *Rafael Dieste, un creador total*, Galaxia, Vigo, 1995.

—, *Rafael Dieste. Era un tempo de entusiasmo*, A Nosa Cultura, 15, A Nosa Terra, Vigo, 1995.

—, *Rafael Dieste. Heterodoxia e paixón creadora*, Xerais, Vigo, 1995.

FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS

Fernández Jiménez, M. J., “Lendo a *Prosa galega de Cuevillas*”, *Grial*, 34, 1971, pp. 486-492.

Lorenzana, S., “Galicia na obra de Cuevillas”, *Grial*, 3, 1964, pp. 103-110.

Otero Pedrayo, R., *Florentino López Cuevillas*, Galaxia, Vigo, 1980.

Risco, A., “Cuevillas, escritor”, *Dorna*, 16, 1990.

VV. AA., *Homaxe a Florentino López Cuevillas*, Galaxia, Vigo, 1957.

ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

Tarrío Varela, A., “Limiar”, *Antoloxía de Antonio Losada Diéguez*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1985.

VV. AA., *Antón Losada. Teoría e praxe*, Galiza Editora / AS-PG, Ourense, 1982.

—, *Homenaxe a Antón Losada Diéguez (Centenario 1884-1984)*, Concello de O Carballiño, O Carballiño, 1984.

IV. O SÉCULO XX

TEMA 15. O TEATRO. DE 1900 Á GUERRA CIVIL

1. Momentos inaugurais.

- 1.1. Manuel Lugrís Freire.**
- 1.2. Ramón Cabanillas.**
- 1.3. Armando Cotarelo Valledor.**
- 1.4. Antón Villar Ponte.**
- 1.5. Leandro Carré Alvarellos.**

2. O teatro da denominada “Xeración Nós”.

- 2.1. Vicente Risco.**
- 2.2. Ramón Otero Pedrayo.**
- 2.3. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.**

3. Os novos: Rafael Dieste.

Poderíase situar cronoloxicamente o punto de partida para o teatro galego desta primeira parte do século no ano 1903, momento no que Eduardo Sánchez Rico, Galo Salinas e Manuel Lugrís Freire crean a Escola Rexional de Declamación, que realizou un meritorio labor de difusión da ideoloxía rexionalista de entre séculos e que representou textos de non moito valor literario, pero de valor histórico innegable (algúns do propio Galo Salinas, como xa se sinalou). Concluída a experiencia en 1905, coa disolución da Escola, seguramente por motivos de discrepancia ideolóxica entre os membros da directiva, o teatro galego permaneceu case en silencio ata 1915, data na que xorden os primeiros coros folclóricos e populares.

Dedicados sobre todo á difusión da música e da danza galegas, os coros axiña integraron o xénero teatral nos seus espectáculos: Toxos e Froles, de Ferrol, foi o primeiro en incluír teatro de maneira estable na súa programación. As representacións teatrais dos coros, case sempre de carácter folclórico, breve e lixeiro, executábanse entre dous números musicais. Normalmente eran pequenos cadros de costumes, monólogos ou diálogos, que tiñan como tema algún tipo de explotación social ou económica, ó que se lle engadía algún asunto amoroso e o tema da honra. Continuábase así a tradición

decimonónica dun teatro de denuncia, que describía o persistente atraso económico de Galicia, que recorría constantemente á emigración e que desenvolvía cuestiós relacionadas coa hexemonía social da fidalguía e do clero sobre as clases más populares, temas que conectaron de inmediato coa sociedade agrarista.

Coa creación das Irmandades da Fala e da revista *A Nosa Terra* váselle dedicar unha decisiva atención ó teatro, un xénero que pasa a considerarse crucial na recuperación da identidade nacionalista. Durante este período, o teatro confírmase como un xénero en auxe, aínda que sen acadar a altura da narrativa e da lírica. Favorecido polas novas publicacións, polos novos creadores e polo aumento do número de actores, o teatro diversificouse xeograficamente, chegando a circuítos non estrictamente urbanos. Apoiado por distintos premios, foi obxecto, así mesmo, de reflexión en múltiples conferencias e de diversas consideracións programáticas; entre elas, debe mencionarse a de L. Carré Alvarellos, publicada en *A Nosa Terra* en 1923 co título “A moderna orientación do teatro galego”. Por outra parte, o novo teatro dirixiuse especialmente cara á incorporación de temas de carácter máis universal e menos ruralista.

En 1919 nace o Conservatorio Nazonal de Arte Galega, que vai celebrar veladas teatrais cada domingo. Iniciou a súa andaina coa estrea de *A man da santiña*, de Cabanillas, que abandonaba xa o referente campesiño, achegándose a personaxes fidalgos. Dende este momento, e ata 1922, o Conservatorio leva o teatro galego a todas as cidades de Galicia. Por distintas friccións internas e coincidindo cun período de profunda crise do nacionalismo galego, prodúcese o relevo na dirección do Conservatorio, que pasa a denominarse Escola Dramática Galega e que vai dirixir Leandro Carré Alvarellos. Carré devolve o teatro galego entre 1922 e 1926 ós xa ben coñecidos camiños do costumismo: de feito, no programa da primeira velada teatral contemplábase a representación de *¡Filla...!*, de Galo Salinas, texto ó que xa nos referimos no tema dedicado ó estudio do teatro producido antes da guerra.

No marco da dictadura de Primo, e nestas circunstancias, péchase unha das etapas más productivas do teatro galego. O xénero entra crise durante este período, como van pór de manifesto autores como Rafael Dieste ou Vicente Risco. De feito, serán xustamente estos autores os que leven o teatro galego ás más altas cotas literarias, gracias ó alto nivel artístico das pezas de Risco, de Otero, de Castelao e do propio Dieste. Asociados no seu desexo de pór en práctica experiencias próximas a movementos renovadores, buscan un “teatro de arte”.

A partir de 1929, co cambio que se verifica na vida política, medra en cantidade a produción dramática galega: un fito constitúeo *A fiestra valdeira*, que ve a luz en 1927, ano no que se data o texto de Risco *O bufón d'El Rei*. Pouco despois, Otero dá a coñecer a súa obra *A Lagarada*. Castelao, ve, por fin, a posibilidade de levar a cabo o seu “teatro de arte”, do que xorde a redacción do *Teatro de máscaras* de Otero e o terceiro acto de *Os velllos non deben de namorarse*, do propio Castelao. É un momento de avance, de iniciativa, de renovación profunda do teatro galego. Pero a guerra había traer consigo a desfeita e o silencio, botando un negro pano sobre o escenario.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓNS DE TEXTOS

Bernárdez, C. L.-Vieites, M. F., *Ramón Cabanillas. Obra dramática*, Xerais, Vigo, 1996.

Boullón Agrelo, A. I.-Tato Plaza, F. R., *Ramón Otero Pedrayo. Teatro de máscaras*, Galaxia, Vigo, 1989.

Cabanillas, R., *A man da Santiña*, Balneario de Mondariz, Mondariz, 1921.

—, *O Mariscal*, Lar, A Coruña, 1926.

—, *Macías o Namorado (Poema escénico)*, Galaxia, Vigo, 1956.

Castelao, A. D. R., *Os velllos non deben de namorarse*, Galaxia, Vigo, 1953.

Cotarelo Valledor, A., *Trebón*, Céltiga, Ferrol, 1992.

—, *Sinxebra*, El Eco de Santiago, Santiago de Compostela, 1923.

—, *Lubicán*, El Eco de Santiago, Santiago de Compostela, 1924.

—, *Hostia*, Diario de Galicia, 1924 [2^a edición, Lar, A Coruña, 1926; existe edición facsimilar, IGAEM, Santiago de Compostela, 1996].

—, *Mourenza*, Nós, 94, 1931 [2^a edición, Nós, Santiago de Compostela, 1931].

—, *Beiramar*, Nós, A Coruña, 1931.

—, *Trebón*, de Cotarelo Valledor, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1984.

Dieste, R., *A fiestra valdeira*, El Eco de Santiago, Santiago de Compostela, 1927.

—, *A fiestra valdeira*, IGAEM, Santiago de Compostela, 1994.

- Herrero Figueroa, A., *Armando Cotarelo Valledor. Teatro histórico e mariñeiro (Hostia, Beiramar e Mourenza)*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1981.
- Lugrís Freire, M., *A ponte*, La Constancia, A Coruña, 1903.
- , *Minia*, Ferrer, A Coruña, 1904.
- , *Mareiras*, Ferrer, A Coruña, 1904.
- , *Esclavítú*, Ferrer, A Coruña, 1906.
- Marco, A., *Ramón Otero Pedrayo. Teatro ignorado*, Laiuento, Santiago de Compostela, 1991.
- Otero Pedrayo, R., *A lagarada*, Nós, A Coruña, 1928.
- , *O desengano do priorio ou o pasamento da alegria co gran auto epigonal e xusticieiro dos férretros de Floravia*, Monterrey, Vigo, 1952.
- , *Traxicomedia da noite dos santos, Quatro ventos*, série 2^a, Braga, 1960; reproducida en *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 73, 1988.
- , *Teatro de máscaras*, Vigo, 1975.
- , *O fidalgo e a noite*, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 7, 1979.
- , *O café dos espellos*, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 72, 1988.
- Rey, I.-De Santiago, M.-Cejudo, X., *Ramón Cabanillas. O Mariscal*, IGAEM, Santiago de Compostela, 1994.
- Risco, V., *O bufón d'El Rei*, Nós A Coruña, 1928.
- , *O bufón d'El Rei*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1997.
- Tato Fontañá, L., *Ramón Otero Pedrayo. A lagarada*, AS-PG, Vigo, 1997.
- Vieites, M. F.-Monteagudo, H., *Ramón Otero Pedrayo. A lagarada. O desengano do priorioro*, Galaxia, Vigo, 1998.

ESTUDIOS³⁶

Abuín González, A., “*A fiesta valdeira: Unha lectura desde Bergson*”, *Tentativas sobre Dieste*, coordinado por A. Casas, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1995, pp. 143-147.

Abuín González, A.-Ruibal, E. R., “O teatro galego entre 1900 e 1936”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXII. O século XX. A literatura anterior á guerra civil*, coordinado por A. Tarrio, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 280-355.

³⁶ Véxanse tamén as bibliografías correspondentes ós temas 11, 13 e 14 deste programa.

- Axeitos, X. L., “Viaxe e fin de don Frontán: datos para unha posta en escea”, *Rafael Dieste, Viaxe e fin de don Frontán*, IGAEM, Santiago de Compostela, 1995.
- Aznar Soler, M., “As farsas para guiñol de Rafael Dieste”, *Revista Galega de Teatro*, 12, 1995, pp. 71-77.
- Caneda, C., “Unha nota de leitura: *Os vellos non deben de namorarse*”, *Grial*, 33, 1971, pp. 339-342.
- Carballo Calero, R., “Aspectos de *Os vellos non deben de namorarse*”, *Grial*, 47, 1975, pp. 24-32.
- , “Sobre as fontes de *Os vellos non deben de namorarse*”, *Grial*, 67, 1980, pp. 1-10.
- , “Sobre *Os vellos non deben de namorarse*”, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 33, 1983.
- Carré Alvarellos, L., “Apontamentos para a Historia do Teatro Galego”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, 235-240, 1931, pp. 213-224.
- , “Literatura galega. Teatro”, separata de *Céltiga*, Porto, 1960.
- Casas, A., “Traxedia e farsa de Don Frontán”, *Revista Galega de Teatro*, 11, 1995, pp. 27-40.
- , *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste*, Universidade de Santiago de Compostela-Deputación de A Coruña, Santiago de Compostela, 1997.
- Costa Alcalde, M. X., *Armando Cotarelo e a cultura galega*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1992.
- Díaz Pinheiro, M. J., *Guía de lectura. Os vellos non deben de namorarse, de Alfonso R. Castelao*, Do Cumio, Pontevedra, 1992.
- Dobarro, X. M. et alii, “Armando Cotarelo e o teatro”, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 44, 1984.
- Freixeiro Mato, X. R.-Pillard Mayor, F., *A poesía e o teatro interseculares*, AS-PG, Vigo, 1997.
- Ínsua, E. X., *O teatro das Irmandades da Fala*, AS-PG / A Nosa Terra, Vigo, 1997.
- Lorenzo, M., “O teatro de Ramón Cabanillas”, *La Voz de Galicia*, Suplemento Dominical, 16 de maio, 1976.
- Lorenzo Rivas, P., “Os protagonistas masculinos de *Os vellos non deben de namorarse*”, *Grial*, 71, 1981, pp. 10-20.
- Lourenzo, M., “Castelao y el teatro”, *Cuadernos para el diálogo*, 58, 1975.

- , “A casa dos baños dos mitos”, *A Trabe de Ouro*, 26, 1996, pp. 251-254.
- , “O teatro de Otero Pedrayo”, *Actas do Simposio Internacional “Otero Pedrayo no panorama literario do século XX”*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1990, pp. 63-65.
- Lourenzo, M.-Pillado Mayor, F., *O teatro galego*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1979.
- Marinhas del Valle, J., *Importancia do público na revelación teatral*, Real Academia Galega-Do Castro, Sada, A Coruña, 1979.
- , “Lugrís, oratoria e teatro”, *Agália*, 23, 1990, pp. 313-317.
- Monleón, A. R., “Ante Os vellos non deben de namorarse”, *Primer acto*, 120, 1970, p. 33.
- Pillado Mayor, F., *O teatro de Manuel Lugrís Freire*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1991.
- , *Cinco aspectos do teatro galego*, El Correo Gallego, Santiago de Compostela, 1992.
- Quintáns Suárez, M., “Percorrido polo teatro galego: contextos e problemas”, *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, coordinadas por L. Alonso Girgado, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998, pp. 153-170.
- Rabunhal, H., *Textos e contextos do teatro galego*, Laiovento, Santiago de Compostela, 1994.
- Ruibal, E., “Humor e identidade na *Fiesta valdeira*”, *Revista Galega de Teatro*, 11, 1995, pp. 50-57.
- , “A tradición popular en *Os vellos non deben de namorarse*”, *Grial*, 132, 1996, pp. 453-472.
- , “Señores e campesiños n’*A Lagarada* de Otero Pedrayo. Lectura sociolóxica”, *Citania*, 2, 1999, pp. 43-54.
- Salgado, X. M., “Otero Pedrayo y el teatro”, *Art Teatral*, 10, 1998, pp. 79-86.
- Sierra Rodríguez, M. X., “O teatro galego de Rafael Dieste”, *Grial*, 47, 1975, pp. 390-395.
- Tato Fontañá, L., *O teatro galego e os coros populares (1915-1931)*, Universidade da Coruña, A Coruña, 1996, 2 vols. [tese de doutoramento inédita].
- , *Teatro e nacionalismo. Ferrol 1915-1936*, Laiovento, Santiago de Compostela, 1995.

—, *Teatro galego 1915-1931*, Laiuento, Santiago de Compostela, 1997.

—, *Grupo “Nós”: o teatro*, AS-PG / A Nosa Terra, Vigo, 1997.

—, *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936*, A Nosa Terra, Vigo, 1999.

Verdini Deus, X. G., *O teatro galego até o 1903. As orixes do teatro galego contemporáneo*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela 1980-1981 [memoria de licenciatura inédita].

Vidal Bolaño, R., “O teatro (1900-1990)”, *Galicia, 1900-1990*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1997, pp. 150-163.

Vieites, M. F., *Unha lectura de Os vellos non deben de namorarse*, Xerais, Vigo, 1996.

—, *Manual e escolma da literatura dramática galega*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996.

—, “Sesenta anos despois. Memoria (dramática) incompleta do 36”, *Revista Galega de Teatro*, 14, 1996, pp. 58-64.

—, “De John Millington Synge a Antón Villar Ponte. Teatro, literatura dramática e construcción nacional na periferia atlántica. Anotacións para un estudio preliminar”, *Como en Irlanda*, IGAEM, Santiago de Compostela, 1996, pp. 51-167.

—, *Castelao e a creación dramático-teatral. Entre a tradición e a modernidade*, *Cadernos Castelao*, 7, 1996.

—, “Notas arredor da peza breve na literatura dramática galega”, *Grial*, 131, 1996.

Villalaín, D., “Vicente Risco e o teatro do seu tempo”, *O bufón de El Rei*, IGAEM, Santiago de Compostela, 1997, pp. 59-85.

VV. AA., *A presencia de Armando Cotarelo en Galicia*, Dirección Xeral de Cultura, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1984.

—, *Armando Cotarelo Valledor e o teatro*, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 44, 1984.

IV. O SÉCULO XX

TEMA 16. A POESÍA. DE 1936 Á ACTUALIDADE

1. O período 1936-1975.

1.1. A poesía no exilio.

1.1.1. Luís Seoane.

1.1.2. Lorenzo Varela.

1.1.3. Emilio Pita.

1.2. O lento rexurdir en Galicia. A Xeración do 36.

1.2.1. Xosé María Díaz Castro.

1.2.2. Celso Emilio Ferreiro.

1.2.2.1. A veta lírico-intimista: *O soño sulagado*.

1.2.2.2. A poesía civil: *Longa noite de pedra*.

1.2.2.3. A veta satírica: *Viaxe ao país dos ananos*, *Paco Pixiñas*,

Cimenterio privado, *Antipoemas*.

1.2.2.4. O último poemario: *Onde o mundo se chama Celanova*.

1.3. A Promoción de Enlace.

1.3.1. Antón Tovar.

1.3.2. Luz Pozo.

1.4. A Xeración dos 50.

1.4.1. Manuel María.

1.4.2. Uxío Novoneyra.

1.4.3. Bernardino Graña.

1.4.4. Xosé Luís Méndez Ferrín.

1.4.5. Antón Avilés de Taramancos.

1.4.6. Salvador García-Bodaño.

1.4.7. Arcadio López-Casanova.

1.4.8. Xohana Torres.

2. A poesía dende 1975.

2.1. O cambio de rumbo de 1976. Confluencia xeracional e liñas diverxentes.

2.2. As agrupacións xeográficas: viguesa, coruñesa e compostelá. As poéticas independentes. Os grupos poéticos: Rompente, Cravo Fondo.

2.3. A diversificación dos noventa.

O alzamento militar de 1936 e a guerra civil supuxeron un corte brusco no extraordinario desenvolvemento literario que, en todos os campos, pero sobre todo na poesía e na prosa, se viña detectando dende 1916. A guerra e a dictadura franquista trouxeron consigo ben o exilio, ben o silencio, coa conseguinte parálise cultural e tamén literaria. Aínda que se van publicar, nos anos do conflicto bélico e na primeira posguerra algúns textos, sobre todo nalgúns periódicos que aparecen no bando republicano, e algúns opúsculos nacionalistas, as publicacións emblemáticas do período anterior péchanse e o decorrer da literatura galega, no seu inmenso esforzo de renovación e de modernización, queda abortado.

Neste contexto serán os exiliados e os emigrantes galegos os que van manter viva a palabra literaria galega, tanto coa reedición de clásicos –Murguía ou Vicetto, por exemplo– como coa publicación de textos novos. O traballo político e o referente ético de Castelao, así como o labor xornalístico de Blanco-Amor, ós que xa coñecemos pola obra que produciron antes da guerra, nun caso como narrador, no outro como poeta, serán fundamentais. As revistas da emigración, como *Galicia*, dirixida primeiro por Luís Seoane e despois polo propio Blanco-Amor, xogarán, así mesmo, un papel decisivo na concienciación galeguista e na difusión da cultura e da literatura galega do outro lado do Atlántico. Neste marco, sobrancean, por seleccionar algunas das más significativas, as figuras de Luís Seoane, Lorenzo Varela e Emilio Pita.

Seoane desenvolveu un labor inxente, tanto no ámbito editorial como no periodístico. Como dramaturgo e poeta, pero sobre todo nesta última faceta, que é a que nos interesa abordar neste tema, sitúase no ronsel da poesía civil, e nela ten un papel protagonista o tema da emigración, especialmente nos seus poemarios *Fardel de eisilado* (1952) e no serodio *A maior abundamento*, publicado en 1972. O afán por recuperar a memoria histórica de Galicia domina *Na brétema Sant-Iago* (1956), obxectivo este que tamén está presente en *As cicatrices*, un libro no que a voz civil e a función ideolóxica se fan, se cabe, máis evidentes. Pola súa parte, Emilio Pita cultiva tanto o ton épico e a temática civil, presente en *Jacobusland* (1942), como a dimensión sensual e esteticista das lúdicas *Cantigas para nenos* (1944) ou de *Os relembros. As cantigas* (1959), libro no que se manifesta, ademais, o tema da saudade polo paraíso perdido. En canto a Lorenzo Varela, a súa poesía é paradigma da literatura solidaria e

comprometida, formalmente moi coidada, tal como demostra o seu poemario *Lonxe* (1954).

En Galicia haberá que esperar a 1947 para ver aparecer a primeira publicación en galego, *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, a quen estudiamos xa no tema dedicado á poesía antes do 36, por iniciar daquela a súa producción. Este poemario adoita considerarse como o inicio do proceso de renovación do discurso literario galego de posguerra, aínda que antes aparecen algúns –moi poucos– textos literarios, de ton menor –*O mar, o amor, o vento e outros gozos*, de Ángel Sevillano (1938), ou *Brétemas mariñas*, de Celestino López Crespo (1946)–. A finais dos anos 40 comezan, así mesmo, a agromar revistas bilingües que xogarán un papel fundamental como vehículo de difusión para a nova poesía galega: é o caso de *Mensajes de poesía* (1948-1952) e de *Alba* (1948-1956), nas que publican tanto autores que xa escribiran antes da guerra –é o caso de Cunqueiro ou Pimentel– como poetas novos –Luz Pozo, por exemplo–. Así mesmo, a aparición por estes anos das primeiras iniciativas editoriais –como a Colección de Poesía Benito Soto, que publica entre 1940 e 1950– e o nacemento do suplemento semanal de cultura do xornal santiagués *La Noche*, en 1949, van impulsar a creación poética en galego, en canto serven como plataforma de presentación para os novos escritores. Con todo, será a fundación de Galaxia, en 1950, a que marque o punto de inflexión no proceso de reconstrucción cultural que Galicia tivo que abordar na posguerra. A editorial estréase coa publicación de *Antífona da cantiga*, un texto senlleiro dun escritor de enorme prestixio, Ramón Cabanillas, e puxo á disposición dos novos poetas coleccións como Illa Nova ou Salnés, nas que publicaron basicamente os autores da denominada “Xeración dos 50”.

Durante os anos que van dende o estoupidido da guerra civil ata 1975, ano no que, ademais do cambio político que supón o remate da dictadura, cos seus corolarios nas distintas facetas da vida social e humana, se produce un cambio na poesía galega que aínda hoxe está dando os seus froitos, aparecen no panorama poético galego distintas xeracións de autores. Da primeira delas, a denominada “Xeración do 36”, xa nos ocupamos en boa medida no tema dedicado á poesía producida antes da guerra civil, pois moitos dos seus membros empezan a súa producción antes dese tráxico acontecemento –caso de Iglesia Alvariño ou Cunqueiro–, aínda que, como tamén alí se sinalou, a obra destes continúa despois do enfrentamento civil. Aínda dentro desta xeración debemos estudiar, seleccionando entre un bo número de poetas, a obra de Xosé María Díaz Castro, autor dun único poemario, *Nimbos* (1961), marcado por un ton xeral

de desesperanza e dotado dunha sólida estructura poética, que o sitúa nas coordenadas da poesía do seu tempo, e dunha figura emblemática, tanto pola difusión que tivo a súa poesía civil como pola influencia que exerceu nos escritores das xeracións posteriores: Celso Emilio Ferreiro.

Aínda que normalmente se adscribe á Xeración do 36, Celso Emilio afastouse desta no que respecta á factura da súa poesía, pois mentres os seus coetáneos se ancoraron na relixiosidade, no clasicismo, no intimismo, no neotrobadorismo ou ben na poética existencial, liñas que dominaron na Galicia interior durante a recuperación da primeira posguerra, o poeta de Celanova, enlazando en boa medida coa veta satírica do seu paisano Curros e coa preocupación socio-política desenvolta no exilio, escribiu unha poesía de denuncia e de protesta, sen esquecer o intimismo, que constitúe unha importantísima veta do seu cerne poético. Celso Emilio é o poeta social de *Longa noite de pedra*, pero hai máis Celso Emilio, outro Celso Emilio que aínda está por recuperar.

O seu primeiro libro en galego, publicado tardíamente, aínda que se xestou moito antes, é *O sono sulagado* (1954), que contén o xermolo temático, as constantes e os símbolos que serán ampliados en sucesivos poemarios do autor e que definirán o conxunto da súa poética; non en van, esta obra transmite tanto o máis íntimo da persoa do poeta, incluídas as súas dolorosoas vivencias existenciais, como o seu profundo antibelicismo, que quedará definitivamente plasmado en *Longa noite de pedra* (1962), tal vez o seu poemario máis difundido e emblemático. Desenganado pola experiencia da emigración, que plasma no seu polémico e acedo *Viaxe ao país dos ananos* (1969), Celso Emilio tamén cultiva a súa veta satírica, sen réplica posible na denuncia da mesquindade humana, en textos posteriores, entre eles *Paco Pixiñas* (1970), *Cimenterio privado* (1973) ou *Antipoemas* (1972), un texto que foi prohibido pola censura. Unha textura moi diferente amósaa en *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), onde encontramos a Moraima, símbolo da serenidade, da luz, da liberdade.

Nados na década dos anos 20, os autores da denominada “Promoción de Enlace” actuarían como elo de unión entre a Xeración do 36 e a terceira das promocións desta etapa que estamos estudiando, a dos nados nos anos 30 ou nos comezos da década seguinte, a denominada “Xeración dos 50”. Dunha ampla nómina de poetas, que coñeceron a guerra nos anos da súa mocidade e que se incorporaron tardíamente, ás veces despois dunha ampla produción en castelán, á escrita en lingua galega, seleccionaremos dúas figuras que representan ben este período, marcado polo intimismo

da produción poética e polas influencias, nun momento de forte indixencia cultural, da poesía castelá: Antón Tovar e Luz Pozo.

Antón Tovar publicou desde 1962, data da aparición de *Arredores*, un bo número de poemarios en galego, entre os que destacan títulos tan significativos como *Calados esconxuros* (1980), *Berros en voz baixa* (1990) ou *A nada destemida* (1991). Caracterizados por unha boa formación nos clásicos, pola influencia de Celso Emilio e por unha magnífica bagaxe lingüística, os textos de Tovar destilan intimismo, reflictan a angustia que no poeta produce o paso dun tempo que todo o converte en cinza, en po, en nada, e dan conta da extrapolación desa dor íntima ós outros, ós desamparados, ós que sufren nunha realidade hostil.

En tanto a Luz Pozo, tras publicar, como o propio Tovar, distintos poemarios en castelán, inaugura a súa produción en galego con *O paxaro na boca* (1952), para continuar con textos da envergadura de *Concerto de outono* (1981) ou *Códice Calixtino* (1986), nos que amosa as influencias do impresionismo estético, así como da poesía desolada de Luís Pimentel, ademais de darlle cabida, en *Códice Calixtino*, a un intimismo esperanzado que ancora na transcendencia do ser humano.

Finalmente, na Xeración dos 50 contamos cunha ampla nómina de poetas que sufriron, non a guerra, pero si as súas consecuencias inmediatas. Herdeiros do legado dos homes de Galaxia, protagonizaron o nacemento do nacionalismo galego nos primeiros anos da década dos 60 e foron, así mesmo, figuras centrais de distintos acontecementos culturais promovidos por Galaxia e que tiveron en Ramón Piñeiro o seu principal mentor: a participación nas Festas Minervais, a colaboración no xornal vespertino *La Noche*, a publicación nas coleccións de Galaxia Illa Nova e Salnés ou a fundación, para os que coincidiron en Madrid, do grupo Brais Pinto. Coñecidos, polo menos para a súa primeira etapa poética, coa etiqueta “Escola da Tebra”, debido á actitude intimista e angustiada que destilan os seus poemarios, marcadamente influídos polo existencialismo que nos anos 50 penetra en España, seguirán despois distintas evolucións poéticas. *Muiñeiro de Brétemas* (1950), de Manuel María, e *Fabulario Novo* (1952), de Cuña Novás, marcan o inicio desta etapa, que non será, como dixemos, seguida en ulteriores textos e que tampouco está presente na poesía de todos os autores adscritos a esta xeración. Da ampla nómina de poetas, de gran altura literaria, que se integran neste período, moi espallados nas súas actividades posteriores, estudiaremos aqueles que se caracterizan por unha produción más ampla e regular: Manuel María, Uxío Nononeyra, Bernardino Graña, Antón Avilés de Taramancos, Salvador García-

Bodaño, Arcadio López-Casanova, Xohana Torres e Xosé Luís Méndez Ferrín, autor este último dun poemario, *Con pólvora e magnolias*, publicado en 1976, que é considerado pola crítica como unha das obras que marcan a ruptura coa tendencia social-realista que se implantara en Galicia nos anos finais da década dos 60 e nos primeiros 70, e que marcan, así mesmo, o comezo da nova poesía galega.

Enfrontámonos, finalmente, ós máis novos da poesía galega, con poetas que, da man dos seus mestres da Xeración dos 50 e apoiados nas poéticas dos que agora se erixen como primeiros mestres (os marxinados do 36 durante a etapa da poesía social), protagonizan o estoupidio da apertura técnico-temática do chamado “cambio de rumbo” de 1976. Este cambio foi á procura dunha nova poética, máis idónea para expresar as vivencias propias da entrada de Galicia no momento histórico da democracia burguesa e do remate de século. Polo común, nótase nestes autores unha vocación de universalidade moi estendida, que, por outra parte, é propia dos períodos nos que as liberdades volven estar presentes nun país, pero tamén unha vontade de avance profundamente modernizadora e de vanguarda, que enlaza coa liña poética galaica formulista, culturalista e vanguardista, continuando dende a posmodernidade a cadea que recolle as achegas más enriquecedoras dos cancioneiros, de Pondal, do simbolismo das vanguardas, de Manuel Antonio e das varias poéticas más innovadoras da época do Seminario de Estudos Galegos. Por outra parte, cómpre destacar a importancia que o traballo lingüístico adquire neste momento, no que a dimensión estética da lingua é cada vez unha vivencia más natural, menos constrinxida por uns obxectivos políticos, cando menos nos autores máis novos. É o momento, polo tanto, de estudiar as personalidades que integran a denominada “Xeración dos 70-80”, que tradicionalmente se veñen agrupando por núcleos xeográficos (coruñés, vigués e compostelán), ademais das figuras que dende o principio se viñeron significando pola súa independencia, pola non adscrición a ningún grupo poético concreto. Por outra parte, deberemos abordar o estudio de dous fenómenos de signo contraposto que contribuíron ó agromar poético do que se chegou denominar “Idade de Prata” da literatura galega. Son estes movementos un de carácter subversivo e outro de tipo integrador; o primeiro levou a poesía polo camiño da procura rupturista, e foi protagonizado polos máis radicais ideolóxica e politicamente falando; o segundo conduciu a poesía pola vía da institucionalización, a través, fundamentalmente, da política dos premios e do proteccionismo político e de distintas corporacións culturais. Neste panorama haberá que analizar a proliferación de premios, xa institucionais, xa debidos á iniciativa privada, e a consolidación de revistas

como *Nordés* ou *Dorna*, observando, asemade, a progresiva normalización da producción poética en Galicia dende o punto de vista social e cultural.

BIBLIOGRAFÍA

EDICIÓNS DE TEXTOS

A POESÍA NO EXILIO

LUÍS SEOANE

Eiroa, B.-Moure, C., *Fardel de eisilado. Na brétema Sant-Iago. Poesía Completa I*, Xerais, Vigo, 1989.

—, *As cicatrizes. A maior abondamento. Poesía Completa II*, Xerais, Vigo, 1990.

Seoane, L., *Obra poética*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1977.

LORENZO VARELA

Alonso Montero, X., *Lorenzo Varela. Dez poemas*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1988.

López Bernárdez, X. C., *X. Lorenzo Varela. Poesía galega*, Xerais, Vigo, 1990.

EMILIO PITA

Pita, E., *Jacobusland*, Buenos Aires, 1942 [edición facsimilar, Do Castro, Sada, A Coruña, 1972].

O LENTO REXURDIR EN GALICIA

A XERACIÓN DO 36

XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO³⁷

Díaz Castro, X. M., *Nimbos*, Galaxia, Vigo, 1961.

³⁷ Para a obra e bibliografía relativa a Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro e Ricardo Carballo Calero, véxase o tema 9 deste programa docente.

CELSO EMILIO FERREIRO

Alonso Montero, X., *Celso Emilio Ferreiro. Obra Completa*, Akal, Madrid, 1978-1981, 3 vols. [3^a ed.].

Álvarez Cáccamo, X. M., *Celso Emilio Ferreiro. Longa noite de pedra*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1985 [2^a ed.].

—, *Celso Emilio Ferreiro. Onde o mundo se chama Celanova*, Xerais, Vigo, 1992.

Ferreiro, C. E., *Viaxe ao país dos ananos*, Xerais, Vigo, 1989 [1^a ed., El Bardo, Barcelona, 1968].

—, *Terra de ningures*, Xistral, Monforte de Lemos, 1969.

—, *Paco Pixiñas*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1970.

—, *Antipoemas*, Colección Álamo de Poesía, Salamanca, 1972.

—, *Cimenterio privado*, Roi Xordo, Xenebra, 1973.

—, *Longa noite de pedra*, Castrelos, Vigo, 1975.

—, *O soño sulagado*, Akal, Madrid, 1975.

—, *Onde o mundo se chama Celanova*, Editora Nacional, Madrid, 1975.

Fonte, R., *Celso Emilio Ferreiro. O sono sulagado*, Xerais, Vigo, 1991.

García Teixeiro, A., *Celso Emilio Ferreiro. Antoloxía*, Xerais, Vigo, 1989.

Navaza, G., *Celso Emilio Ferreiro. Longa noite de pedra*, Xerais, Vigo, 1992 [1^a ed., 1990].

A PROMOCIÓN DE ENLACE

ANTÓN TOVAR

Tovar, A., *Poesía galega completa*, Akal, Madrid, 1974.

—, *Calados esconxuros*, Xerais, Vigo, 1980.

—, *Berros en voz baixa*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1990.

—, *A nada destemida*, Galaxia, Vigo, 1991.

LUZ POZO

Blanco, C., *Luz Pozo Garza. Códice Calixtino*, Xerais, Vigo, 1991.

Moreiras, E., *Luz Pozo Garza. Concerto de outono*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1981.

Pozo Garza, L., *O paxaro na boca*, Xistral, Lugo, 1952.

—, *Verbas derradeiras / últimas palabras*, Nordés, A Coruña, 1976.

—, *Concerto de outono*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1981.

—, *Códice Calixtino*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1986.

A XERACIÓN DOS 50

MANUEL MARÍA

Dobarro, X. M., *Manuel María. Terra Cha*, Xerais, Vigo, 1989.

García Negro, P.-Mato Fondo, M. A., *Manuel María. Andando a terra (1977-1087). Escolma*, A Nosa Terra, Vigo, 1990.

Fernández Teixeiro, M. M. (Manuel María), *Muiñeiro de brétemas*, Benito Soto, Pontevedra, 1950.

—, *Morrendo a cada intre*, Voz de la Verdad, Lugo, 1952.

—, *Advento*, Ediciós Galicia, Buenos Aires, 1954.

—, *Mar maior*, Galaxia, Vigo, 1963.

—, *Noventa e nove poemas (1950-1970)*, Razão actual, Porto, 1972.

—, *Obra poética completa*, A Coruña, 1991, 2 vols.

UXÍO NOVONEYRA

Blanco, C.-Rodríguez Fer, C., *Uxío Novoneyra. Os eidos*, Xerais, Vigo, 1990.

Novoneyra, U., *Elexías do Caurel e outros poemas*, Adonais, Madrid, 1966.

—, *Poemas caligráficos*, Brais Pinto, Madrid, 1979.

—, *Muller pra lonxe*, Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1986.

—, *Do Courel a Compostela*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1988.

—, *Tempo de elexía*, Vía Láctea, A Coruña, 1992.

BERNARDINO GRAÑA

Graña, B., *Poema dun home que quixo vivir*, Brais Pinto, Madrid, 1958.

—, *Profecía do mar*, Galaxia, Vigo, 1966 [2^a ed., Algalia, A Coruña, 1985].

- , *Se o noso amor e os peixes ...*, Xerais, Vigo, 1981.
- , *Sima-cima do voar do tolo*, Algalia, A Coruña, 1984.
- , *Himno verde*, Espiral Maior, A Coruña, 1992.
- , *Ardentia. Obra poética completa*, A Coruña, 1995.
- Millán Otero, X. M., *Bernardino Graña. Profecía do mar*, Xerais, Vigo, 1995.

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

- Araguas, V., *Xosé Luís Méndez Ferrín. O fin dun canto*, Xerais, Vigo, 1995.
- Blanco, C.-Rodríguez Fer, C., *X. L. Méndez Ferrín. Con pólvora e magnolias*, Xerais, Vigo, 1991 [4^a ed.].
- Méndez Ferrín, X. L., *Voce na néboa*, Alba, Vigo, 1957.
- , *Antoloxía popular de Heriberto Bens*, Patronato da Cultura Galega, Montevideo, 1972.
- , *Con pólvora e magnolias*, Rompente, Santiago de Compostela, 1976.
- , *Poesía enteira de Heriberto Bens*, Xerais, Vigo, 1980.
- , *O fin dun canto*, Nós, A Coruña, 1982.

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

- Avilés de Taramancos, A., *As moradías do vento*, separata de *Atlántida*, A Coruña, 1555.
- , *Afrauta y-o garamelo*, Moret, A Coruña, 1959.
- , *O tempo no espello*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1982.
- , *Cantos caucanos*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1985; agora tamén en Xerais, Vigo, 2003.
- , *As torres no ar*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1989.
- , *Última fuxida a Harar*, Espiral Maior, A Coruña, 1993.

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

- García-Bodaño, S., *Ao pé de cada hora*, Galaxia, Vigo, 1967 [2^a edición, con variantes, 1980].
- , *Tempo de Compostela*, Do Cerne, Santiago de Compostela, 1979.

ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA

- López-Casanova, A., *Memoria dunha edá (1960-1975)*, Galaxia, Vigo, 1963.
- , *Sonetos da espranza presentida*, Lugo, 1965.
- , *Palabra de honor*, Galaxia, Vigo, 1967.
- , *Mesteres*, Lindes, Valencia, 1976.
- , *Liturxia do corpo*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1983.

XOHANA TORRES

- Torres, X., *Do sulco*, Galaxia, Vigo, 1957.
- , *Estación ao mar*, Galaxia, Vigo, 1980.
- , *Tempo de Ría*, Espiral Maior, A Coruña, 1992.

ESTUDIOS

- Alonso Montero, X., *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*, Ciencia Nueva, Madrid, 1968.
- , “La literatura gallega del exilio de 1939”, *Camp de l'arpa*, 75, 1980, pp. 27-37.
- , *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados...*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1981.
- , “Manifestos” en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da posguerra na Galicia da terra e na Galicia emigrante, Real Academia Galega, A Coruña, 1993.
- , *Lingua e literatura galega na Galicia emigrante*, Xunta de Galicia, A Coruña, 1995.
- , *Os poetas galegos e Franco*, Akal, Madrid, 1997.
- , *Os poetas con Federico García Lorca e coa España Republicana (Buenos Aires, 1937)*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1998.
- Álvarez Cáccamo, X. M.-Vilanova, M., “Panorama de la poesía gallega de posguerra”, *Camp de l'arpa*, 75, 1980, pp. 38-43.

- Axeitos, X. L., “A poesía nos últimos trinta anos”, *Colóquio / Letras*, 137-138, 1995, pp. 163-176.
- , “La poesía de los ochenta en el discurso literario finisecular”, *Ínsula*, 629, 1999, pp. 16-22.
- Blanco, C., *Libros de mulleres (Para unha bibliografía de escritoras en lingua galega: 1863-1992)*, Do Cumio, Vigo, 1994.
- Cabana, D. X., “Poesía galega no 70, cara ó 71”, *Galicia ano 70*, Celta, Lugo, 1971.
- Cochón Otero, I., “Dicción, contradicción e nación: a incorporación do mundo no discurso poético último”, *Grial*, 140, 1998, pp. 717-730.
- , “A poesía de fin de milenio: o reaxuste dos anos noventa”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXIII. O século XX. A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 366-417.
- Costa Clavell, X., *Literatura gallega actual*, Editora Nacional, Madrid, 1957.
- Dasilva, X. M., “Do epigonismo da poesía social-realista ós inicios da renovación estética”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXIII. O século XX. A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 242-283.
- Domínguez Rey, A., “Última poesía gallega”, *Zurgai. Poesía gallega*, 1993, pp. 64-70.
- Dorna*, 1, 1981.
- Fernández, C. (coord.), *La llengua y la literatura gallegues als inicis del Tercer Ressorgiment (1976-2000)*, Xunta de Galicia-Cursos de Lingua e Cultura Galegas, Terrasa, 1999.
- Fernández del Riego, F., *O río do tempo. Unha historia vivida*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1990.
- , *A Xeración Galaxia*, Galaxia, Vigo, 1996.
- Fernández Teixeiro, M. M. (Manuel María), “Noticia da poesía galega de posguerra”, *Língua e Cultura*, 1, 1972.
- Franco Grande, X. L., *Os anos escuros. I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-1960)*, Xerais, Vigo, 1985.
- González Fernández, H., “Poesía gallega desde 1975 hasta hoy: entre la palabra y la realidad”, *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, 5, 1998, pp. 263-275.

González Martín, J. P., *Ensayo sobre la poesía gallega contemporánea*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1972.

González-Millán, X., *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*, Xerais, Vigo, 1994.

González Xil, X. M., “As relacións literatura-arte”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXIII. O século XX. A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 420-439.

Lema, C., “A poesía galega e o mundo editorial”, *Dorna*, 24, 1998, pp. 81-84.

Maceira Fernández, X. M., *A literatura galega no exilio. Consciencia e continuidade cultural*, Do Cumio, Vigo, 1995.

Martínez López, R., *A literatura galega no exilio*, Fundación Otero Pedrayo, Trasalba, 1987.

Mato Fondo, M. A., *A mazá e a cinza (a poesía galega após 1976)*, Do Cumio, Vilaboa, 1991.

Méndez Ferrín, X. L., *De Pondal a Novoneyra*, Xerais, Vigo, 1984.

Molina, C. A., *La poesía gallega durante el franquismo*, Mensajero, Bilbao, 1977.

Monteagudo, H., “Dez anos de poesía galega: 1975-1985”, *Grial*, 89, 1985, pp. 268-297.

Nogueira, M. X., “Poesía galega dos oitenta”, *Boletín Galego de Literatura*, 18, 1997, pp. 57-84.

—, “Do Fonema á Paisaxe. O discurso metalingüístico na poesía galega dos noventa”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 1061-1077.

—, “A poesía de fin de milenio: os anos oitenta”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXIII. O século XX. A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 290-363.

Noia Campos, M. C., *Palabra de muller*, Xerais-Concello de Vigo, Vigo, 1992. *Nordés*, 1, 1980.

Novo, O., *Por un vocabulario galego do sexo. A terminoloxía erótica de Claudio Rodríguez Fer*, Positivas, Santiago de Compostela, 1996.

Pena, X. R., “Sobre a nova poesía galega, outra volta”, *Nó*, 2, 1987, pp. 23-26.

Raña, R., *A noite das palabras. Unha aproximación á poesía galega de posguerra*, Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1996.

- , “A xeración da República. Promoción de enlace”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXIII. O século XX. A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 114-199.
- , “A xeración dos 50 e a posía social”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXIII. O século XX. A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 202-239.
- Rodríguez Fer, C., “Nueva poesía gallega”, *Los Cuadernos del Norte*, 3, 1986, pp. 108-109.
- , “A literatura galega, en Galicia, durante a guerra civil”, *Boletín Galego de Literatura*, 3, 1990, pp. 49-63.
- , “Entrevistas bélicas con Castelao”, *A Trabe de Ouro*, 5, 1991, pp. 111-117.
- , “Panorama da poesía galega”, *Iberorromania*, 34, 1991, pp. 32-40.
- , “Guerra e literatura no bando republicano (1936-1939)”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, 1992, pp. 11-43.
- , *A literatura galega durante a guerra civil*, Xerais, Vigo, 1994.
- , “Panorama da poesía galega”, *La poesía nueva en el mundo hispánico. Los últimos años*, Visor, Madrid, 1994, pp. 55-64.
- , *Acometida atlántica. Por un comparatismo integral*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1996.
- , “Escritores gallegos ante a guerra civil”, *Proxecto Galicia. Literatura. XXXIII. O século XX. A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, coordinado por A. Tarrío, Hércules de Ediciones, A Coruña, 2000, pp. 26-109.
- Rodríguez Gómez, L., “Una introducción a la poesía gallega de los 80”, *Litoral. Poesía gallega contemporánea*, 1996, pp. 36-47.
- Seara, T., “A diversificación da poética intimista no período 1985-1997”, *Grial*, 140, 1998, pp. 731-744.
- , “Crear o mundo en feminino. A poesía escrita por mulleres nos anos oitenta e noventa”, *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, coordinadas por L. Alonso Girgado, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998, pp. 401-408.
- Siles, J., “Dinámica poética de la última década”, *Revista de Occidente*, 122-123, 1991, pp. 149-169.
- Vilavedra, D., “Algunhas calas no discurso metaliterario galego nos 80 e nos 90”, *Cinguidos por unha arela comín. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición

coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 1563-1575.

Villar, M., “A poesía galega na fin do segundo milenio (1976-1998)”, *Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa*, coordinadas por L. Alonso Girgado, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998, pp. 213-228.

VV. AA., *Os anos despois (1936-1953)*, A Nosa Terra, Vigo, 1987.

—, *Poesía última 1985-1998, Grial*, 140, 1999.

LUÍS SEOANE

Alonso Montero, X., “Luís Seoane: Lembranza no terceiro cabodano”, *La Voz de Galicia*, 1 de abril, 1982.

—, *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane*, Xerais, Vigo, 1994.

—, (coord.), *Día das Letras Galegas. Luís Seoane (1910-1979)*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1994.

— (ed.), *Día das Letras Galegas. Luís Seoane*, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1994.

Alonso Montero, X.-Santidrián Arias, V., *1936: Seoane e os poetas fronte á sublevación*, Do Castro, Santiago de Compostela, 2000.

Axeitos, X. L. (ed.), *Luís Seoane. Tres hojas de ruda y un ajo verde o las narraciones de un vagabundo*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1996.

Axeitos, X. L.-Seoane, X. (coords.), *Luís Seoane e o libro galego na Arxentina (1937-1978)*, Deputación da Coruña, A Coruña, 1994.

Cuba, X., *Luís Seoane. A forma da patria*, Espiral Maior, A Coruña, 1994.

Díaz, X., *Luís Seoane. A forxa da modernidade*, Vía Láctea, A Coruña, 1994.

Fernández del Riego, F., *Luís Seoane desde a memoria*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1994.

González, H., *Luís Seoane: vida e obra*, Galaxia, Vigo, 1994.

González Fernández, H., “Figuras femininas na obra literaria de Luís Seoane”, *Cinguidos por unha arela comín. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 655-664.

Loureiro Rey, M., “En el segundo aniversario de Luís Seoane”, *Hoja del lunes*, 13 de abril, 1981.

Pena, X. R., “Na Galiza de Alén-Mar: Lorenzo Varela e Luís Seoane”, *La Voz de Galicia*, Suplemento de Cultura, 20 de maio, 1979.

Pozo Garza, L., “Un libro de poemas de Luís Seoane”, *Grial*, 50, 1975, pp 458-474.

—, *Galicia ferida. A visión de Luís Seoane*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1994.

Seoane, L., *Comunicacións mesturadas*, Galaxia, Vigo, 1973.

Seoane, X., “O dobre exilio: Luís Seoane”, *La Voz de Galicia*, Suplemento de Cultura, 12 de abril, 1984.

—, *A voz dun tempo. Luís Seoane: o criador total*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1994.

Sobrino Manzanares, M. L., “Luís Seoane ou a interpretación das artes”, *Grial*, 59, 1978, pp. 1-7.

Varela Iglesias, X. L. (ed.), *A literatura no exilio galego en América*, Fundación Alfredo Brañas, Santiago de Compostela, 1995.

VV. AA., *Homenaxe a Luís Seoane*, *Grial*, 65, 1979.

—, *Luís Seoane. Unha fotobiografía*, Xerais, Vigo, 1994.

—, *Luís Seoane. Compromiso e paixón creadora*, A Nosa Cultura, 4, A Nosa Terra, Vigo, 1985.

—, *Homenaxe a Luís Seoane*, A.C.G. “Rosalía de Castro”, Cornellá, 1995.

LORENZO VARELA

Dieste, R., “Limiar”, *Lorenzo Varela. Poesía*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1979.

Pena, X. R., “Na Galiza de Alén-Mar: Lorenzo Varela e Luís Seoane”, *La Voz de Galicia*, Suplemento de Cultura, 20 de maio, 1979.

Rodríguez Fer, C., “Escritos de combate de Lorenzo Varela”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 1321-1343.

Salgado, F., *Lorenzo Varela: crónica dunha vida atormentada*, Do Castro, Sada, A Coruña, 1995.

Seoane, L., “Lorenzo Varela”, *Grial*, 64, 1979, pp. 232-237.

**O LENTO REXURDIR EN GALICIA
A XERACIÓN DO 36
XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO**

Blanco Torrado, A., *A ascensión dun poeta. Xosé María Díaz Castro*, Fundación Caixa Galicia, Lugo, 1995.

Franco Grande, X. L., “Díaz Castro, nesta obra”, *Grial*, 6, 1964, pp. 512-518.

López Mejuto, M. M., “Algo sobre o pensamento de Díaz Castro en *Nimbos*”, *Grial*, 61, 1978, pp. 367-369.

Lugrís, R., “Notas a *Nimbos*, de Díaz Castro”, *La Noche*, 19 de novembro, 1961.

Méndez Ferrín, X. L., “Homenaxe a Díaz Castro”, *Faro de Vigo*, 30 de abril, 1990.

Requeixo, A., “A poesía de Xosé María Díaz Castro: prehistoria de *Nimbos*”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 1247-1259.

Río Díaz, R., “25 anos á luz dos “nimbos” de Xosé María Díaz Castro”, *A Nosa Terra*, 6 de novembro, 1986.

Rodríguez Fer, C., “Díaz Castro dende o frío”, *Dorna*, 17, 1991, pp. 19-22.

Salgado, X. M., “Díaz Castro e *Dorna*. A creba dun silencio”, *Dorna*, 17, 1991.

VV. AA., *Homenaxe a X. M. Díaz Castro*, Asociación Cultural Xermolos, Guitiriz, Lugo, 1987.

CELSO EMILIO FERREIRO

Alonso Montero, X., “Diez años de *Longa noite de pedra*”, *Triunfo*, 507, 1972, Madrid.

—, *Celso Emilio Ferreiro. Estudio*, Júcar, Madrid, 1982.

Álvarez, R. (coord.), *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1992, 2 vols.

Anta Anta, J., *Celso Emilio Ferreiro en Longa noite de pedra*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1977 [memoria de licenciatura inédita].

- Borreguero, M. A., *A poesía de Celso Emilio Ferreiro*, Galaxia, Vigo, 1982.
- , “Galicia na poesía de Celso Emilio Ferreiro”, *Grial*, 66, 1979, pp. 401-412.
- Bouza Álvarez, F., “Pra ler de vagar a Celso Emilio Ferreiro”, *La Voz de Galicia*, Suplemento de Cultura, 28 de setembro, 1980.
- Cabana, D., “Na morte de Celso Emilio”, *A Nosa Terra*, 73, 1979.
- Fernández Teixeiro, M. M. (Manuel María), “A poesía galega de Celso Emilio Ferreiro”, *Grial*, 6, 1964, pp. 495-507.
- Ferreiro, C. E., “Verbas limiares”, *Autoescolha poética*, Razão actual, Porto, 1972, pp. 27-31.
- Ginferrer, P., “A poesía de Celso Emilio Ferreiro”, *Dorna*, 15, 1989, pp. 61-62.
- Lienard, C., *La poesía de Celso Emilio Ferreiro*, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1977 [memoria de licenciatura inédita].
- López-Casanova, A., “Sistema epocal e poética de razón histórica (Sobre a situación de Celso Emilio Ferreiro na lírica galega)”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 829-843.
- Nicolás, R., *Guías de lectura. O soño sulagado, de Celso Emilio Ferreiro*, Do Cumio, Vigo, 1992.
- Oreiro, X., *Celso Emilio Ferreiro. O home e a obra*, Do Cumio, Vigo, 1995.
- Porteiro, M. X.-Perozo, X. A., *Celso Emilio Ferreiro. Compañero do vento e das estrelas*, Akal, Madrid, 1981.
- Roig Rechou, B.-A., “Bio-bibliografía de Celso Emilio Ferreiro”, *Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, Boletín Galego de Literatura*, 1, 1989, pp. 113-138.
- Seixas Seoane, M.-A. (coord.), *Celso Emilio Ferreiro (1912-1979). Unha fotobiografía*, Xerais, Vigo, 1989.
- Tarrío Varela, A., “Ler todo Celso Emilio”, *Hoja del lunes*, 23 de marzo, 1981.
- Vidal Villaverde, M., “Concordancias entre *Tirano Banderas* e *Viaxe ao país dos ananos*”, *A Trabe de Ouro*, 25, 1996, pp. 71-74.
- VV. AA., *Día das Letras Galegas. Celso Emilio Ferreiro*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1989.
- , *Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, Boletín Galego de Literatura*, 1, 1989.
- , *Voz e voto. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro*, Patronato Curros Enríquez, Celanova, 1991.

—, *Celso Emilio Ferreiro. Común temos a patria*, A Nosa Cultura, 11, A Nosa Terra, Vigo, 1989.

A PROMOCIÓN DE ENLACE ANTÓN TOVAR

Alonso Montero, X., “Cronoloxía biográfica, Bibliografías e Escolma de xuicios”, *Poesía galega completa*, Akal, Madrid, 1974.

Catoira, M., “Os *Calados esconxuros* de Antón Tovar”, *La Voz de Galicia*, 11 de outubro, 1984.

Fernández Teixeiro, M. M. (Manuel María), “Homenaxe ao poeta Antón Tovar”, *El Correo Gallego*, 1 de decembro, 1991.

Lezcano, A., “El tren de Tovar e todos nós”, *La Voz de Galicia*, Cuaderno de Cultura, 9 de febreiro, 1984.

Losada Castro, B., “*Non, por Antonio Tovar*”, *Grial*, 19, 1968, pp. 104-107.

Montes, X. L., “El poeta Antonio Tovar triunfador de los juegos florales Marianos de Orense”, *La Noche*, 5 de xuño, 1954.

Tarrío Varela, A., “Consideracións semiolóxicas arredor da poesía de Antonio Tovar”, *Grial*, 57, 1977, pp. 273-297.

—, “Limiar”, *Antón Tovar. Calados esconxuros*, Xerais, Vigo, 1981, pp. 11-21.

—, “*Deluvei os ollos*, de Antón Tovar. Para unha semiótica da angustia”, *Grial*, 83, 1984, pp. 41-59.

Vilas Losada, D., “*Diario sin datas*, por Antón Tovar”, *Grial*, 97, 1987, pp. 378-380.

LUZ POZO

Alonso Montero, X., “Resposta”, en L. Pozo Garza, *Diálogos con Rosalía*, Real Academia Galega, A Coruña, 1996, pp. 133-146.

Barros, T., “La imagen espacial en la poesía de Pozo Garza”, *Grial*, 44, 1974, pp. 222-232.

Blanco, C., *Literatura galega da muller*, Xerais, Vigo, 1991, pp. 111-120, 295-346.

- , “Códice Calixtino de Luz Pozo Garza”, *Literatura galega do século XX. Comentario de textos para COU*, Galaxia, Vigo, 1992, pp. 93-109.
- , “Nais de tinta: Dora e Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e Pilar Vázquez Cuesta”, *Unión libre*, 1, 1996, pp. 67-130.
- , “Luz Pozo Garza falando a Rosalía: escribir coa tinta da nai”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 185-201.
- Conchado, D., “Escrita como re-visión: as “Verbas a Rosalía” de Luz Pozo Garza”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1992, 1993, pp. 123-135.
- Fernández Costas, X. M.-Rabunhal, H., *Luz Pozo. Curso do Orientación Universitaria*, Bahia, A Coruña, 1993.
- García Bayón, C., “Perfiles y confesiones”, entrevista con Luz Pozo, *La Voz de Galicia*, 15 de decembro, 1991.
- González, H., *Códice Calixtino*, Xerais, Vigo, 1997.
- Lorenzana, S., “Códice Calixtino, por Luz Pozo Garza”, *Grial*, 96, 1987, pp. 242-243.
- March, K. M., “Rosalía de Castro como punto de referencia ideolóxico-literario nas escritoras galegas”, *Actas do Congreso Internacional de Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo (Santiago de Compostela, 15-20 de xullo de 1985)*, Consello da Cultura Galega-Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1986, vol. I, pp. 283-292.
- , “Códice Calixtino, de Luz Pozo Garza: unha leitura concéntrica”, *Agália*, 12, 1987, pp. 395-405.
- Panero, C., *Guías de lectura. Códice Calixtino, de Luz Pozo Garza*, Do Cumio, Vilaboa-Pontedeva, 1993.
- Pozo Garza, L., “Intimismo e reflexión social”, *Nordés*, 4, 1976, p. 17.
- , “Autopoética”, *Boletín Galego de Literatura*, 2, 1989, p. 129.
- , *Diálogos con Rosalía*, Real Academia Galega, A Coruña, 1996, pp. 5-131.
- Raña, R., “Nova edición de Códice Calixtino. Notas sobre Luz Pozo Garza”, *Diario 16 de Galicia*, Galicia Literaria, 25 de xaneiro, 1992.
- Sanmartín, A., *Códice Calixtino. Luz Pozo Garza*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1994.

A XERACIÓN DOS 50

MANUEL MARÍA

- Caño, X. M. del, *Conversas con Manuel María*, Xerais, Vigo, 1990.
- García, X. L., *Lectura e itinerario posíbel pola Terra Cha de Manuel María*, Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994.
- López, A. R., “Manuel María mira a Florencia cos ollos bretemosos de Galicia”, *El Correo Gallego*, 9 de xuño, 1993.
- Mato, M., “*Muiñeiro de brétemas*, de Manuel María”, *Luzes de Galicia*, 12, 1988, p. 54.
- Xiz, X. (coord.), *Manuel María da Terra Cha*, Citania, Lugo, 1996.

UXÍO NOVONEYRA

- Castro, I. (ed.), *Neste silencio. Arredor de Uxío Novoneyra*, Noitarenga, Santiago de Compostela, 2000.
- García Devesa, C., “O orientalismo en Novoneyra”, *Grial*, 106, 1990, pp. 204-217.
- López García, A., *Os camiños do soño. A poesía de Uxío Novoneyra*, Do Cumio, Vigo, 1993.
- Rodríguez Fer, C., “O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra. Incursión ao nivel fónico da obra literaria”, *Grial*, 68, 1980, pp. 144-160.
- , “Elementos de fonoestilística: a prosa de Fole e a poesía de Novoneyra”, *Grial*, 89, 1985, pp. 354-361.
- , “Fonoestilística da poesía de Novoneyra”, *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Xerais, Vigo, 1989, pp. 99-128.
- Tarrío Varela, A., “O iceberg poético de Novoneyra”, *De letras e de signos. Ensaios de semiótica e crítica literaria*, Xerais, Vigo, 1987, pp. 168-170.

BERNARDINO GRAÑA

- García-Bodaño, S., “Bernardino Graña exalta la faceta recia y optimista de la poesía gallega”, *La Noche*, 15 de maio, 1962.

Graña, B., “Autopoética”, *Boletín Galego de Literatura*, 21-22, 1999, pp. 141-143.

Rodríguez Fer, C., “O ritmo simbólico na poesía de Bernardino Graña”, *Grial*, 70, 1980, pp. 472-476.

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

Angueira, A., *Con pólvora e magnolias de Xosé Luís Méndez Ferrín*, Do Cumio, Vilaboa-Pontevedra, 1992.

Beiras, X. M., “Retorno a Méndez Ferrín”, *La Voz de Galicia*, Suplemento de Cultura, 16 de decembro, 1982.

Blanco, C., “A espiral permanente: aproximación á figura literaria de X. L. Méndez Ferrín”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, 1993, pp. 11-45.

Dourado Deira, M., “Sen pólvora e con magnolias”, *Encrucillada*, 52, 1987, pp. 170-174.

Hermida, M., “*O fin dun canto*, a proba innecesaria de que Méndez Ferrín é un poeta”, *Faro de Vigo*, 2 de setembro, 1983.

Lillo Redonet, F., “A cultura antiga como fonte de inspiración dos poetas galegos”, *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, edición coordinada por R. Álvarez e D. Vilavedra, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 1999, vol. II, pp. 781-793.

Méndez Ferrín, X. L. “Autopoética”, *Boletín Galego de Literatura*, 7, 1992, pp. 149-154.

Rodríguez Fer, C., “Xosé Luís Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias / Poesía enteira de Heriberto Bens*”, *Colóquio / Letras*, 58, 1980.

—, “Poesía enteira de Heriberto Bens”, *Grial*, 71, 1981, pp. 115-118.

—, “Cunqueiro e Ferrín na tradición europea”, *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Xerais, Vigo, 1989, pp. 214-247.

—, “Ferrín e Arcadio no cambio de rumbo de 1976”, *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Xerais, Vigo, 1989, pp. 249-274.

Salgado, X. M., “O devalar poético de X. L. Méndez Ferrín”, *Grial*, 88, 1985, pp. 171-178.

Salgado, X. M.-Casado, X. M., *X. L. Méndez Ferrín*, Sotelo Branco, Barcelona, 1989.

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

Agrelo Hermo, X.-Sampedro Martínez, P., *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos*, Toxosoutos, Muros, 1995.

Álvarez Cáccamo, X. M., *Antón Avilés de Taramancos*, A Nosa Terra, Vigo, 2002.

Arxóns Álvarez, M. D.-Agrelo Hermo, X. L., *Antón Avilés de Taramancos. Unha fotobiografía (1935-1992)*, Consello da Cultura Galega-Xerais, Vigo, 2003.

Avilés de Taramancos, “Autopoética”, *Boletín Galego de Literatura*, 21-22, 1999, p. 38.

VV. AA., *Día das Letras Galegas 2003. Avilés de Taramancos*, Departamento de Filoloxía Galega, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2003.

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

Carro, X., “A construcción imaxinaria na poesía de Salvador García-Bodaño”, *Grial*, 96, 1987, pp. 173-184.

ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA

López-Casanova, A., “Nota previa”, *Los Cuadernos del Norte*, 1986, p. 120.

—, “Autopoética”, *Boletín Galego de Literatura*, 4, 1990, pp. 137-140.

Rodríguez Fer, C., “A recorrenza na poesía de López-Casanova”, *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Xerais, Vigo, 1989, pp. 129-158.

—, “Ferrín e Arcadio no cambio de rumbo de 1976”, *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Xerais, Vigo, 1989, pp. 249-274.

XOHANA TORRES

Blanco, C., “A poesía de Xohana Torres”, *Festa da palabra silenciada*, 4, 1987, pp. 11-16; posteriormente en *Literatura galega da muller*, Xerais, Vigo, 1991, pp. 120-138.

Novo, O., “A voz interna, commovida, última. Análise temática da obra de Xohana Torres”, *Unión libre*, 1, 1996, pp. 131-147.

VV. AA., *Xohana Torres, Festa da Palabra Silenciada*, 4, 1987.

IV. O SÉCULO XX

TEMA 17. A PROSA. DE 1936 Á ACTUALIDADE

1. O período 1936-1975.

1.1. As grandes individualidades.

1.1.1. Álvaro Cunqueiro. Beber auga, beber soños.

1.1.1.1. *Merlín e familia e outras historias*: a galeguización da materia de Bretaña.

1.1.1.2. *As crónicas do sochantedre*: a dimensión escatolóxica.

1.1.1.3. *Si o vello Sinbad volvese ás illas*: o soño como metáfora da condición humana.

1.1.1.4. As galerías de tipos: *Escola de menciñeiros, Xente de aquí e de acolá, Os outros feirantes*.

1.1.1.5. O encanto do folclore: *Tesouros novos e vellos*.

1.1.2. Ánxel Fole. Ancestrais costumes, máxicas cosmovisións.

1.1.2.1. *Á lus do candil, Terra brava*: os relatos do Courel.

1.1.2.2. *Contos da néboa*: os escenarios urbanos.

1.1.2.3. A recompilación dunha escrita: *Historias que ninguén cre*.

1.1.3. Eduardo Blanco-Amor.

1.1.3.1. Os primeiros textos: *Os nonnatos, A escadeira de Jacob*.

1.1.3.2. *A esmorga*: a traxedia nos arrabaldes de Auria.

1.1.3.3. *Xente ao lonxe*: Auria, circa 1910.

1.1.3.4. O relato: *Os biosbardos*.

1.1.4. Xosé Neira Vilas.

1.1.4.1. A glosa do mundo rural e da emigración: *Memorias dun neno labrego, Cartas a Lelo, Aqueles anos do Moncho, Querido Tomás*.

1.1.4.2. As coleccións de relatos: *Xente no rodicio, A muller de ferro*.

1.1.4.3. Outros textos.

1.1.5. Ricardo Carballo Calero: *A xente da Barreira, Scórpio*.

1.2. A denominada “Nova Narrativa”.

1.2.1. González Rodríguez Mourullo: *Nasce un árbore, Memorias de Tains*.

1.2.2. Xosé Luís Méndez Ferrín: un universo narrativo total.

1.2.2.1. As coleccións de relatos: *Percival e outras historias*, *O crepúsculo e as formigas*, *Elipsis e outras sombras*, *Crónica de Nós*, *Amor de Artur*, *Arnoia, Arnoia, Arraianos*.

1.2.2.2. A novela: *Arrabaldo do norte*, *Retorno a Tagen-Ata*, *Bretaña, Esmeraldina*.

1.2.3. María Xosé Queizán: *A orella no buraco*.

1.2.4. Camilo González Suárez-Llanos: *Lonxe de nós e dentro*, *Como calquera outro día*, *Cara a Times Square*, *A desfeita: semirreportaxe*.

1.2.5. Carlos Casares.

1.2.5.1. *Vento ferido*.

1.2.5.2. A transición entre nova narrativa e novela posfranquista: *Cambio en tres*, *Xoguetes para un tempo prohibido*.

1.2.5.3. Un modo novo de narrar: *Os escuros soños de Clío*, *Ilustríssima*, *Os mortos daquel verán*.

1.2.5.4. Os últimos textos: *Deus sentado nun sillón azul*, *O sol do verán*.

1.2.6. Xohana Torres: *Adiós, María*.

1.2.7. Outros autores.

2. De 1975 á actualidade.

2.1. Os novos xéneros e modalidades narrativas.

2.2. As principais figuras literarias e os seus textos.

2.2.1. Xavier Alcalá.

2.2.2. Alfredo Conde.

2.2.3. Víctor Fernández Freixanes.

2.2.4. Darío Xohán Cabana.

2.2.5. Manolo Rivas.

2.2.6. Suso de Toro.

2.2.7. Xosé Carlos Caneiro.

3. O ensaio.

Despois dos logros acadados polos homes de “Nós” no cultivo da prosa literaria e no seu camiñar cara á novela moderna, e trala sublevación militar, a guerra e o exilio, Galicia quedou, como sinalamos no tema precedente, sumida nun profundo silencio, só roto por algúñ texto en verso publicado illadamente, e por *Cómaros verdes*, de Iglesia Alvariño, que viu a luz en 1947. O espertar da prosa tamén chegou de vagar: a primeira novela da posguerra é *A xente da Barreira*, publicada por Ricardo Carballo Calero en 1951, pouco despois da fundación de Galaxia, magna empresa que, como vimos, vai ter un papel sobranceiro no impulso e revitalización da literatura galega. A partir deste momento encontramos escribindo un conxunto de autores de non doado estudio, en primeiro lugar, polas condicións de produción dos textos; en segundo lugar, porque, con frecuencia, hai un longo hiato temporal entre o momento de elaboración do texto e a súa publicación, e, finalmente, porque, cando o discurso literario comeza a organizarse trala primeira posguerra, participan un conxunto de autores de non fácil adscrición ou estudio conxunto. Por razóns de claridade seguiremos a catalogación que vén ofrecendo a crítica especializada, distingindo entre, por un lado, as grandes individualidades e, por outro, os autores susceptibles de encadrarse en grupos que comparten algunha afinidade.

Comezando polas individualidades, grandes autores que escapan a calquera tipo de adscrición a un grupo concreto, estudiaremos a obra de Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole, a do ourensán Eduardo Blanco-Amor, os textos de Xosé Neira Vilas e, finalmente, as dúas novelas que Ricardo Carballo Calero achegou ó patrimonio narrativo galego.

Ademais da novela coa que se rompe o longo silencio da posguerra española, *A xente da Barreira*, escribiu Carballo unha ambiciosa novela de corte autobiográfico e de gran complexidade estructural, na que se encarna un personaxe, el mesmo, desdobrado entre os soños e a realidade: *Scórpio* (1987).

O mindoniense Álvaro Cunqueiro chegou serodiamente á escrita en prosa, despois de cultivar, como se estudiou no tema correspondente, unha rica produción poética. Con *Merlín e familia* (1955) inicia a súa andaina como narrador, que estará adobiada pola fantasía, polo humor, polo lirismo, pola mestura do soño e da realidade, pola sabia convención de elementos exóticos e populares. E comeza Cunqueiro a súa produción cun tema tomado dunha tradición de longa e productiva presencia na literatura galega, a materia de Bretaña, que lle dá pé para elaborar unha serie de aventuras nas que os elementos fantásticos e marabillosos van da man, inscritos nun audaz realismo, e que

están impregnadas pola capacidade de ensoñación e pola melancolía, que, como veremos, serán unha constante da obra cunqueiriana.

En efecto, é no soño, na capacidade de ilusionarse, no que reside a vida do home, que se apaga, que perde a súa condición humana, aínda que siga vivo, cando se apaga a súa capacidade de soñar. Tal cousa é a que lle acontece a Sinbad, considerado pola crítica como a máxima creación de Cunqueiro e protagonista de *Si o vello Sinbad volvese ás illas* (1961).

En base a pequenas unidades narrativas constrúe Cunqueiro a que foi a súa segunda novela, *As crónicas do Sochartre* (1956), unha mestura de realidade verificable e realidade das ensoñacións que describe as extrañas peripecias do sochartre de Pontivy ó longo dunha viaxe en carroza na compañía duns mortos. Se a delicadeza sinestésica e o lirismo caracterizaba os dous textos que describimos nas liñas anteriores, agora o ton é distinto, comezado pola localización do relato, nunha xeografía bretemosa e cha no tempo da Revolución Francesa, e seguindo pola dimensión escatolóxica que presenta a obra, ausente nas narracións precedentes.

Da boa man de Cunqueiro para a semblanza e a anécdota, para a peza curta, dan conta *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes*, textos nos que retrata toda unha galería de tipos do país. Finalmente, en *Tesouros novos e vellos* foca un dos seus temas favoritos, o dos tesouros encantados, de fonda raizame popular.

Ánxel Fole, pola súa parte, entronca coa tradición do relato curto, cultivado xa en períodos anteriores da literatura galega con excepcional fortuna (pensemós, por exemplo, en Dieste). En Fole conxúgase un xeito de narrar profundamente popular e folclórico cunha inventiva que transloce unha componente culta, de boas e profundas lecturas do tema, particularmente de Poe.

Nas terras do Courel e do Incio, espacios enxebres, pertencentes á Galicia de costumes más enraizados e ancestrais, na que se custodian máxicas cosmovisións, desenvolve os relatos de *Á lus do Candil* e de *Terra Brava*, nos que, con técnicas realistas, moi próximas ás do narrar popular, desenvolve os medos, as premonicións, as supersticións, a vida, nunha palabra, daquelas xentes e terras. Xa en *Contos da néboa*, por fin, os relatos mudan lixeiramente de ton, achegándose a escenarios urbanos.

Tras escribir en castelán textos da importancia de *La catedral y el niño* ou *Los miedos*, e tras ensaiar a escrita en galego nun texto descoñecido ata hai pouco, *Os nonnatos* (1927), e nunha novela que non chegou a ver a luz na súa totalidade no momento da súa escrita, *A escadeira de Jacob*, Blanco-Amor inmortaliza Auria, o seu

Ourense natal, en dúas maxistrais novelas en galego, *A esmorga* (1959) e *Xente ao lonxe* (1972, censurada; en edición completa en 19769). Nesta última relata a vida do Ourense de comezos de século baseándose nas técnicas do multiperpectivismo e valéndose, así mesmo, da iniciación vital do seu protagonista, Suso. En *A esmorga*, servíndose dunha económica técnica narrativa (telefónica), desenvolve a traxedia de Cibrán, marcado, se cadra, polo seu estrato social, nos arrabaldes de Auria, nun tempo concentrado ó máximo e nunha ambientación, marcada pola chuvia e polo frío, que só pode culminar na morte do protagonista, impotente ante unha realidade que o envolve e á que non é capaz de facer fronte. Tamén en Ourense está ambientada a súa colección de relatos *Os biosbardos*, textos protagonizados por nenos nos que Blanco-Amor consegue darnos unha visión fondamente lírica, pero escasamente idílica, da infancia e da iniciación á vida adulta.

Xosé Neira Vilas, prolífico narrador, é, sobre todo, o autor de *Memorias dun neno labrego* (1961), a obra máis lida da historia da literatura galega. Neste texto, a través da visión dun neno, Balbino, e das súas vivencias, desenvólvese unha implacable crítica da sociedade adulta e da prostración e abandono do medio rural, irremediablemente abocado á emigración. O tema será recorrente en obras posteriores; non en van, o mundo rural e a emigración son dúas constantes da produción do autor: volverémolos encontrar en *Cartas a Lelo* (1971) e en *Aqueles anos do Moncho* (1977), que constitúen un ciclo dedicado ó neno rural e á realidade, durísima, do agro galego, temas que tamén están presentes en *Querido Tomás* (1980) e nas coleccións de relatos *Xente no rodicio* (1965) e *A muller de ferro* (1969).

